




Estratexia
de Desenvolvemento
Local Participativo



Ría de Pontevedra

Patrimonio Sector
pesqueiro Dixitalización
Ecoloxía Resiliencia
Emprego Inclusión
Alimentos saudables



Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro



Documento aprobado en Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra celebrada en Marín, na data 14 de setembro de 2022 e ratificada en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Marín, na data de 21 de setembro de 2022.

Versión do documento: 4/2022. Fecha de revisión: 23/12/2022



Índice

1.	Identificación do GALP e da zona pesqueira	5
2.	O deseño da EDLP.....	7
2.1	Valoración da aplicación da EDLP 2016-2022.....	7
2.2	Elaboración da EDLP	8
3.	A zona pesqueira	16
3.1	Descrición da zona pesqueira: coherencia funcional do territorio	16
3.2	Necesidades e potencial da zona pesqueira.....	18
4.	Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional.....	28
4.1.	Coherencia co Pacto Verde Europeo	28
4.2.	Coherencia coa Economía Azul Sostible	29
4.3.	Coherencia coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible	30
4.4.	Coherencia co DLP do Programa do FEMPA España.....	30
4.5.	Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais.....	32
5.	Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia	33
6.	Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia: obxectivos e actuacións	36
6.1	Misión, visión e valores da organización	36
6.2	Plan de acción. Obxectivos da estratexia.....	38
6.3	Plan de acción: Indicadores e metas	41
6.4	Programa de actuacións	44
6.5	Indicadores comúns de resultados FEMPA.....	95
6.6	Análise da pertinencia da estratexia	95
7.	Normas para a xestión da EDLP.....	99
7.1	Límites de axuda pública	99
7.2	Criterios e procedementos de selección dos proxectos	100
7.2.1	Requisitos de admisibilidade de solicitudes	100
7.2.2	Requisitos de elixibilidade dos proxectos.....	100
7.2.3	Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP	102
7.2.4	Procedemento de selección	115
8.	Plan financeiro.....	119
9.	O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP).....	122
9.1	A asociación.....	122
9.2	Relación de entidades socias.....	124

9.3	Representación da entidade: órganos sociais	128
9.4	Capacidade do grupo.....	130
9.4.1	Experiencia do GALP na xestión	130
9.4.2	Recursos do GALP para a xestión do programa	131
9.5	Procedementos de traballo e toma de decisións	135
10.	Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.....	143
11.	Plan de animación na aplicación da EDLP	146
12.	Comunicación	150
13.	Seguimento e avaliación.....	153
13.1	Plan de seguimento e avaliación continua	153
13.2	Indicadores de avaliación	156

1. Identificación do GALP e da zona pesqueira

Datos do Grupo de acción local do Sector Pesqueiro	
Denominación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra
Razón Social	GALP Ría de Pontevedra
NIF	G36593606
Domicilio social	Departamento de exportadores 14. Lonxa de Marín. Porto de Marín. CP 36900 Marín. Pontevedra
Enderezo electrónico	galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal
Teléfono	886 213 015 / 698 180 887
Web	https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra http://www.galpriadepontevedra.org/
RRSS	https://www.facebook.com/gac.riadepontevedra https://www.instagram.com/galpriadepontevedra/ https://www.linkedin.com/company/galpriadepontevedra/ https://www.youtube.com/channel/UC0wniYYkrQhVPAKkDOLnepA

O ámbito de aplicación da EDLP abrangue aos seguintes concellos

Relación de concellos que forman parte do GALP
Bueu
Marín
Meaño
Poio
Pontevedra
Sanxenxo




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR



Cofinanciado por la Unión Europea

Imaxe 1. Mapa de concellos do GALP Ría de Pontevedra e mapa de situación en Galicia.



2. O deseño da EDLP

2.1 Valoración da aplicación da EDLP 2016-2022

A valoración da aplicación da EDLP (2016 – 2020, extendido ata 2022) é moi positiva. O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra acadou un coñecemento moito máis amplo na poboación obxectivo. O esforzo realizado polo Grupo por conseguir unha comunicación eficaz foi efectivo e, actualmente, o GALP é considerado como unha entidade de referencia en materia de desenvolvemento económico e dinamización social. Ao principio do período de referencia, a difusión realizouse eminentemente en prensa, mentres que nos últimos anos (cun menor orzamento de gastos de dinamización) a comunicación concentrouse na actividade en liña. Esta situación supuxo un amplo nivel de seguimento en redes sociais, acadando unha boa distribución das novidades do GALP e das convocatorias do programa de axudas. O apoio das entidades do territorio, ben sexan socias ou non - entidades financeiras e xestorías administrativas -, facilitou o achegamento dos fondos á sociedade.

No aspecto económico, o GALP Ría de Pontevedra conseguiu o compromiso íntegro dos fondos da EDLP no que respecta ao orzamento dispoñible para proxectos. Sen dúbida, o obxectivo estratéxico de diversificación, esgotado á metade do período, foi o de maior tirón e cunha porcentaxe máis alta de investimento produtivo. Neste sentido, o territorio conta con capacidade para continuar coa execución destes fondos, xa que na actividade diaria do GALP recíbense consultas de persoas promotoras para informarse sobre o programa de axudas.

Os fondos dedicados ao sector pesqueiro superaron amplamente aos do período FEP. O sector pesqueiro, ademais, presentou proxectos vinculados ao obxectivo de valor engadido, e tamén aos relativos á diversificación, ao medio ambiente e á gobernanza. No que se refire ao obxectivo estratéxico relativo ao aumento do valor engadido, acadouse unha porcentaxe de execución superior ao 96% (considerando a execución íntegra dos fondos comprometidos no 2022).

No que se refire ao aspecto ambiental, hai que dicir que a sostibilidade resultou inspiradora na visión e misión da EDLP deste período 2016-2021. Os avances conseguidos nesta materia ao longo do período e os proxectos realizados ao abeiro deste obxectivo estratéxico supuxeron unha execución superior ao 90%.

A sobre execución do obxectivo estratéxico de diversificación supuxo unha adaptación á baixa nos obxectivos de gobernanza e patrimonio que, porén non deixaron de ser relevantes para o territorio. O número de proxectos executados de patrimonio foi elevado (10) entre os que se contabilizan tanto proxectos produtivos coma non produtivos,. Así e todo, a porcentaxe de execución no obxectivo de patrimonio acadou case o 75%, e o de gobernanza superou o 80%.

É importante resaltar que se acadou un reparto axeitado entre proxectos produtivos e non produtivos entre os 84 proxectos apoiados polo GALP neste período, dedicándose aos produtivos o 68% do importe total do programa de axudas.

En canto aos indicadores, todos superaron amplamente a previsión inicial da EDLP. O número de solicitudes presentadas ao conxunto de convocatorias entre o ano 2016 e o 2022 ascendeu a 251 proxectos, dos que máis do 34% foron propostos polo sector pesqueiro.

Os empregos creados ascenderon a máis de 40 postos de traballo dos que o 35% corresponden a emprego feminino. Os postos de traballo consolidados ascenden a case 200. O GALP Ría de Pontevedra apoiou a xeración de 27 novos negocios.

O papel das mulleres foi relevante na promoción de proxectos, xa que promoveron máis de vinte iniciativas, e sete proxectos foron promovidos por persoas menores de 40 anos, consolidando ao GALP

Ría de Pontevedra como ferramenta de apoio á cohesión social e a igualdade de oportunidades. Dos proxectos executados, 56 operacións tiveron vinculación co crecemento azul, e 8 delas estiveron relacionadas con procedementos de adaptación ou mitigación do cambio climático.

O período 2016 – 2022 supuxo a consolidación do GALP Ría de Pontevedra no territorio. Mediante o apoio ás diversas iniciativas presentadas ao longo do período, os fondos promoveron o desenvolvemento local do territorio, mellorando a súa sostibilidade e resiliencia.

2.2 Elaboración da EDLP

A elaboración da EDLP sustentouse na metodoloxía do Desenvolvemento Local Participativo, que contempla como elemento central a participación activa das entidades e da cidadanía da zona pesqueira.

Este procedemento participativo vai acompañado dunha reflexión sobre o territorio en termos de investigación e tratamento de dato de forma que, a elaboración da EDLP contemplou unha dobre vertente metodolóxica, empregando distintas técnicas complementarias para integrar as realidades diversas que conviven no territorio. Deste xeito, ao longo do proceso de elaboración da EDLP aplicáronse:


- Metodoloxías de investigación cuantitativas e cualitativas, orientadas ao tratamento de datos secundarios extraídos de diversas fontes públicas, así como á recollida de visións, necesidades e propostas das entidades da zona costeira.
- Metodoloxías participativas, estruturadas a través de dinámicas aglutinadoras das achegas de entidades e da cidadanía, xunto coas propostas realizadas dende a perspectiva técnica.

Esta participación comunitaria responde ao enfoque “*abaixo-arriba*” que caracteriza ao desenvolvemento local participativo e que sitúa ao tecido social, en representación dos intereses locais, no papel protagonista. A implicación de diversas entidades na elaboración da EDLP garante unha visión ampla sobre as necesidades e as potencialidades do territorio, obtendo como resultado unha EDLP integrada da zona costeira.

Realizáronse unha serie de accións preparatorias para a ordenación do proceso:

- Xerouse o grupo coordinador, integrado pola xerencia e a Xunta Directiva do GALP, asignando responsabilidades e establecendo un calendario para o proceso.
- Identificáronse grupos de participación preferentes aos que involucrar no proceso, contemplando ao sector científico/técnico para analizar a viabilidade dos contidos. Procurouse unha participación equilibrada entre as diferentes forzas e sectores sociais.
- Planificouse a estrutura de traballo a través de distintos espazos de participación (xuntanzas presenciais e virtuais, entrevistas con axentes do territorio, formulario en liña de achegas, grupos de contraste – interno e externo - e consulta pública).
- Deseñouse unha identidade corporativa baixo o lema “Mar Aberto”, como parte do Plan de comunicación realizado para conseguir unha difusión axeitada dos espazos de participación abertos para a elaboración da EDLP e dar a coñecer os seus contidos.

Imaxe 2. Accións preparatorias.



Fases desvoltas na elaboración da EDLP

O proceso de elaboración da EDLP ordenouse a través de fases definidas, con obxectivos específicos e resultados esperados. As fases que vertebraron o proceso de elaboración da EDLP foron os seguintes:

- **Fase de elaboración da diagnose:** os contidos que compoñen a diagnose parten da análise de datos secundarios da zona pesqueira, complementados mediante as percepcións sobre o territorio das persoas e entidades implicadas nos espazos presenciais e virtuais.

Empregando a técnica do world-café, as persoas asistentes realizaron achegas en distintos ámbitos: sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro; diversificación e desenvolvemento azul sostible; patrimonio medioambiental e cultural pesqueiro, e ámbito social. Así mesmo, desenvóléronse mesas de diagnose sobre aspectos transversais á EDLP: mocidade, igualdade de xénero e inclusión.

A metodoloxía do world-café replicouse nas xuntanzas virtuais, dirixidas especialmente ao persoal técnico das confrarías e ao sector público.

O resultado desta fase é a obtención dunha análise do territorio, presentado nun DAFO que recolle as principais necesidades.

- **Fase de definición do plan de acción:** realizouse unha xuntanza presencial ordenada en mesas temáticas e plenario, complementada por unha xuntanza virtual de carácter técnico.


As temáticas abordadas na diagnose e as necesidades identificadas na fase anterior ordenaron os ámbitos sobre os que se traballou nesta fase, achegando as propostas recollidas no Plan de acción. Ademais, tivéronse en conta os obxectivos fixados nas bases reguladoras para a selección de estratexias e grupos de acción local do sector pesqueiro.

- **Fase de contraste:** realizáronse reunións conxuntas – presenciais e telemáticas - entre GALP de distintos territorios, para cooperar na definición das disposicións de xestión, dos criterios de selección de operacións, do plan de cooperación, das medidas de RSC e das directrices para o seguimento e a avaliación da EDLP. Desta forma darase unha maior coherencia aos aspectos comúns no novo período.

Ademais, desenvolveus un segundo grupo de contraste local co Equipo Antena formado por técnicos municipais dos concellos que forman parte do Grupo.

- **Fase final:** o documento da EDLP foi publicado para a súa revisión e sometido a consulta pública. Unha vez incorporadas as últimas achegas, a EDLP presentouse á Xunta Directiva e a Asemblea Xeral para a súa aprobación polos órganos de goberno e social do Grupo de Acción Local do Sector da Ría de Pontevedra.

Imaxe 3. Fluxograma do proceso de elaboración da EDLP.



Espazos de participación na elaboración da EDLP

Os espazos de participación organizados para a elaboración da EDLP poden agruparse en diferentes categorías:

- Cuestionario online e caixa de correo para a presentación de achegas
- Reunións abertas á cidadanía que sustentan o procedemento de participación e recollen as súas achegas.
- Reunións virtuais de carácter técnico
- Entrevistas individuais/grupais a persoas representativas do tecido asociativo.
- Reunións dos órganos sociais do GALP Ría de Pontevedra: Xunta Directiva e Asembleas
- Exposición Pública.

O cuestionario online achegou a opinión anónima de preto de medio centenar de persoas no relativo a cuestións como a avaliación do período FEMP ou a importancia comparativa entre diferentes ámbitos de actuación, resultando a unanimidade na valoración máis elevada no que respecta a preservación ambiental do medio mariño e costeiro e a loita contra o cambio climático. Tamén a aposta polo produto pesqueiro de proximidade e saudable concentra un amplo consenso respecto da súa importancia e o mesmo sucede no que respecta ao fomento da gobernanza e a cooperación entre institucións.

As reunións presenciais abriron a discusión sobre a diagnose do territorio e as accións necesarias para acadar a visión a medio e longo prazo que se desexa do mesmo. As achegas recollidas foron obxecto de análise e complementáronse nos debates técnicos realizados de forma telemática. A coincidencia destas reunións co período vacacional mermou a participación aínda que sempre se acadou a masa crítica necesaria para levar adiante un proceso integrador de diferentes opinións coas achegas de asistencia técnica do sector pesqueiro e técnicos municipais, maioritariamente.

Táboa 1. Espazos de participación na elaboración da EDLP.

Tipo de acción	Lugar e data de celebración	Promotor	Método de difusión	Participantes		
				M	H	Total
Reunión presencial de diagnose	Bueu 20/07/2022	GALP Ría de Pontevedra	Mailing Redes sociais Telefónico e presencial	22	17	39
Reunión virtual de diagnose	En liña 28/07/2022	GALP Ría de Pontevedra	Mailing Redes sociais Telefónico e presencial	4	3	7
Reunión presencial Plan de Acción	Raxó - Poio 25/08/2022	GALP Ría de Pontevedra	Mailing Redes sociais Telefónico e presencial	12	15	27

Tipo de acción	Lugar e data de celebración	Promotor	Método de difusión	Participantes		
				M	H	Total
Reunión virtual Plan de Acción	En liña 01/09/2022	GALP Ría de Pontevedra	Mailing Redes sociais Telefónico e presencial	13	13	26

Estas reunións complementáronse con entrevistas a axentes implicados no desenvolvemento territorial dende diferentes ámbitos, ben por resultar difícil a súa participación no espazo grupal das reunións territoriais – de novo o período vacacional fixo difícil a participación - ou ben na procura de puntos de vista de actores expertos en sectores e temáticas prioritarias.

Táboa 2. Entrevistas na elaboración da EDLP.

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Entrevista Club Mariño A Reibo	Sede GALP 27/07/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a súa perspectiva específica.	0	1	1
Entrevista: Concello de Poio	Museo Colón, 2/08/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a súa perspectiva específica.	2	1	3
Entrevista: Concello de Meaño	Meaño 3/08/2022		0	1	1
Entrevista: Concello de Pontevedra	Pontevedra 4/08/2022		1	1	2
Entrevista: Artesa Rías baixas	Marín 4/08/2022		1	1	2
Entrevista: Turismo de Sanxenxo	Sanxenxo 5/08/2022		1	0	1
Grupo estratéxico: mulleres	Poio - Raxó 25/08/2022		13	0	13
Entrevista: Confraría Portonovo	Portonovo 29/08/2022	2	1	3	

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Entrevista: Concello de Marín	Marín 30/08/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a súa perspectiva específica.	1	1	2
Entrevista: Confraría de Bueu	Bueu 31/08/2022		1	2	3
Entrevista: Entidades Concello de Poio	Poio 31/08/2022		3	2	5
Grupo estratéxico: mocidade	Marín 5/09/2022		3	9	12
Entrevista Concello de Bueu	Bueu, 7/09/2022		1	1	2
Grupo estratéxico inclusión	Pontevedra 7/09/2022		3	0	3
Entrevista: Confrarías Fondo de Ría	Sede GALP 08/09/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a súa perspectiva específica.	3	1	4
Entrevista grupal: Náutica- Deportiva	Portonovo 10/09/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a súa perspectiva específica: deportes e mar na EDLP	1	7	8
Grupos de Desenvolve- mento Rural	Pontevedra13 /09/2022	Complementariedade cos GDR e cooperación	2	1	3
Grupo estratéxico Sector Público	Illa de Tambo, 16/09/2022	Cooperación na EDLP	22	15	37

Os grupos de contraste estiveron en funcionamento en todo o proceso de elaboración da EDLP, tanto a nivel local como en colaboración con outros grupos de Galicia.

Táboa 3. Espazos de participación na elaboración da EDLP: traballo colaborativo.

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Grupo de traballo colaborativo	Santiago 06/07/2022	Programar a cooperación	6	2	8
Grupo de traballo colaborativo	Santiago 06/09/2022	Programar a cooperación	5	2	7
Reunións virtuais	En liña 07-08-09/2022	Definir propostas de xestión conxunta entre os GALP	6	2	8
Grupo Antena	Marín 09/09/2022	Propostas de xestión da EdLP	4	1	5

Finalmente, merece un tratamento especial as reunións dos órganos sociais do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra aos que corresponden a toma de decisións, nun primeiro intre para o inicio do procedemento de presentación da candidatura e, ao final do proceso para a aprobación do documento estratéxico elaborado dende o enfoque abaixo – arriba.

Táboa 4. Reunións de órganos sociais do GALP.

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Xunta Directiva	Marín, 17/03/2022	Información sobre o novo período do FEMPA e necesidade de concorrer a unha nova convocatoria de selección de GALPs en Galicia	3	5	8
Asemblea Xeral	Meaño 13/05/2022	Aprobación presentación candidatura novo período	9	17	26
Xunta Directiva	Marín 7/06/2022	Acordo de presentación de candidatura ao abeiro da Orde do 10 de maio	4	6	10
Xunta Directiva	Marín 5/07/2022	Aprobación do plan de participación	4	7	11
Xunta Directiva	Poio -Raxó 25/08/2022	Validación de avances na elaboración EDLP, peche do calendario de elaboración EDLP	3	6	9
Xunta Directiva	Marín 14/09/2022	Aprobación EDLP	3	7	10
Asemblea Xeral	Marín, 21 de setembro	Ratificación da aprobación da EDLP	8	13	21

3. A zona pesqueira

Caracterización da zona pesqueira	
Nº de habitantes na zona pesqueira ¹	77.279
Superficie da zona en Km ²	292,75
Densidade de poboación (persoas/ Km ²)	471,93
Evolución da poboación (1999-2021)	12.167
Índice de envellecemento	129
Renda per cápita	18.213
Paro rexistrado	9,62% ²
Afiliados ao sector pesqueiro en relación coa poboación ocupada (CNAE 0311 e 0321) ³ .	3,75%
Nº empresas do sector pesqueiro ⁴	268
Número de persoas afiliadas ao sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura (CNAE 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723) ⁵ en relación ao número total de afiliacións na zona	6,27%

3.1 Descrición da zona pesqueira: coherencia funcional do territorio

O territorio que abrangue o GALP Ría de Pontevedra comprende seis concellos da Ría e a súa área de influencia con saída ao mar: Sanxenxo, Meaño, Poio, Pontevedra, Marín e Bueu. Seguindo a liña de costa, o istmo da Lanzada marca o extremo norte da zona costeira que percórrese rodeando a ría de Pontevedra ata o extremo sur, marcado por Cabo Udra. Encadrada no medio da Ría de Pontevedra atópase a Illa de Tambo e protexéndoa da influencia oceánica as illas de Ons e Onceta. Os Concellos de Sanxenxo e Meaño teñen dobre vertente cara as Rías de Pontevedra e Arousa.

A zona costeira é rica en espazos naturais protexidos. A Rede Natura 2000 recoñece varias Zonas de Especial Conservación (ZEC) situadas na Ría de Pontevedra: no extremo oriental da ría desemboca o río Lérez; no extremo sur atópase Cabo Udra, e na boca da Ría se sitúan as illas de Ons e Onceta, pertencentes ao Parque Nacional Marítimo – Terrestre Illas Atlánticas de Galicia, e catalogadas tamén como Zona de Especial Protección de Aves.

¹ Neste cálculo inclúese a poboación do concello de Pontevedra vinculada ao sector pesqueiro.

² Dato para o ano 2021. Porcentaxe na zona costeira, sendo en Galicia do 9,80%:

³ Códigos CNAE (0311: pesca mariña, 0321: acuicultura mariña)

⁴ Códigos CNAE: (1021, 1022, 4638, 4723)

⁵ Códigos CNAE (0311: pesca mariña; 0321: acuicultura mariña; 1021: Procesado de pescados, crustáceos e moluscos; 1022: Fabricación de conservas de pescado; 4638: Comercio al por mayor de pescados y mariscos y otros productos alimenticios; 4723: Comercio al por menor de pescados y mariscos en establecimientos especializados).

Os concellos inseridos no territorio pertencente ao GALP Ría de Pontevedra están condicionados pola cidade de Pontevedra, capital da provincia, que funciona como núcleo poboacional e administrativo, no que se concentran os servizos e o tecido comercial. As vilas arredor da ría, con menor poboación, desenvolven a súa economía arredor de actividades relacionadas co sector pesqueiro e o turismo. O 100% do territorio deste GALP é de tipo intermedio, con densidades de poboación altas. Nesta zona costeira viven preto de 160.000 persoas.

Pontevedra é un dos puntos que vertebran o Eixo Atlántico, que conecta o territorio galego de norte a sur e que facilita o transporte por vías de comunicación de gran capacidade. A autovía PO-11 conecta Pontevedra con Marín, asegurando unha vía axeitada para o transporte de mercancías xeradas polo Porto de Marín, e ten continuidade cara Bueu pola VG 4.4. A nivel interno, a rede viaria a través da liña de costa entre os concellos permite a conexión entre as vilas a pé de mar, favorecendo a cohesión da poboación e os fluxos económicos internos. Esta rede copletase coa devandita VG 4.4 e a VG 4.1 que artella a beira norte da Ría dende Meaño cara Sanxenxo.

Cada unha das beiras da Ría ten a súa entidade comarcal que se articulan no punto central da capital de Provincia. Así estruturado o territorio, a comarca de Pontevedra aporta un 4,5% de achega ao PIB de Galicia, a do Salnés un 3,3 e a do Morrazo un 2,1. Estas 3 comarcas sitúanse entre as dez de Galicia con maior PIB (datos de 2018). O ecosistema empresarial do territorio e a existencia de empresas locais, sustentan unha especialización produtiva heteroxénea e complementaria, que abarca dende a industria agroalimentaria ou a fabricación de material de transporte, ata a industria da madeira e papel.

Mais a relevancia do sector primario é patente no territorio do GALP Ría de Pontevedra. Como se reflicte no Anexo 1 deste documento, en 2021, o 4,58% das afiliacións totais corresponden ao sector primario, e delas, o 81,78% son persoas afiliadas ao réxime da pesca mariña ou acuicultura. Un dos criterios que dan coherencia funcional ao GALP Ría de Pontevedra é a presenza no Grupo de confrarías que xestinan conxuntamente os recursos pesqueiros e marisqueiros da Ría mediante Plans de Explotación Conxuntos, reflectidos no Plan Xeral de explotación marisqueira 2021-2023. Bueu, Portonovo e Aldán-Hío; e Pontevedra, Lourizán, Raxó e Marín teñen un plan conxunto para as embarcacións; así como Pontevedra, Lourizán e Raxó comparten o plan que ordena o marisqueo a pé.

A zona norte da Ría de Pontevedra é un dos territorios con maior desenvolvemento turístico das Rías Baixas, con Sanxenxo como máximo expoñente. A restauración e hostalería son os sectores nos que se produce maior desenvolvemento económico. A transformación urbana desta vila, xunto con Portonovo, Dena e Combarro, da conta da reorientación socio económica da poboación cara ao turismo procedente da península en explotacións hostaleiras familiares. Porén, Combarro pervive como vila vinculada á actividade pesqueira e constitúe un expoñente arquitectónico que mestura o mundo rural e o mariñeiro ademais de estar catalogada como Conxunto histórico dende 1972. Na beira sur da ría, Marín, Loira, Bueu e Beluso son tamén claros exemplos de vilas mariñeiras con diferente entidade.

No seu conxuno o territorio do GALP Ría de Pontevedra conta con elementos que conforman a súa identidade propia, marcadas pola tradición mariñeira.

3.2 Necesidades e potencial da zona pesqueira

Táboa 5. Análise DAFO

DEBILIDADES	AMEAZAS
SOSTIBILIDADE	
<p>Conservación dos recursos e do medio</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de implicación, por parte da sociedade en xeral, no coidado e preservación do medio mariño. 2. Presenza no ámbito litoral (paseos marítimos, areas...) de papeleiras ou colectores abertos, así como un mal uso dos mesmos, que favorece a chegada de lixo ás zonas litorais e ao medio mariño (vento, aves, etc. que contribúen ao espallamento do lixo). 3. Existen lugares de importancia ambiental costeira onde se almacenan lixo e refugallos que afectan aos recursos pesqueiros. 4. Alta presión humana que provoca alteracións das condicións naturais, especialmente, nos espazos máis sensibles. 5. Desaproveitamento dalgúns bancos marisqueiros. <p>Patrimonio cultural</p> <ol style="list-style-type: none"> 6. Determinados elementos patrimoniais aínda seguen pendentes de poñerse en valor (restaurar, rehabilitar e explotar). Algúns exemplos, son: Ostreira do Mosteiro de Tambo, Ostreira da Seca en Poio, Museo Estaleiro de Purro, Salgadura , etc. Tamén o patrimonio inmaterial das comunidades costeiras, alfabetización oceánica da UNESCO. 7. Existencia de importante patrimonio e acervo cultural vencellado ao sector pesqueiro mal conservado e sen poñer en valor. 8. Descoñecemento do patrimonio inmaterial vinculado ao medio mariño pola cidadanía. <p>Diversificación</p> <ol style="list-style-type: none"> 9. Baixo emprendemento na diversificación de actividades por parte do sector pesqueiro. 10. Pouco desenvolvemento e visibilidade de actividades de natureza e de turismo ecolóxico e sostible. 11. Pouco coñecemento do territorio das persoas que habitan na zona costeira. 12. Fragmentación do sector turístico composto de microempresas na súa meirande parte sen vinculación para conseguir un esforzo conxunto na xeración dun destino turístico. <p>Economía circular</p> <ol style="list-style-type: none"> 13. Escaso desenvolvemento da economía circular no territorio costeiro. 	<p>Conservación dos recursos e do medio</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Perda de biodiversidade no medio mariño e litoral, moi intervido, ligada á contaminación, especialmente, con moito residuo plástico, especialmente, pero tamén pola presenza de contaminantes químicos e biolóxicos por contaminación de acuíferos, instalación de depuradoras, uso de antibióticos, abonos, etc. 2. Introducción de especies de flora e fauna alóctonas e invasoras no medio mariño e litoral. 3. Desatención das especies invasoras (flora) no litoral, en especial na zona de marisma e nos ecosistemas fluviais (parte intrínseca da paisaxe de rías). 4. Recheos e infraestruturas na zona costeira (construción e uso posterior) que teñen un impacto negativo nos recursos pesqueiros e na biodiversidade mariña. 5. Existencia na pesca de prácticas ilegais e furtivismo. 6. Impacto e falta de seguimento (comercialización) da pesca deportiva e de recreo nos recursos pesqueiros. <p>Patrimonio cultural</p> <ol style="list-style-type: none"> 7. A existencia de diferentes competencias e procedementos administrativos dificultan e frean a posta en valor do patrimonio mariño. 8. A masificación turística contribúe a alteración do patrimonio cultural e á perda de identidade cultural dos pobos mariñeiros. <p>Diversificación</p> <ol style="list-style-type: none"> 9. A diversificación de actividades non vinculadas á pesca e centradas no turismo de sol e praia pode supoñer unha desvirtuación dos pobos mariñeiros (paisaxe, modo de vida, etc.). 10. Unha presión turística moi alta sobre o medio pode supor unha perda de atractivo por falta de capacidade de acoillida das infraestruturas básicas e dos espazos carentes de regulación de uso. 11. As crises económicas ou as pandemias supoñen un duro golpe ao territorio dependente do turismo. <p>Economía circular</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>14. Falta de visibilización da importancia da economía circular no territorio e, en concreto, para o sector pesqueiro: refugallos, produto pesqueiro, etc.</p> <p>Participación, igualdade e cohesión social</p> <p>15. Falta de posicionamento social das confrarías e necesidade de reforzar o seu liderado.</p> <p>16. A participación e transferencia de coñecementos do ámbito científico cara o sector pesqueiro é baixa; tamén a relación e coordinación con outros sectores socioeconómicos.</p> <p>17. Existen colectivos profesionais, como as redeiras, que non están organizados no territorio; outros colectivos, como as pescantinas, teñen moitas dificultades para a participación activa nos foros e asembleas pola complexidade dos seus horarios laborais.</p> <p>18. Aínda falta un maior impulso da igualdade entre homes e mulleres no mundo do mar.</p> <p>19. Baixa integración das entidades de inclusión social en actividades relacionadas co mar e o sector pesqueiro.</p> <p>Remuda xeracional nas actividades marítimas</p> <p>20. Dificultades de dinamización para atraer á xente nova a involucrarse no sector pesqueiro e nas actividades pesqueiras.</p> <p>21. Falta de atractivo das actividades relacionados co mar para a mocidade, unido á falta de referencias sociais de éxito que xeren ese atractivo.</p> <p>22. Perda do coñecemento tradicional da actividade pesqueira e oficios relacionados por falta de remuda xeracional.</p> <p>23. Falta de profesionalización, dixitalización e aplicación de novas tecnoloxías no sector pesqueiro, que o fagan mais atractivo á mocidade.</p>	<p>12. Posibilidade de que se converta nunha tendencia sen planificación en función das necesidades do territorio.</p> <p>13. A distancia a centros de transformación e reciclaxe de residuos dificulta a valorización dos residuos.</p> <p>Participación, igualdade e cohesión social</p> <p>14. Falta de recoñecemento da labor das confrarías como axentes relevantes do sector pesqueiro por parte, especialmente, das políticas comunitarias.</p> <p>15. Risco da continuidade das confrarías ao dar preferencia as políticas comunitarias as OPPs.</p> <p>16. Frustración e descontento derivado do feito de que determinadas entidades (inclusión, ambientais, culturais,...) que atenden a colectivos recoñecidos no FEMPA non podan optar ás axudas por estar domiciliadas en zonas de alta densidade de poboación que quedan excluídas na Orde de selección de grupo, nas bases reguladoras publicadas.</p> <p>Remuda xeracional nas actividades marítimas</p> <p>17. Déficit da formación regrada para a capacitación das novas xeración no mundo do mar.</p> <p>18. Falta de promoción e prestixio social así como descoñecemento das profesións vinculadas ao sector pesqueiro por parte da mocidade.</p> <p>19. Déficit no impulso e promoción da formación profesional regrada e das certificacións profesionais existentes.</p>
TRANSICIÓN ECOLÓXICA	
<p>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)</p> <p>24. Descoñecemento do que supón todo o proceso de captura ou recolección (o custo, e esforzo) do produto pesqueiro até que chega ao seu consumo.</p> <p>25. O produto local pesqueiro non está consolidado na proposta da hostalaría-restauración do territorio.</p> <p>Cambio climático</p> <p>26. Baixo coñecemento do impacto do cambio climático nos recursos pesqueiros e na biodiversidade mariña.</p>	<p>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)</p> <p>20. O produto local do mar acaba sendo prexudicado pola falta de trazabilidade ata o consumidor final, ao que non chega a información sobre a orixe local do produto. Esta confusión co produto importado, con maior pegada ecolóxica entre outros inconvenientes, prexudica ao produtor local xa que o seu produto ten mellor aceptación no mercado.</p> <p>21. Cambios normativos e réxime de cotas que non son aceptados polo sector pesqueiro que os entende como unha ameaza para a súa actividade.</p> <p>Cambio climático</p> <p>22. Os recursos pesqueiros e a biodiversidade da ría estanse vendo afectadas polas consecuencias do cambio climático.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>Transición enerxética</p> <p>27. Ao día de hoxe o uso de combustibles fósiles na actividade pesqueira é elevado, con altos custos e perda de competitividade.</p>	<p>23. O cambio climático está provocando cambios na contorna do medio mariño que pode estar producindo unha explotación inadecuada dos recursos.</p> <p>Transición enerxética</p> <p>24. Inseguridade ante a crise enerxética que se está dando no mundo.</p>
TRANSICIÓN DIXITAL	
<p>Transformación dixital</p> <p>28. Escasa aplicación de ferramentas dixitais no seguimento do produto pesqueiro local até o consumidor final.</p> <p>29. Descoñecemento e falta de información do sector pesqueiro con respecto ás posibilidades de uso e manexo das novas tecnoloxías e ferramentas dixitais.</p> <p>30. Reticencias do sector pesqueiro ao uso das novas tecnoloxías e aplicacións dixitais no traballo en algúns sectores.</p>	<p>Transformación dixital</p> <p>25. Dependencia de compoñentes tecnolóxicos e de empresas especializadas que poden condicionar a capacidade de desenvolvemento de calquera iniciativa local.</p>

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
SOSTIBILIDADE	
<p>Conservación dos recursos e do medio</p> <ol style="list-style-type: none"> O propio sector pesqueiro é o máis preocupado e interesado no coidado e preservación dos recursos pesqueiros e o medio mariño. O recurso pesqueiro está suxeito á aplicación dos plans de explotación, baseados na xestión sostible. Nas zonas costeiras onde se dá o marisqueo, preferentemente de mulleres, o medio está máis e mellor coidado. Existencia de hábitats costeiros de importancia para os recursos biolóxicos mariños e con alto valor ecolóxico. Presencia do Parque Nacional como axente de cambio cara a sostibilidade e exemplo de conservación para espazos de alto interese natural como a Illa de Tambo. <p>Patrimonio cultural</p> <ol style="list-style-type: none"> Todos os axentes sociais, económicos e institucionais consideran relevante o patrimonio marítimo-pesqueiro para o desenvolvemento da zona costeira. Existencia de patrimonio material (histórico, artístico, embarcacións tradicionais,...) e inmaterial relacionado co mar vinculado á tradición marítimo-pesqueira. Experiencias concretas promovidas polo GALP de xestión e posta en valor da cultura mariñeira (encontro de embarcacións tradicionais de Galicia, restauración e posta en valor de embarcacións tradicionais,...) que contribúen a fortalecer á comunidade que está volcada neste coidado. <p>Diversificación</p> <ol style="list-style-type: none"> Existencia de experiencias de diversificación no turismo mariñeiro e pesca turismo na Ría de Pontevedra. Entorno natural con espazos e recursos naturais de alto valor ecolóxico e recoñecemento internacional (Parque Nacional das Illas Atlánticas, Zonas ZEPA e ZEC,...) para desenvolver actividades de turismo na natureza, turismo mariñeiro, gastronómico e cultural. Existencia de portos deportivos, comerciais e pesqueiros con boas infraestruturas no territorio e importante desenvolvemento de industria auxiliar e da vinculada a deportes náuticos e actividades de ocio e natureza. Destino turístico consolidado con alta demanda, sobre todo en temporada estival. Existencia de capacidade de acollida nas infraestruturas e servizos turísticos de aloxamento e restauración. 	<p>Conservación dos recursos e do medio</p> <ol style="list-style-type: none"> Hai inquietude e colectivos sociais na zona costeira que promoven un coidado e posta en valor dos recursos naturais da Ría de Pontevedra. Proximidade de centros de investigación de relevancia dedicados ao estudo do medio mariño, así como a Universidade de Vigo, cunha marcada orientación cara o medio mariño, co Campus do Mar. Desenvolvemnto de proxectos de cooperación coma pescaconciencia que serve de referencia para o sector pesqueiro en posibles traballos futuros coa comunidade científica. <p>Patrimonio cultural</p> <ol style="list-style-type: none"> Elaboración e posta en marcha da Estratexia da Cultura Marítima de Galicia. Rico patrimonio, material e inmaterial, vinculado ao medio mariño no entorno da Ría de Pontevedra que permite xerar redes con outros territorios Proxectos de cooperación en col do patrimonio cultural desenvolvidos nesta liña de actuación coma o proxecto REMA nas súas diferentes formulacións ou fases que contribúen a xerar un importante tecido técnico e experiencias compartidas na promoción da cultura mariñeira. <p>Diversificación</p> <ol style="list-style-type: none"> Tendencia social ao disfrute de espazos abertos e achegamento ao medio natural. Sinexías coas Estratexias de sostibilidade turística en destino que están elaborando os Concellos do territorio que achegan novas iniciativas cara a sostibilidade sectorial. A desestacionalización turística ofrece moitas oportunidades para a xeración de maior actividade económica no territorio. <p>Economía circular</p> <ol style="list-style-type: none"> Acondicionamento de infraestruturas portuarias para posta en marcha de novas políticas e sistemas de recollida de residuos mariños. Aproveitamento e valorización dos residuos das industrias e actividades pesqueiras, acuícolas e marisqueiras. Existencia de programas da Consellería de Pesca (Mar Limpo) que promoven a economía circular. <p>Participación, igualdade e cohesión social</p> <ol style="list-style-type: none"> A participación e colaboración do ámbito científico-académico co sector pesqueiro é unha oportunidade para mellorar coñecementos.

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>14. Zona costeira con alto potencial para a xeración de oferta diversificada de actividades de lecer e con posibilidade de vincular a oferta costeira coa do medio rural (viños de calidade, horta, etc.).</p> <p>Economía circular</p> <p>15. Existencia de refugallos mariños e artes de pesca que necesitan un tratamento e aproveitamento.</p> <p>16. Dende o sector pesqueiro e colectivos de mulleres mariscadoras existe predisposición para establecer liñas de traballo para o aproveitamento de refugallos mariños.</p> <p>Participación, igualdade e cohesión social</p> <p>17. As confrarías e agrupacións de marisqueo son a referencia do sector pesqueiro na Ría de Pontevedra.</p> <p>18. Consolidación do tecido asociativo da muller no sector marisqueiro a través das agrupacións constituídas no seo das confrarías</p> <p>19. O sector pesqueiro é atractivo para a poboación migrante que é cada vez maior vinculada aos oficios da pesca.</p> <p>Remuda xeracional nas actividades marítimas</p> <p>20. Experiencias promovidas polo GALP de achegamento da mocidade ás actividades marítimo-pesqueiras.</p>	<p>14. Experiencias exitosas de cooperación entre sector pesqueiro e colectivos con diversidade funcional para levar adiante proxectos que melloran a cohesión social do territorio.</p> <p>Remuda xeracional nas actividades marítimas</p> <p>15. Proximidade con escolas marítimo-pesqueiras e de centros de investigación relacionados co mar.</p> <p>16. Visibilidade do proxecto Relevo 2 na promoción dos oficios mariñeiros en cooperación con outros territorios.</p>
TRANSICIÓN ECOLÓXICA	
<p>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)</p> <p>21. O produto do mar (asociado ao propio territorio) é de alta calidade, está ben valorado, e conta con selos de calidade como pescadeRías e pescaenverde e coa marca pescadoartesanal que identifica ás capturas das lonxas da Ría de Pontevedra</p> <p>22. O sector extractivo está moi diversificado en artes e conta cun forte sector marisqueiro.</p> <p>23. Sector empresarial potente no territorio dedicado a transformación e comercialización dos produtos do mar con experiencia en innovacións de presentacións no mercado.</p> <p>24. A actividade pesqueira artesanal produce alimentos sostibles e saudábeis, ao tempo que coida dos recursos e contribúe a súa conservación.</p> <p>Cambio climático</p> <p>25. O produto do mar conta cunha ecoetiqueta, pescaenverde, sobre o impacto ambiental do produto pesqueiro.</p>	<p>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)</p> <p>17. A figura do Parque Nacional das Illas Atlánticas para dotar ao produto pesqueiro capturado no seu ámbito territorial de máis valor e recoñecemento.</p> <p>18. É tendencia o consumo de produto de proximidade e da dieta atlántica baseada en grande medida nos produtos do mar.</p> <p>19. O recoñecemento polos consumidores dos produtos km cero como un identificador de produtos frescos e de calidade.</p> <p>20. Posibilidade de xeración de sinerxias con outras producións primarias do territorio na xeración de circuitos cortos de comercialización dirixidos ao consumidor cercano.</p> <p>Cambio climático</p> <p>21. O establecemento dun diálogo entre o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola co ámbito científico para contribuír ao estudo das afeccións derivadas do cambio climático sobre as especies explotables e promover a mellora no seu aproveitamento.</p>

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>Transición enerxética</p> <ul style="list-style-type: none"> 26. Boa infraestrutura de portos pesqueiros, lonxas, lugares de desembarque que pode facilitar un cambio cara a mellora enerxética. 27. Experiencias anteriores en diversos sectores de integración de enerxías renovables e preocupación social polo consumo enerxético. 	<ul style="list-style-type: none"> 22. Impulso desde o mundo académico e científico por levar a cabo estudos e investigacións que contribúan a un maior coñecemento dos impactos do cambio climático no medio e posibiliten a súa adaptación. <p>Transición enerxética</p> <ul style="list-style-type: none"> 23. Existe amplo marxe de melloras de eficiencia enerxética e modernización das infraestruturas, instalacións e equipamentos portuarios e das actividades pesqueiras, aproveitando as posibilidades que ofrecen as enerxías limpas e alternativas.
TRANSICIÓN DIXITAL	
<p>Transformación dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> 28. Proxectos de éxito desenvolto no territorio para unha xestión dos recursos pesqueiros máis eficiente (por exemplo, Xesmar), así como para a súa comercialización (pescadoartesanal.com)e marketplace Bueu. 	<p>Transformación dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> 24. Amplo marxe de innovación para a mellora dixital no sector pesqueiro e relacionados, propiciando investimentos que contribúan á súa mellora. 25. Gran avance tecnolóxico que posibilita o desenvolvemento de aplicacións para levar a cabo unha correcta trazabilidade dos produtos do mar, desde a súa captura ou recolección, pasando polas depuradoras, lonxas, mercados e puntos de venta ao consumidor final.

A continuación, resúmense as principais necesidades detectadas na zona costeira do ámbito de actuación do GALP Ría de Pontevedra.

Táboa 6. Necesidades da zona pesqueira.

NECESIDADES DA ZONA COSTEIRA

Conservación dos recursos e do medio

N1. Coidar os espazos litorais e mariños, sensibles na conservación dos recursos pesqueiros.

N2. Mantemento e recuperación da biodiversidade mariña, e seguimento das especies invasoras (flora e fauna).

N3. Seguimento e control da comercialización dos recursos pesqueiros para evitar prácticas non legais.

N4. Sensibilización social na preservación dos recursos promovendo actividades de inclusión social.

N5. Estudos científicos que leven a propostas de xestión dos recursos que garantan a súa conservación.

Patrimonio cultural

N6. Aior coñecemento do patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro.

N7. Inventariación, conservación, mellora e posta en valor dos recursos patrimoniais marítimo-pesqueiros como sinal de identidade do territorio e da cultura mariñeira.

N8. Cooperación, entendemento e facilitación das administracións públicas para a posta en valor do patrimonio cultural pesqueiro.

Diversificación

N9. Maior implicación do sector pesqueiro nas iniciativas de diversificación da zona costeira a partir da formación.

N10. Maior oferta de actividades de natureza relacionadas co mar na zona costeira e maior visibilidade destas.

N11. Visión conxunta de destino turístico marítimo-pesqueiro por parte dos operadores.

NECESIDADES DA ZONA COSTEIRA

N12. Maior vinculación da oferta turística coa esencia dos pobos mariñeiros.

N13. Desestacionalización da oferta turística do territorio a través da diversificación da oferta de actividades inclusivas, non só turísticas, senón culturais, patrimoniais, de ocio e lecer, etc.

Economía circular

N14. Dar a coñecer as posibilidades d desenvolvemento da economía circular no territorio costeiro, en especial para o sector pesqueiro: refugallos, produto pesqueiro, etc.

N15. Posta en marcha de iniciativas innovadoras de redución de plásticos, refugallo e de redución do desperdicio alimentario.

N16. Elaboración dunha estratexia de loita contra o lixo mariño no territorio que contribúa a sensibilización cidadá.

Participación, igualdade, cohesión social

N17. Maior recoñecemento do papel da confrarías, agrupacións e conxunto do sector pesqueiro no desenvolvemento do territorio costeiro.

N18. Máis participación e implicación nas confrarías de todos os perfís profesionais e persoas relacionadas co sector pesqueiro.

N19. Máis cooperación e promoción da participación e o asociacionismo en determinados perfís profesionais do sector pesqueiro, como redeiras, praceiras...

N20. Intensificar a relación entre o sector pesqueiro e o ámbito científico-académico, mellorando a colaboración bidireccional para favorecer unha retroalimentación positiva cara o sector pesqueiro dos resultados das investigacións desenvolvidas.

N21. Maior igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mundo do mar.

N22. Maior participación de todas entidades sociais do territorio (inclusión, ambientais, culturais,...) na promoción de iniciativas na zona costeira.

N23. Procura de novos mecanismos de participación apoiados nas novas tecnoloxías e mellora das canles de información ao sector pesqueiro.

Remuda xeracional nas actividades marítimas

N24. Promoción e difusión das profesións do mar para conseguirm unha maior implicación da mocidade nas actividades pesqueiras.

NECESIDADES DA ZONA COSTEIRA

Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)

N25. Maior valorización do produto procedente da pesca e do marisueo local.

N26. Mellora na trazabilidade dos recursos pesqueiros cara facilitar a identificación dos produtos locais polas persoas consumidoras, especialmente nos intermediarios (depuradoras) e na súa comercialización, así como na restauración.

Cambio climático

N27. Seguimento do impacto do cambio climático nos recursos pesqueiros (nas especies e ciclos reprodutivos) e nas dinámicas oceánicas e da ría (temperatura, correntes,...) e adaptación aos seus efectos. Concienciación cidadá.

Transición enerxética

N28. Análise e establecemento de mecanismos e medidas que permitan un aforro enerxético en toda a cadea de produción (autosuficiencia enerxética), tanto en terra como en mar.

Transformación dixital

N29. Coñecemento das aplicabilidades das novas tecnoloxías e da dixitalización das actividades pesqueiras e de diversificación.

N30. Maior formación no uso de novas tecnoloxías e na súa aplicabilidade para o sector pesqueiro e relacionados e para o conxunto da cidadanía

Expóñense a continuación, os principais retos que afronta a implantación no territorio da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo.

Táboa 7. Retos identificados tendo en conta o potencial da zona.

RETOS
<ul style="list-style-type: none">● Crear un sector pesqueiro resiliente e competitivo dotado das mellores ferramentas tecnolóxicas e dixitais que o fagan moderno e atractivo para as novas xeracións.● Ter unha ría limpa e sostible, rica en recursos pesqueiros e preservando a súa biodiversidade converténdose nun referente dun turismo sostible e mariñeiro.● Acadar que a zona costeira teña unha identidade mariñeira, decidida polo patrimonio e a cultura vinculada ao mar.● Consegur un territorio dotado con enerxías renovables nas infraestruturas, instalacións e equipamentos da zona costeira, integrados e compatibles coas actividades tradicionais marítimo-pesqueiras.● Potenciar e mellorar a canle de distribución do produto pesqueiro como base dunha dieta saudable e de proximidade das persoas do territorio.● Contribuír a un desenvolvemento sostible da Ría de Pontevedra a través da diversificación de actividades marítimo-pesqueiras e da valorización do seu produto pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

4. Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional

A estratexia que se presenta debe garantir a súa coherencia coas diferentes ferramentas de planificación estratéxica de ámbito europeo, nacional e rexional acordes cos principios de crecemento sostible. Ademais, a aposta a nivel internacional por acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no 2030 obrigan tamén a unha reflexión sobre a contribución da EDLP á súa consecución.

4.1. Coherencia co Pacto Verde Europeo

Responde a EDLP que se presenta ao obxectivo da Unión Europea de limitar o calentamento global en todas as súas propostas? Dende a súa formulación e nas actuacións que propón, a EdIP do GALP Ría de Pontevedra oríentase seguindo a folia de ruta que establece o **Pacto Verde Europeo** para conseguir que Europa se convirta nun continente neutral para o clima en 2050.

O Pacto Verde Europeo propón actuacións que, orientadas ao aumento do benestar e mellorar a saúde dos actuais cidadáns e das xeracións futuras, incidirán nos ámbitos básicos da vida cotiá mediante políticas transformadoras. Enfrontando estas cos obxectivos estratéxicos da EDLP do Galp Ría de Pontevedra atopamos neles unha forte alineación (Anexo 3). Así, por exemplo, no obxectivo estratéxico 1 atopamos actuacións encamiñadas a promover circuitos cortos de comercialización do produto pesqueiro local como produto recoñecido para unha alimentación saudable. colle

Este obxectivo estratéxico xunto cos obxectivos relativos coa mitigación do cambio climático (Obx. 3) e o fomento da economía azul (Obx. 2) son os que presentan unha coherencia máis forte co establecido no Pacto Verde Europeo. Resaltan neles, as accións encamiñadas a fomentar un turismo sostible e a promoción de iniciativas do emprego seguindo os criterios de economía circular (Obxectivo 2) ou nas propostas establecidas no Obxectivo 3 dirixidas ao coidado e preservación do patrimonio ambiental e natural da Ría.

A **Estratexia da Granxa á Mesa** responde a un novo enfoque dirixido á cidadanía para que valore a sostibilidade dos alimentos. Neste sentido a EDLP do Galp Ría de Pontevedra recolle diferentes programas dirixidos a poñer en valor os alimentos de orixe mariño, mellorando o proceso de valorización do produto local a través de accións que contribúan a innovar e facer máis competitivo o sector pesqueiro, tal e como se recolle no seu Obxectivo 1.

Tamén o Obxectivo 2 da EDLP recolle diferentes programacións en base a diversificación do sector ao redor do fomento do produto pesqueiro sustentable, aproveitamento de refugallos, redución e tratamento de plásticos e no aproveitamento do desperdicio alimentario.

Ademais o Obxectivo 3 establece accións dirixidas ao uso de materiais, envases, que sexan reciclados, e/ou reutilizables e/ou ecolóxicos, sobre todo no consumo de produto do mar e á promoción de plataformas dixitais informativas de provedores, empresas locais, de proximidade, de materiais, subministracións, servizos e de produtos de Km0.

No conxunto de obxectivos da EDLP incídese nas oportunidades de xerar espazos de intercambio de coñecementos e experiencias e na aplicación da innovación para a mellora do sector pesqueiro.

A EDLP o Galp Ría de Pontevedra garda un elevado nivel de coherencia co **Plan e acción para a Economía Circular** ao recoller numerosas accións encamiñadas á sostibilidade de produto pesqueiro,

servizos e modelos de negocio e transformación das pautas de consumo. Ao tempo establece programas para a reducir a produción de residuos tal e como se recolle no Obxectivo 1. Aumento do valor, creación de emprego, mellora das cadeas de produción e subministros e mellora da imaxe e e mellora da cultura alimentaria, no Obxectivo 2. Fomento da economía azul e o Obxectivo e no 3. Aproveitamento do patrimonio ambiental do territorio e mitigación do cambio climático.

A protección do capital natural do territorio GALP así como a recuperación dos ecosistemas degradados é tamén un dos piares fundamentais da Estratexia que recolle accións dirixidas á protección do medio mariño gardando coherencia co establecido na **Estratexia da Biodiversidade** e o **Plan de acción da contaminación cero**.

O financiamento de proxectos sostibles, reforzando a educación e a formación e impulsando a investigación e a innovación, están tamén presentes na Estratexia.

4.2. Coherencia coa Economía Azul Sostible

A Estratexia do Galp Ría de Pontevedra atende aos principios de neutralidade climática, fomento da economía circular, protección e recuperación do medio mariño e a promoción e diversificación de alimentos con criterios sostibles e saudables, e os seis obxectivos estratéxicos recollen accións que gardan coherencia co programa europeo de Economía Azul Sostible.

A transición a unha economía azul sostible require apostar por tecnoloxías innovadoras. Entre o programa de propostas que formula o enfoque da economía azul sostible, destacan as seguintes:

- Acadar os obxectivos de neutralidade climática e contaminación cero, especialmente mediante o desenvolvemento de enerxías renovables, a descarbonización do transporte marítimo e a ecoloxización dos portos.
- Pasar a unha economía circular e reducir a contaminación; entre outras cousas, mediante normas renovadas para o deseño de artes de pesca, así como medidas para reducir a contaminación por plásticos e microplásticos.
- Preservar a biodiversidade e invertir na natureza, reducindo o impacto ambiental da pesca nos hábitats mariños.
- Apoiar a adaptación ao cambio climático e a resiliencia da costa, a través de iniciativas que fomenten o desenvolvemento de infraestruturas verdes nas zonas costeiras e a protección de litorais, contribuíndo a preservar a biodiversidade e aos paisaxes, ao tempo que beneficiarán ao turismo e a economía costeira.
- Garantir a produción sostible de alimentos. A produción sostible e as novas normas de comercialización dos produtos do mar; o uso de algas e pastos mariños, un maior control da pesca e a investigación e innovación en materia de alimentos mariños. Coa adopción das directrices estratéxicas de acuicultura sostible.
- Mellorar a xestión do espazo marítimo. Proxectos coordinados, facilitando o diálogo entre os diferente axentes, entidades científicas e investigadoras, sector da pesca e acuicultura, turismo e outras.

Neste sentido, todos os obxectivos da EDLP gardan coherencia coa proposta europea: desde alcanzar a neutralidade climática, á promoción da economía circular, coidado e protección dos ecosistemas ata a mellora e sostibilidade da cadea alimentaria dos produtos pesqueiros e acuícolas.

4.3. Coherencia coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, aprobada en setembro de 2015 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas, establece una visión transformadora cara a sostibilidade económica, social e ambiental.

A contribución da Estratexia do GALP Ría de Pontevedra ao retos establecidos pola Nacións Unidas recóllese na totalidade dos seis obxectivos, resultando os Obxectivos 1, 2 e 3 da EDLP os que maior grao de coherencia manteñen coa Axenda 2030. Garantir unhas institucións sólidas e participativas, a través do intercambio de coñecementos e a colaboración entre axentes e entidades sectoriais, está presente na EDLP de forma que se recolle expresamente no cumprimento do Obxectivo 16 da Axenda 2030.

Neste contexto, desde a EDLP,ponse o foco nas accións dirixidas a optimizar os sistemas de produción, para mellora o uso dos recursos locais nas zonas costeiras. Tamén co apoio a desenvolvemento da bioeconomía sostible e circular, a través da explotación sostible dos recursos mariños, como a pesca, a acuicultura, o procesamento e a produción de enerxía.

Outros dos obxectivos do Desenvolvemento Sostible que están desenvoltos na EDLP, son o Obxectivo 5 (Igualdade de xénero) ten que ver co desenvolvemento de accións na promoción da plena igualdade das mulleres profesionais do mar dentro do sector. Ao tempo, a EDLP, atende a outros obxectivos recollidos na Axenda 2030, como son o Obxectivo 6 (auga e saneamento), 7 (enerxía), 8 (crecemento económico), 9 (infraestruturas), 10 (redución da desigualdade), 12 (consumo e produción sostibles), 13 (cambio climático), 14 (Vida submarina) 15 (biodiversidade) e 17 (medios de implementación e alianzas).

Se ben son numerosos os obxectivos de desenvolvemento sostible, cómpre fixarse o obxectivo 14, Vida submarina, no que se enmarcan algunhas das liñas de traballo nas que se asenta a EDLP.

Neste obxectivo fálase de “conservar e utilizar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible”, nun contexto no que millóns de persoas no mundo dependen da biodiversidade mariña e costeira para o seu sustento, o que está alineado coas actuacións incluídas na EDLP cara a protección dos recursos mariños.

Tamén atende este Obxectivo 14 a poñer o foco na necesidade de acadar ditas metas a través da innovación tecnolóxica de cara una adecuada xestión e sostemento dos recursos mariños.

4.4. Coherencia co DLP do Programa do FEMPA España

O conxunto dos seis obxectivos no que se estrutura a EDLP gardan coherencia co programa operativo español da FEMPA.

É na Prioridade 3 do FEMPA, na que encaixa o labor a desenvolver polo GALP dirixida a promover unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas, e que recolle o desenvolvemento local participativo. Así a EDLP será a ferramenta coa que involucrar aos diferentes axentes sociais a nivel local, no deseño e desenvolvemento cara un futuro máis sostible.

Así mesmo, baixando a coherencia dos obxectivos estratéxicos da EDLP co FEMPA non cabe moita dúbida. O Obxectivo estratéxico 1 da EDLP (Aumento do valor, creación de emprego, promoción da innovación da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos) é o que maior nivel de correlación garda coas recomendacións europeas do FEMPA, cubrindo a totalidade de prioridades nas que se estrutura. Tamén o Obxectivo 2 da EDLP de Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas, contribúe ao novo fondo da políticas marítima, pesqueira e acuícola da UE a través da Prioridade 3.

A coherencia da EDLP coa Prioridade 4 do programa FEMPA, dirixida a reforzar a gobernanza internacional dos océanos e facer dos mares e océanos medios protexidos, seguros, limpos e xestionados de forma sostible ten encaixe, practicamente transversal na estratexia, sendo o obxectivo estratéxico 4 o menos aliñado con ela.

Tendo en conta os indicadores que o FEMPA establece para a prioridade 3 do Fondo, a aplicación do Desenvolvemento local Participativo, a EDLP debe facer fincapé en actuacións que contribúan á xeración e mantemento do emprego. Neste sentido establécense criterios de xestión da EDLP enfocados a este obxectivo.

Ademais para garantir a coherencia co Programa Operativo Español cando este sexa aprobado pola Comisión realizaranse os axusten que resulten necesarios da EDLP.

- En resumo, da coherencia da EDLP co marco estratéxico europeo, resultan as seguintes bases para a súa construción: coXeración de emprego e tecido empresarial de calidade nas poboacións costeiras e acuícolas, integrando o relevo xeracional. Nesta liña a Estratexia aposta por dar continuidade a accións desenvoltas, achegando á mocidade a relevancia do sector pesqueiro na economía do territorio, establecendo vínculos entre profesionais do sector do mar e axentes sociais e cidadanía ou recuperando a cultura e tradicional mariñeiras (coherencia cos indicadores do FEMPA para a prioridade 3). Mellorar a gobernanza, a cooperación e o traballo en rede no territorio. Nesta liña as accións propostas na EDLP reforzan os espazos de colaboración entre diferentes axentes, nos que conflúan o sector pesqueiro co resto de sectores que interveñen no territorio, apostando polo intercambio de coñecementos e saberes no deseño e desenvolvemento de accións dirixidas a integrar o crecemento sostible do territorio. Na mesma liña refórzanse os espazos de dinámicas de participación, a través da adquisición de aprendizaxes de cara unha participación máis efectiva e integradora. Nesta liña a necesidade de acadar a igualdade de xénero dentro do sector pesqueiro implica apostar decididamente polo impulso e visibilización das mulleres do mar, desenvolvendo accións dirixidas ao colectivo no eido profesional, participación e toma de decisións, mellora da saúde e recoñecemento dos dereitos (coherencia coa prioridade 3 do FEMPA).
- Promover e desenvolver sistemas alimentarios máis sostibles a lo largo de toda a cadea, establecendo accións para a mellora da trazabilidade do produto do mar, consumo de alimentos de quilómetro cero e traballando cos diferentes operadores locais (Coherencia co Pacto verde Europeo, Estratexia da Granxa á mesa economía azul sostible e ODS).
- Aplicar o novo enfoque da economía azul, xerando sinerxias e promovendo actividades empresariais que aposten por proxectos no eido das enerxías limpas ou turismo sostible, entre outras (economía azul sostible).
- Impulsar a formación e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas e organizacións, como poden ser as relacionadas coa mellora dos procesos de trazabilidade do produto pesqueiro, entre outras (coherencia co FEMPA).

- Apoiando iniciativas empresarias que axuden a mitigar a perda de pobaoción e faciliten o relevo xeracional.
- Potenciando a recuperación e posta en valor dos oficios e elementos vinculados co patrimonio e cultural tradicional e artesanal (coherencia cos ODS).
- Coidando e protexendo o medio mariño, tamén apostando polas accións de recuperación de especies (coherencia coa Estratexia da Biodiversidade e coa economía azul sostible).
- Continuando cos proxectos que poñen o foco nos novos usos e recuperación de lixo mariño, os xerados polas actividade pesqueira, dándolle novos usos aos materiais e recuperando e alongando os tempos de utilidade. Mellora da xestión dos residuos (coherencia coa Axenda 2030, o Pacto Verde, o FEMPA).

4.5. Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais

O deseño da EDLP vén gardar coherencias coas diferentes ferramentas de programación e ordenación do crecemento e xestión de políticas para o desenvolvemento sostible e transformación social, económica e ambiental desenvoltas desde a Xunta de Galicia.

A **Estratexia de Mobilidade intelixente** marca a folla de ruta do futuro dixital para Galicia contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental. Cincos dos seis obxectivos nos que se ordena a EDLP apoian o desenvolvemento da Estratexia de Mobilidade intelixente de Galicia, na aplicación de ferramentas TIC e dixitalización das cadea de valor dos produtos pesqueiros, ou no desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías para a investigación relacionadas co estudo e recuperación do medio e das especies mariñas. Tamén están alineadas as accións dirixidas á mellora de infraestruturas do sector pesqueiro ou a aplicación dun turismo intelixente, baixo os parámetros dunha economía máis sostible.

A **Estratexia Galega de Cambio Climático** establece a folla de ruta en materia de clima e enerxía que se marca como meta conseguir a neutralidade climática de Galicia antes do ano 2050 e, para conseguilo, aposta pola implementación de enerxías renovables, o aproveitamento da absorción de CO2 e a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores.

Dentro das distintos ámbitos de intervención, a EDLP do Galp Ría de Pontevedra suporá unha ferramenta de gran utilidade ao recoller en todos os seus Obxectivos diferentes accións encamiñadas á mitigación, adaptación de procesos e melloras da xestión dos recursos pesqueiro ou na promoción da investigación entre os axentes científicos e sectores pesqueiro e socias e, a mellora da estruturas e de mecanismo s de gobernanza.

No caso da **Estratexia Galega da Economía Circular**, a EDLP centra as actividades recollidas no seu plan de acción na dimensión de promover unha economía baseada no coñecemento, mellorando a formación e información, a través do fomento de novos modelos de negocio e deseño de produtos sostibles ou priorizando a circularidade e uso de residuos.

A EDLP garda correspondencia coa **Estratexia Especialización Intelixente** de Galicia RIS3 accións encamiñadas á mellora e preservación dos espazos naturais e patrimoniais, establece medidas dirixidas a valoración e transformación de subprodutos e residuos e á dixitalización de cadeas de valor e un modelo de vida saudable a través da mellora e imaxe do produto pesqueiro e a trazabilidade.

5. Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia

Esta EDLP reuniu a gran cantidade de axentes vinculados co desenvolvemento do territorio, co obxectivo de coñecer a situación actual do mesmo, e proxectar unha visión conxunta sobre as liñas de accións para construír o futuro da Ría de Pontevedra. Este GALP conta cunha prolongada experiencia na xestión dos fondos, polo que actualmente parte dunha posición de asentamento e visibilidade entre os e as axentes relacionados co sector pesqueiro e outras entidades. Esta circunstancia de partida permite incorporar aspectos innovadores ao longo da estratexia, sinalados a continuación.

Esta EDLP persegue o obxectivo de situar ás actividades pesqueiras e ao produto do mar como referentes do desenvolvemento económico sostible na Ría de Pontevedra. Non se trata só de aumentar o valor dos produtos e de mellorar as condicións profesionais do sector pesqueiro, trátase de dar un paso máis e dotalo de capacidade para ser un sector activo e tractor do desenvolvemento sostible do territorio. A innovación estará presente a través da aplicación de novas tecnoloxías nas accións de mellora na cadea de valor.

Así mesmo, esta EDLP caracterízase pola vontade de apertura das actividades marítimo-pesqueiras a perfís diversos de persoas. Mediante distintas accións que promovan a relación de colectivos específicos co mar, fomentárase o seu interese por pertencer a un sector con potencial laboral e económico na Ría de Pontevedra. Presentar ao sector pesqueiro como oportunidade profesional a colectivos menos presentes nel, favorecerá a súa inclusión. A innovación incorporada nesta EDLP reflíctese tamén na procura activa da participación de persoas e colectivos destes perfís diversos.

En referencia á promoción da economía azul, esta estratexia introduce novas visións e amplía a mirada máis alá do turismo e a xeración de servizos. O turismo, como polo de desenvolvemento económico e estreitamente vinculado ao mar, está presente nesta EDLP. Sen embargo, trátase de fomentar un modelo turístico desestacionalizado, inclusivo e sostible, en conexión con outras estratexias turísticas, así como coas medidas de sostibilidade dos espazos naturais protexidos, entre outros plans de desenvolvemento do territorio.

A economía circular ofrece unha oportunidade para fomentar o emprego a través da innovación, dando unha segunda vida a aqueles refugallo e residuos xerados polo propio sector pesqueiro ou por outros sectores tamén vinculados ao mar na zona costeira. Este obxectivo aporta accións cara a sostibilidade do ambiental e económica e a valorización daqueles desperdicios xerados pola actividade produtiva, de transformación e de comercialización, promovendo un territorio máis limpo.

A innovación tamén se presenta na EDLP a través de estratexias de mitigación e adaptación ao cambio climático, concienciando á comunidade e ao sector pesqueiro da necesidade de continuar esforzándose por coidar do medio ambiente e adaptarse aos cambios xerados polo cambio climático. Recóllense actuacións dirixidas á redución da pegada de carbono en todas aquelas actividades relacionadas co sector pesqueiro ou con outros sectores tamén vinculados ao mar na zona costeira, favorecendo unha transición ecolóxica que conserve os recursos pesqueiros e naturais. Para isto, faise necesario o reforzo da relación entre o sector pesqueiro e o ámbito científico, compartindo coñecementos e sacando partido dos centros de investigación punteiros a nivel internacional situados próximos á Ría de Pontevedra.

En relación co benestar social da zona costeira faise referencia ao coidado do patrimonio. Esta EDLP continúa apostando pola conservación das infraestruturas e útiles en desuso ou en estado de deterioro. A integración e a mellora da paisaxe litoral, xunto coa necesidade de espazos culturais ou doutra índole, permiten restaurar e dinamizar o patrimonio arquitectónico desaproveitado.

Por outra banda, nesta estratexia aparece como elemento innovador a conservación do patrimonio inmaterial relacionado co sector pesqueiro. A riqueza cultural dos saberes relacionados co mar (embarcacións tradicionais ou artes de pesca, entre outros), son elementos que constrúen a identidade da zona costeira e que serán postos en valor, de forma integrada, neste novo período. Ademais, introdúcese como novidade na EDLP do territorio o fomento da cohesión social a través da inclusión de colectivos diversos.

A necesidade de mellorar a capacidade de actuación e a incidencia do sector para desenvolver accións conxuntas é un dos elementos máis repetidos ao longo do proceso de elaboración da EDLP. Trátase de afianzar a colaboración entre entidades do territorio para reforzar o seu papel no desenvolvemento local, e aumentar a súa gobernanza mediante consensos amplos e posta en marcha de accións conxuntas. Desta forma, a innovación implica a colaboración con outros axentes, o traballo en equipo, a transferencia de coñecemento, e unha maior complementariedade dos proxectos postos en marcha na zona costeira.

Por último, os GALP toman a iniciativa en canto á cooperación no último obxectivo do Plan de acción. As temáticas abordadas serán as relacionadas coas problemáticas e as necesidades comúns das zonas pesqueiras, en relación á transición ecolóxica, a transformación dixital e a sostibilidade, entendida nun sentido amplo. Así mesmo, os valores que guiarán estes proxectos son os reflectidos nos principios horizontais. O elemento innovador en canto á cooperación é a amplitude de axentes cos que establecer sinerxías. A cooperación poderá establecerse entre os propios grupos de acción local do sector pesqueiro, tanto a nivel galego como cos do resto do Estado; entre GALP e outras entidades de xestión do desenvolvemento do territorio (por exemplo, os grupos de desenvolvemento rural); e tamén contémpase a cooperación con entidades transnacionais. Cómpre fomentar a existencia de espazos de colaboración e de transferencia de coñecementos, así como a consolidación dunha cultura da cooperación entre territorios que multiplique os resultados das accións desenvoltas sobre necesidades que afectan especialmente ao sector pesqueiro e á sociedade no seu conxunto. Esta promoción da cultura da cooperación é unha característica innovadora desta estratexia.

Estas características innovadoras que salientan na estratexia de desenvolvemento da Ría de Pontevedra fortalecerán a capacidade da comunidade pesqueira de maximizar os recursos propios e potencialidades do territorio, aumentando a súa resiliencia.

Esta EDLP aborda de forma integrada as necesidades do territorio, dirixindo as actuacións a todos os sectores involucrados no sector pesqueiro: produtivo, de transformación e de comercialización; e da cidadanía xeral. Sacar partido colectivamente das oportunidades e atender ás necesidades recollidas no proceso de elaboración da EDLP definirá o éxito da súa aplicación. O carácter integrado da estratexia vértébrase sobre os seguintes piares:

- Ponse o foco das actuacións na mellora da calidade de vida das persoas do territorio, especialmente das e dos profesionais con vinculación co sector pesqueiro.
- Foméntase a gobernanza e a participación activa das entidades, para o cal a cooperación establécese como factor necesario para garantir o desenvolvemento do territorio.
- As actuacións recollidas na EDLP relaciónanse entre si, integrando a diversos sectores e multiplicando o seu alcance mediante a posta en marcha de proxectos diferentes, pero complementarios.

A diversidade de axentes que participaron na elaboración da EDLP conxugou perfís profesionais do sector produtivo, da transformación, da comercialización e do consumo; perfís técnicos e do ámbito científico; persoas vinculadas a áreas municipais relacionadas co emprego, o medio ambiente, e o desenvolvemento local. Así mesmo, participaron axentes promotores de proxectos nos períodos anteriores, e entidades con perfil económico relacionados co mar mediante proxectos de economía

azul. Ademais, contouse coas achegas do sector social, en especial das entidades de inclusión social, das que promoven a igualdade de xénero, e da mocidade, que aportaron a súa visión transversal aos contidos desta EDLP.

Neste período, as relacións entre entidades parten dun coñecemento mutuo, o que favorecerá a posta en marcha de proxectos de colaboración. Malia as dificultades que entraña a xestión de proxectos compartidos, non cabe dúbida que os resultados acadados por este tipo de iniciativas afondan no fortalecemento das redes comunitarias, fomentan o dinamismo económico e favorecen o desenvolvemento social e local do territorio dunha forma integrada.

6. Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia: obxectivos e actuacións

6.1 Misión, visión e valores da organización

Misión

O GALP Ría de Pontevedra quere axudar a mellorar as condicións de vida e as oportunidades de desenvolvemento actuais e futuras dos integrantes da comunidade costeira na zona. Facilitará coas súas accións a competitividade dos produtos e dos produtores, o benestar da veciñanza e o aprecio dos visitantes, construíndo co uso sostible dos recursos do mar, da contorna costeira e da herdanza mariñeira, un emblema de desenvolvemento.

Visión

O territorio do GALP Ría de Pontevedra será recoñecido, tanto polos seus integrantes como dende fóra, como un exemplo de rexeneración e protección do medio litoral, dos recursos naturais e da herdanza e o patrimonio costeiros. Esta aposta transformárase no principal distintivo de calidade na promoción dos produtos e servizos da zona, garantindo a mellora das oportunidades, o relevo xeracional, a cohesión do territorio e o benestar social.

Valores

O GALP Ría de Pontevedra é unha organización aberta, de ampla base democrática, facilitadora da gobernanza e da integración e participación activa de todos os axentes de representación colectiva: territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados sen ánimo de lucro, interesados en promover o desenvolvemento integral e equilibrado da zona costeira. Tal e como recollen os seus estatutos, rexerase polos principios de representación, de observancia da legalidade e de democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico pola Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

As actuacións do GALP da Ría de Pontevedra estarán fundamentadas nos seguintes valores:

Valores de calidade nos servizos que ofrece o GALP.

O GALP Ría de Pontevedra como entidade colaboradora para a xestión de fondos públicos comprométese cos seguintes valores:

- Transparencia no gasto e equidade nas decisións e na xestión dos recursos.
- Mellora continua na prestación de servizos á cidadanía.
- Cooperación e colaboración con outras entidades públicas e privadas.

Valores propios da gobernanza inspiradora da entidade.

O GALP Ría de Pontevedra ten como xermolo a promoción da gobernanza do territorio e servir, por tanto, de axente integrador deste, polo que actuará cos seguintes valores de referencia:

- Fomento da participación dos axentes sociais e do empoderamento das comunidades costeiras.
- Fomento da cohesión social e territorial e das iniciativas de vertebración.
- Fomento do emprego de calidade e do benestar social.
- Igualdade de oportunidades, promoción activa da inclusión e do respecto pola diversidade e non discriminación, tanto nas actuacións que promova o grupo como nas de terceiros.
- Protección do medio, das tradicións e das prácticas sostibles e do patrimonio.
- Aposta por un desenvolvemento económico sostible, integrador e socialmente equitativo.
- Aposta pola innovación en todos os eidos da actuación do GALP, polas melloras na formación e polo acceso xeneralizado ao coñecemento.

Valores propios da xestión de recursos públicos:

- A economía, eficacia e eficiencia no gasto público.
- A pertinencia das accións que promova en relación á estratexia definida.
- A coherencia cos obxectivos do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura.
- A complementariedade deste programa con outros que paralelamente actúan no territorio.

No contexto da presente estratexia, o GALP velará polo traslado destes principios e valores a todas as accións promovidas dende o grupo e encamiñadas á consecución dos obxectivos que constitúen o cerne da estratexia.

6.2 Plan de acción. Obxectivos da estratexia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaría do territorio

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Conseguir que os produtos do mar e as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas sexan un activo e un referente no desenvolvemento económico sostible da Ría de Pontevedra.

Actuación 1.1.1. Innovación e melloras na cadea de valor dos produtos do mar e na sostibilidade da pesca, do marisqueo e da acuicultura de orixe local.

Actuación 1.1.2. Innovación e melloras na trazabilidade dos produtos do mar que garantan a súa identificación como produto local e sostible.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2. Incrementar a empregabilidade e o emprendemento nas actividades marítimo-pesqueiras, con especial interese na integración de colectivos prioritarios (mocidade, mulleres, persoas en risco de exclusión).

Actuación 1.2.1. Mellora das competencias, condicións de traballo e a inserción laboral en actividades relacionadas co mar.

Actuación 1.2.2. Incremento do coñecemento do sector para fomentar o interese na poboación e promover o relevo xeneracional.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3. Consolidar as entidades representativas do sector pesqueiro como axentes da gobernanza.

Actuación 1.3.1. Accións formativas e divulgativas para fortalecer a participación nas entidades colectivas do sector pesqueiro.

Actuación 1.3.2. Fomento de accións de colaboración e mellora dos mecanismos participativos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2. Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Establecer sinerxías coas estratexias de sostibilidade turística en destino para que a Ría de Pontevedra sexa un destino turístico marítimo-pesqueiro sostible, inclusivo e desestacionalizado.

Actuación 2.1.1. Fomento e promoción de iniciativas encamiñadas á desestacionalización e á sostibilidade do turismo.

Actuación 2.1.2. Apoio a accións formativas e divulgativas relativas ao turismo marítimo-pesqueiro.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2. Incrementar a empregabilidade e o emprendemento en iniciativas de economía circular e cohesión territorial para fomentar a sostibilidade da zona costeira.

Actuación 2.2.1. Aproveitamento de refugallos e residuos xerados en actividades marítimo-pesqueiras.

Actuación 2.2.2. Promoción da circularidade económica no conxunto da zona costeira.

Actuación 2.2.3. iniciativas de servizos no territorio que contribúan a economía circular, a descarbonización e a cohesión territorial.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Conservar e poñer en valor os recursos pesqueiros e do medio natural da Ría de Pontevedra.

Actuación 3.1.1. Concienciación en sostibilidade dos recursos pesqueiros e da sensibilización polo patrimonio ambiental da zona costeira.

Actuación 3.1.2. Accións de conservación e restauración de espazos naturais de especial interese.

Actuación 3.1.3. Actuacións encamiñadas á redución de residuos e á concienciación cidadá sobre a súa problemática no medio litoral.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2. Concienciar e poñer en marcha actividades de mitigación de cambio climático e promover a resiliencia do territorio e a adaptación as súas consecuencias.

Actuación 3.2.1. Actuacións dirixidas á mitigación do cambio climático nas actividades marítimo-pesqueiras na Ría de Pontevedra.

Actuación 3.2.2. Actuacións dirixidas á concienciación eno cambio climático na Ría de Pontevedra.

Actuación 3.2.3. Actuacións dirixidas á adaptación ao cambio climático do litoral.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1. Conseguir que o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro sexa recoñecido como sinal de identidade da Ría de Pontevedra.

Actuación 4.1.1. Actuacións materiais sobre bens patrimoniais da zona costeira.

Actuación 4.1.2. Actuacións para reconstruír, valorizar e contribuír a manter e a difundir o patrimonio inmaterial con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras.

Actuación 4.1.3. Fomento do traballo en rede entre entidades diferentes do territorio para a promoción da cultura marítimo-pesqueira.

Actuación 4.1.4. Dixitalización do patrimonio para a súa conservación e difusión.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2. Acadar unha zona costeira máis accesible e inclusiva.

Actuación 4.2.1. Iniciativas que contribúan a unha inclusión efectiva.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e das actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1. Promover sinerxías e o fomento de accións colaborativas que teñan coma obxectivo acadar o desenvolvemento sostible da zona costeira.

Actuación 5.1.1. Coordinación e diálogo do sector pesqueiro con outros axentes relevantes do territorio na gobernanza do medio marítimo pesqueiro.

Actuación 5.1.2. Promoción e desenvolvemento de actuacións de colaboración no seo do zona costeira.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6. Cooperación

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1. Promover a cooperación interterritorial e transnacional, contribuíndo a un océano e o seu litoral saudábel, seguro e xestionado dun modo sostible.

Actuación 6.1.1 Actuacións que promovan o desenvolvemento e a cohesión social das zonas pesqueiras a través da cooperación entre diferentes GALP e outros axentes público-privados que apliquen unha EDLP.

6.3 Plan de acción: Indicadores e metas

O conxunto de indicadores que se van ter en conta para medir os obxectivos específicos da Estratexia están contempladas na seguinte táboa:

Indicadores
IP1. Gasto público total en proxectos
IP2. Inversión total en proxectos
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total)
IP3.1 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Mulleres)
IP3.2 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Homes)
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total) ⁶
IP4.1. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Mulleres)
IP4.2. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Homes)
IP5. Número global de operacións financiadas
IP6. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación dixital
IP7. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación ecolóxica
IP8. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP9. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP10. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP11. Número total de proxectos nos que colaboren entidades de inclusión social

Se atendemos ás metas a alcanzar por cada un dos obxectivos específicos podemos observar a súa distribución por indicadores:

⁶ No que respecta á consolidación de emprego terase en conta o que establece a Guía de FAME, agora FAMENET, ao respecto. EUROPEAN COMMISSION – Directorate-General for Maritime Affairs and Fisheries, Unit D.3 (2022): FAMENET Support Unit, working paper on EMFAF MEF 2021-2027, Brussels CT5.1 Final April 2022.

METAS (100% - Ano 2027)												
	OE. 1.1	OE. 1.2.	OE. 1.3.	OE. 2.1.	OE. 2.2.	OE. 3.1.	OE. 3.2	OE. 4.1.	OE. 4.2.	OE. 5.1	OE. 6.1	Total
IP1.	1.413.591,35 €	201.941,62 €	403.883,24 €	678.523,85 €	452.349,23 €	243.451,84 €	452.124,85 €	269.255,50 €	89.751,83 €	107.702,20 €	175.016,07 €	4.487.591,60 €
IP2.	2.827.182,71 €	403.883,24 €	807.766,49 €	1.357.047,70 €	904.698,47 €	486.903,69 €	904.249,71 €	538.510,99 €	179.503,66 €	107.702,20 €	175.016,07 €	8.692.464,93 €
IP3.	8	2	2	3	3	2	2	2	1	-	-	25
IP3.1.	5	1	1	2	2	1	1	1	1	-	-	15
IP3.2.	3	1	1	1	1	1	1	1	0	-	-	10
IP4.	23	3	6	11	8	3	8	2	2	-	-	66
IP4.1.	12	2	4	6	4	2	4	1	1	-	-	36
IP4.2.	11	1	2	5	4	1	4	1	1	-	-	30
IP5.	24	3	7	8	4	3	6	8	3	2	5	73
IP6.	6	1	1	3	2	1	1	1	0	1	1	18
IP7.	2	1	1	1	1	1	1	0	0	0	0	8
IP8.	2	1	1	1	1	1	1	0	0	0	0	8
IP9.	1	0	1	1	0	0	1	0	0	0	0	4
IP10.	10	1	3	5	4	2	4	2	1	1	2	35
IP11.	2	0	1	1	1	0	1	0	0	0	0	6

Os fitos que se marcan para a avaliación intermedia son os seguintes:

	FITOS (30% - Ano 2025)											
	OE. 1.1	OE. 1.2.	OE. 1.3.	OE. 2.1.	OE. 2.2.	OE. 3.1.	OE. 3.2	OE. 4.1.	OE. 4.2.	OE. 5.1	OE. 6.1	Total
IP1.	424.077,41 €	60.582,49 €	121.164,97 €	203.557,15 €	135.704,77 €	73.035,55 €	135.637,46 €	80.776,65 €	26.925,55 €	32.310,66 €	52.504,82 €	1.346.277,48 €
IP2.	848.154,81 €	121.164,97 €	242.329,95 €	407.114,31 €	271.409,54 €	146.071,11 €	271.274,91 €	161.553,30 €	53.851,10 €	32.310,66 €	52.504,82 €	2.607.739,48 €
IP3.	3	0	1	2	1	0	1	0	0	-	-	8
IP3.1.	2	0	0	1	1	0	1	0	0	-	-	5
IP3.2.	1	0	1	1	0	0	0	0	0	-	-	3
IP4.	7	1	2	4	3	1	2	0	0	-	-	20
IP4.1.	4	1	1	2	1	1	1	0	0	-	-	11
IP4.2.	3	0	1	2	2	0	1	0	0	-	-	9
IP5.	7	1	2	2	2	1	2	2	1	1	2	23
IP6.	2	0	1	1	1	0	0	0	0	0	0	5
IP7.	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	2
IP8.	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	2
IP9.	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
IP10.	3	0	1	2	1	1	1	1	0	0	1	11
IP11.	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	2

6.4 Programa de actuacións

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Conseguir que os produtos do mar e as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas sexan un activo e un referente no desenvolvemento económico sostible da Ría de Pontevedra.

Actuación 1.1.1. Innovación e melloras na cadea de valor dos produtos do mar e na sostibilidade da pesca, do marisqueo e da acuicultura de orixe local.

Os produtos do mar procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura son recursos locais a poñer en valor na Ría de Pontevedra, e constitúen o sentido de ser da zona costeira. Polo tanto, desenvolver medidas encamiñadas ao incremento e á posta en valor do produto local do mar, reforza o mantemento da actividade económica e do sector como motor de desenvolvemento sostible da Ría de Pontevedra.

Accións

- Accións de mellora mediante a investigación, estudos e análises da **rexeneración ambiental, que poidan afectar as condicións produtivas do sector marisqueiro e acuícola así como as posibles capturas do sector pesqueiro**, agás aquelas que poidan seren financiadas ao abeiro da Prioridade 1 do FEMPA.
- Apertura de **liñas de colaboración con entidades científicas** que faciliten a solución ás problemáticas do produto pesqueiro no medio mariño (mortandade, algas, parásitos, toxinas...), en especial, as derivadas do cambio climático.
- Melloras nos **procedementos e procesos da xestión dos recursos e cadea de valor** dos produtos do mar.
- Melloras nas **infraestruturas e equipamentos** das entidades representativas do sector pesqueiro.
- Implementación ou mellora das **instalacións de procesado, elaboración, envasado, venta e exportación** de produtos do mar de orixe local.
- Actividades pesqueiras sostibles. Accións de **mellora enerxética** nas actividades pesqueiras, instalacións, bens, equipamentos, etc., agás embarcacións ou aquelas que poidan ser financiadas ao abeiro da Prioridade 1 do FEMPA.
- Desenvolvemento e formación de **melloras dixitais e tecnolóxicas** na cadea de valor do produto do mar.
- Apoio á **comercialización e distribución dos produtos do mar que reduzan a pegada ecolóxica**: plataformas dixitais, transporte máis limpo e eficiente, etc.
- Promoción de hábitos de **alimentación saudable** a través do produto pesqueiro de proximidade, tanto en fresco como a través de sistemas artesanais de conservación.
- Actividades de **divulgación, formación e información** dirixidas a outros sectores que dean a coñecer **o valor dos produtos do mar** dende a súa captura sostible (artes, embarcacións tradicionais) até a súa transformación e comercialización (escolares, asociacións, turismo, etc.), en coordinación e colaboración coa prensa e redes informativas locais.
- **Divulgación e formación dirixida á transformación e/ou comercialización** do produto do mar local e seu valor alimentario, saudable e ecolóxico.
- Desenvolvemento de accións de divulgación do produto pesqueiro asociado a **marcas de calidade diferenciada** (pescaderías, pescaenverde, ...).

Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

Resultados previstos

Incremento do coidado de espazos ambientais, litorais e mariños sensibles na conservación dos recursos pesqueiros.
 Mellora do mantemento e recuperación da biodiversidade mariña e seguimento das especies invasoras (flora e fauna).
 Incremento da implicación do sector pesqueiro nas iniciativas de diversificación da zona costeira.
 Aumento da relación entre o sector pesqueiro e o ámbito científico - académico.
 Incremento na valorización do produto pesqueiro local.
 Incremento do seguimento do impacto do cambio climático nos recursos pesqueiros, nas dinámicas oceánicas e da ría, e mellora na adaptación aos seus efectos.
 Mellora na conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais marítimo pesqueiros.
 Incremento de medidas que permiten un aforro enerxético na cadea de produción (autosuficiencia enerxética) tanto en terra como en mar.
 Incremento do coñecemento das aplicabilidades das novas tecnoloxías e da dixitalización das actividades pesqueiras e a súa diversificación.

Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas
 Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións
 Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos
 IP2. Inversión total en proxectos
 IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).
 IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)
 IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).

IP7. Número global de operacións financiadas
 IP8. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación dixital
 IP9. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación ecolóxica
 IP10. Número total de proxectos impulsados por mulleres
 IP11. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas



IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)
 IP5. Número de empresas creadas
 IP6. Número de empresas consolidadas

IP12. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro

Porcentaxe de axuda pública	
Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS6 Auga limpa e saneamento; ODS7 Enerxía asumible e non contaminante; ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS11 Cidades e comunidades sostibles; ODS12 Produción e consumo responsables; ODS13 Acción polo clima

Estratexia Galega Dixital 2030; Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Conseguir que os produtos do mar e as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas sexan un activo e un referente no desenvolvemento económico sostible da Ría de Pontevedra.

Actuación 1.1.2. Innovación e melloras na trazabilidade dos produtos do mar que garantan a súa identificación como produto local e sostible.

A identificación dos produtos capturados na contorna da Ría de Pontevedra incrementa o seu valor en termos de trazabilidade. Desenvolver estratexias que permitan garantir a súa orixe redundará nunha maior valorización dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas. Para conseguilo, é necesario desenvolver accións de seguimento do produto dende a súa captura ata a persoa consumidora final, garantindo a sostibilidade e transparencia en todo o proceso e redundando na promoción do consumo de proximidade.

Accións

- Extensión dos **selos de calidade diferenciada** en funcionamento e aplicación doutros novos que identifiquen, garantan e promocionen a orixe local do produto do mar até o consumidor final.
- Accións que identifiquen o produto do mar coa súa **captura sostible e co valor do patrimonio e recursos ambientais da Ría**, por exemplo, do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Accións para o fomento, promoción e **comercialización do produto do mar de km0 nos mercados de abastos, supermercados e grandes superficies**.
- Desenvolvemento de novas tecnoloxías de sistemas integrados de **xestión do produto pesqueiro** (captura, comercialización, difusión, etc.).
- Implantación de **ferramentas dixitais na trazabilidade** dos produtos pesqueiros e do mar.

Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

Resultados previstos

Aumento do seguimento e control na comercialización dos recursos pesqueiros nos portos de interese xeral e dentro das canles legais.

Incremento do coñecemento das aplicabilidades das novas tecnoloxías e da dixitalización das actividades pesqueiras e a súa diversificación.

Incremento na valorización do produto pesqueiro local.

Mellora da trazabilidade dos recursos pesqueiros que identifique os produtos locais.

Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas
Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro



Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos

IP2. Inversión total en proxectos

IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).

IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)

IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).

IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)

IP5. Número de empresas creadas

N13. Desestacionalización da oferta turística do territorio a través da diversificación da oferta de actividades, non só turísticas, senón culturais, patrimoniais, de ocio e lecer, etc.	1	2	0	4	1	1	9
N14. Dar a coñecer as posibilidades de desenvolvemento da economía circular no territorio costeiro, en especial para o sector pesqueiro: refugallos, produto pesqueiro, etc.	1	1	0	0	0	1	3
N15. Posta en marcha de iniciativas innovadoras de redución de plásticos, refugallo e de redución do desperdicio alimentario.	1	3	1	0	1	1	7
N16. Elaboración dunha estratexia de loita contra o lixo mariño no territorio que contribúa a sensibilización cidadá.	0	3	1	0	1	1	6
N17. Maior recoñecemento do papel da confrarías, agrupacións e conxunto do sector pesqueiro no desenvolvemento do territorio costeiro.	1	0	0	0	1	1	3
N8. Mais participación e implicación nas confrarías de todos os perfís profesionais e persoas relacionadas co sector pesqueiro.	1	0	0	0	0	1	2
N.19. Mais cooperación e promoción da participación e o asociacionismo en determinados perfís profesionais do	2	0	0	0	0	1	3

Necesidades	Obxectivos						Número de actuacións
	1	2	3	4	5	6	
sector pesqueiro, como redeiras, praceiras...							
N20. Intensificar a relación entre o sector pesqueiro e o ámbito científico-académico, mellorando a colaboración bidireccional para favorecer unha retroalimentación positiva cara o sector pesqueiro dos resultados das investigacións desenvolvidas.	1	0	0	0	0	1	2
N21. Maior igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mundo do mar.	1	0	0	1	0	1	3
N22. Maior participación de todas entidades sociais do territorio (inclusión, ambientais, culturais,...) na promoción de iniciativas na zona costeira.	0	0	1	1	1	1	4
N23. Procura de novos mecanismos de participación apoiados nas novas tecnoloxías e mellora das canles de información ao sector pesqueiro.	1	0	0	0	1	1	3
N24. Implicación da mocidade nas actividades pesqueiras.	1	0	0	0	0	1	2
N25. Maior valorización do produto pesqueiro local.	1	0	0	0	0	1	2
N26. Mellora na trazabilidade dos recursos pesqueiros cara facilitar a identificación dos produtos locais polas persoas consumidoras, especialmente nos intermediarios (depuradoras) e na súa comercialización, así como na restauración.	2	0	1	0	1	1	5
N27. Seguimento do impacto do cambio climático nos recursos pesqueiros (nas especies e ciclos reprodutivos) e nas dinámicas oceánicas e da ría (temperatura, correntes,...) e adaptación aos seus efectos. Concienciación cidadá	0	0	1	0	0	1	2
N28. Análise e establecemento de mecanismos e medidas que permitan un aforro enerxético en toda a cadea de produción (autosuficiencia enerxética), tanto en terra como en mar.	0	0	1	0	0	1	2
N29. Coñecemento das aplicabilidades das novas tecnoloxías e da dixitalización das	2	1	0	0	0	1	4

Necesidades	Obxectivos						Número de actuacións
	1	2	3	4	5	6	
actividades pesqueiras e de diversificación.							
N30. Maior formación no uso de novas tecnoloxías e na súa aplicabilidade para o sector pesqueiro e relacionados e para o conxunto da cidadanía	1	2	0	1	0	1	5
Necesidades cubertas (Nº)	24	18	12	14	14	30	113

Todas as debilidades que se formulan na EDLP, están cubertas no conxunto de obxectivos estratéxicos, o cal indica o alto grao de pertinencia que ten a estratexia no seu deseño.

As necesidades relacionadas coa diversificación teñen un bo aliñamento con varios obxectivos estratéxicos, sobre todo no relacionado cunha maior implicación do sector pesqueiro nas iniciativas de diversificación (N9 ou N13).

Entre as necesidades relacionadas coa conservación dos recursos e o do medio destacada a relativa ao coidado dos espazos medioambientais (N1) houbo ata cinco liñas de actuación que contemplan medidas que dan resposta a esta necesidade.

As necesidades vinculadas coa participación, igualdade e cohesión social (N17-N22) tamén son cubertas, sobre todo as relativas ao aumento de posibilidades de participación de todas as entidades sociais do territorio (N22), onde se relaciona con ata 4 liñas de actuación.

A necesidade de aumentar o nivel de coñecemento do patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro (N6) tamén está recollido dentro de cinco liñas de actuación.

Dentro das necesidades vinculadas a transición enerxética e transformación dixital destaca a grao de cobertura da formación no uso de novas tecnoloxías para o sector pesqueiro (N39), onde se da resposta desde 5 liñas de actuación.

O obxectivo estratéxico 1, o máis vinculado ao sector pesqueiro, ten ata 24 liñas de actuación que responden a necesidades do diagnóstico. A continuación, os obxectivos 2, 4 e 5 vinculados á diversificación, patrimonio e gobernanza son os que máis destacan. O obxectivo 3 responde a 12 necesidades do territorio concentradas nos eidos específicos da preservación do medio ambiente e o cambio climático. Despois viría o obxectivo 5 de gobernanza, estando nun nivel similar os obxectivos 3 e 5. No caso do obxectivo 6, o de cooperación, vincúlase transversalmente a todas ás necesidades debido a que se inclúe na estratexia para axudar a acadar o resto de obxectivos estratéxicos e contempla actuacións relacionadas con todos os obxectivos transversais do FEMPA.

7. Normas para a xestión da EDLP

7.1 Límites de axuda pública

A Orde da Consellería do Mar do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro, e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia, establece no seu artigo 6, as regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo.

En virtude da mesma, o grao de financiamento dos proxectos presentados ao abeiro da correspondente EDLP, para operacións que se leven a cabo en virtude do título II, capítulo IV de Regulamento (UE)2021/1139, terá os seguintes límites.

Táboa 10. Límites de axuda por proxecto con carácter xeral.

Aplicación da EDLP	
Importe máximo de axuda	200.000 €
Importe máximo de axuda de proxectos non promovidos polo sector pesqueiro	200.000 €
Importe máximo de proxectos que non se benefician da exención de aplicación de axudas estado	200.000 €

Táboa 11. Límites de intensidade de axuda pública para operacións que leven a cabo en virtude do Título II, capítulo IV do Regulamento (UE) 2021/1139.

Aplicación da EDLP	Intensidade de axuda
Grao máximo de axuda do investimento subvencionable	50%
Operacións vinculadas á pesca costeira artesanal ⁷	100%
Organizacións de pescadores ou outros beneficiarios colectivos do sector pesqueiro	60%
Operacións que respondan aos seguintes criterios: interese colectivo e beneficiario colectivo	100%
Proxectos amparados en regulamentos de exención de aplicación de axudas de estado	50%

En caso de ser necesario por admitirse porcentaxes superiores ou inferiores, estes límites axustaranse ao regulado nas Ordes de convocatoria de axudas que publique a Consellería do Mar.

⁷ Operacións desenvolvidas por persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo directamente actividades de pesca costeira artesanal e aquelas operacións levadas a cabo por entidades asociativas do sector pesqueiro que desenvolvan proxectos dirixidos só ao sector da pesca costeira artesanal

7.2 Criterios e procedementos de selección dos proxectos

7.2.1 Requisitos de admisibilidade de solicitudes

A admisibilidade das solicitudes estará condicionada polo establecido nas bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo para este período de programación. Cumprirá todos os criterios definidos pola mesma, no tempo e forma estipulados. A maiores terase en conta que cumpre coas disposicións normativas de referencia que afectan a este procedemento en diferentes niveis territoriais (normativa comunitaria, nacional ou galega) ou sectoriais, en función do tipo de proxecto que se presente.

Segundo se establece no artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, serán inadmisibles as solicitudes de axudas presentadas por operadores respecto dos cales a autoridade competente comprobara que:

1. Cometeron infraccións graves con arranxo ao artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello ou ao artigo 90 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, ou con arranxo a outros actos legislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco do PPC.
2. Estiveron involucrados na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión segundo dispón o artigo 40, apartado 3, do Regulamento (CE) nº 1005/2008, ou dalgún buque con pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo establécese no artigo 33 do devandito Regulamento.
3. Cometeron algún dos delitos ambientais establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no caso de que a solicitude de axudas preséntese con arranxo ao artigo 27 do Regulamento 2021/1139.

Se calquera das situacións a que se fai referencia se produce durante o período comprendido entre a presentación da solicitude de axudas e o cinco anos seguintes á realización do pago final, recuperárase do operador o apoio concedido polo FEMPA en resposta á devandita solicitude, de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) 2021/1139 e o artigo 103 do Regulamento (UE) 2021/1060.

Sen prexuízo de normas nacionais máis ambiciosas, tal como se estipulase no acordo de colaboración co Estado membro de que se trate, serán inadmisibles durante un período de tempo determinado as solicitudes de axudas presentadas por un operador respecto do cal a autoridade competente correspondente determinase, por medio dunha resolución definitiva, que cometeu fraude, tal como se define no artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371, no contexto do FEMP ou do FEMPA.

7.2.2 Requisitos de elixibilidade dos proxectos

Para que un proxecto sexa elixible deberá de respectar os seguintes requisitos, con carácter xeral:

1. Tal e como se establece no artigo 6.4 da *Orde do 10 de maio de 2022* os proxectos deberán:
 - Apoiaren a prioridade 3 do FEMPA, encadrarse dentro da EDLP e contribuír aos obxectivos da zona pesqueira onde se vaian a desenvolver.
 - Estaren localizados no ámbito territorial elixible do GALP.

- Seren viables técnica, financeira e economicamente, de ser o caso.
 - Axustárense á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
2. No caso de municipios densamente poboados en que a EDLP non computa a totalidade da poboación (só o integrante do sector pesqueiro e os seus familiares), poderán ser beneficiarias (art. 6.5):
- As persoas xurídicas do sector pesqueiro.
 - As persoas físicas integrantes do sector pesqueiro e os seus familiares.
 - As entidades públicas locais cuxos proxectos estean dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto de territorios da zona pesqueira.
3. Por outra banda, o artigo 5 das mencionadas bases reguladoras indica que as estratexias terán un enfoque importante dirixido ao desenvolvemento do sector pesqueiro, que se traducirá en que un mínimo dun 50 % do orzamento do plan financeiro estará destinado a apoiar este sector, ben que poden ser máis amplas e dirixirse á diversificación das comunidades locais. Un proxecto que apoia o desenvolvemento do sector pesqueiro (proxectos de pesca) é aquel que cumpre polo menos un dos seguintes criterios:
- a) Provee produtos e/ou servizos para exercer a captura/producción, procesado, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.
 - b) Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e/ou do medio mariño.
 - c) Capacita a operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante a formación, sempre e cando o contigo abranga calquera das actividades descritas no apartado a.
 - d) Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras, sempre que o beneficiario sexa unha entidade do sector pesqueiro ou unha entidade pública coa participación ou en colaboración cunha entidade do sector pesqueiro.
 - e) É promovido por un operador do sector, agás aqueles proxectos orientados á diversificación cara actividades económicas fora do sector pesqueiro⁸.
 - f) Beneficia de xeito directo ao conxunto do sector pesqueiro e da acuicultura da zona pesqueira (posta en valor do patrimonio cultural e ambiental pesqueiro, etc...).
4. Que as operacións propostas para seleccionar presenten a mellor relación entre o importe da axuda, as actividades emprendidas e a consecución de obxectivos.
5. Os gastos subvencionables e non subvencionables serán os que se indiquen nas bases reguladoras, no artigo 186.3 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do consello, do 18 de xullo de 2018, no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o artigo 13 do Regulamento (UE) 2021/1139 (operacións ou gastos non subvencionables), do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021.

⁸ A pesca-turismo considerase como parte da actividade pesqueira e o turismo mariñeiro no marisqueo como parte da actividade marisqueira.

7.2.3 Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP

7.2.3.1 Criterios de selección das operacións financiáveis do programa de axudas

O proceso de selección de proxectos que opten á axuda do FEMPA será de concorrencia competitiva, priorizando estes en función da puntuación máis elevada que obteñan, en relación a unha serie de criterios que se inclúen na EDLP.

Os proxectos deben cumprir unha serie de regras para poder seren financiados baixo a EDLP.⁹ Os proxectos deben estar aliñados coa estratexia e deben ser viables técnica, financeira e economicamente. Por este motivo, estruturamos o proceso de baremación en torno a dous tipos de criterios:

- Criterios de carácter excluínente, que deben cumprir todos os proxectos.
- Criterios de valoración de carácter global para todos os proxectos.

Os criterios excluínentes implican que un proxecto poida acceder ou non ao financiamento. O elemento de referencia que temos para a súa comprobación é a memoria técnica do proxecto. Establecemos unha puntuación mínima que deben ter os proxectos para poder ser financiados, pero tamén se valora a calidade e a coherencia da proposta técnica presentada e as garantías que ofrecen as persoas e entidades promotoras.

Son criterios excluínentes: a viabilidade técnica, a viabilidade económica e financeira, a coherencia do proxecto coa EDLP, a ubicación do proxecto no territorio, e a adecuación á normativa sectorial. Estes dous últimos non forman parte da valoración.

Os criterios de valoración de carácter global teñen en consideración diferentes características que definen ás persoas promotoras, a xeración de emprego, a posta en valor dos recursos pesqueiros, a atención aos principais retos do marco estratéxico comunitario, nacional e rexional, a valorización do patrimonio ou a atención aos principios horizontais dos fondos europeos.

Criterios excluínentes

Dentro dos criterios excluínentes valorarase a viabilidade técnica, económica e financeira e a coherencia coa EDLP.

1. **Viabilidade técnica.** A solicitude do proxecto virá acompañada dunha memoria que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico. Da información da memoria extraerese a puntuación tendo en conta entre outros factores: a experiencia da persoa ou entidade que promove o proxecto, os medios humanos e recursos dos que vai a dispor, a coherencia nas actividades que promova e as garantías para a súa execución. Poderá obterse información de contraste a través da revisión doutros documentos necesarios no procedemento, en función da súa natureza, como Plans de Empresa, anteprojectos de obras ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os

⁹ Artigo 6. Regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo. ORDE do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo e grupos de acción local do sector pesqueiro, así como para a concesión da axuda preparatoria, no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia (código de procedemento PE210B).

requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental,...). Este criterio é excluínte, polo cal se requirirá unha puntuación mínima.

2. **Viabilidade económica e financeira.** O principal factor a ter en conta na viabilidade económica é que a memoria sexa coherente na proposta de investimentos e/ou gastos que faga, co tipo de operación que se pretende poñer en marcha. Cómpre diferenciar entre as propostas que inclúan investimentos e gastos, das que só inclúan gastos, xa que van a facer referencia a diferentes tipos de proxectos, que poden ter ou non fin de lucro. Revisaranse criterios de viabilidade económica analizando conceptos como a taxa interna de rendibilidade (TIR), o valor actual neto (VAN), o desglose das amortizacións, etc., nas iniciativas de carácter empresarial. Estes conceptos analizaranse tendo en conta a documentación que se presente: memorias económicas, balances e contas de exercicios anteriores á presentación, de existiren, xa que no caso de empresas de nova creación non se contará con esta información. Para acreditar a viabilidade financeira, poderán terse en conta certificacións bancarias, certificados de entidades ou institucións de crédito, declaracións persoais, etc. No ámbito das administracións locais, confrarías ou entidades do tecido asociativo, deberá acreditarse a capacidade financeira con certificacións por parte dos órganos competentes, en función das súas normas, regulamentos ou estatutos. Para poder acceder ao financiamento do FEMPA requirirase unha puntuación mínima, que de non acadarse implicaría a desestimación do proxecto.
3. **Coherencia do proxecto coa EDLP.** O proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEMPA. Valorarase a atención do proxecto ás necesidades definidas na diagnose da estratexia, o grao de cobertura dos obxectivos da mesma, a relación do proxecto co sector pesqueiro ou colectivos estratéxicos do territorio, así como, a cobertura dos retos estratéxicos da zona pesqueira. Requiritase unha puntuación mínima.
4. **A ubicación no territorio do GALP.** A entidade ou persoa solicitante terá o seu domicilio social ou estará empadroada en calquera dos concellos que pertencen ao GALP. No caso de municipios densamente poboados, só poderán optar a financiamento do programa: as persoas xurídicas do sector pesqueiro, as persoas físicas integrantes do sector pesqueiro e os seus familiares, e as entidades públicas locais cuxos proxectos estean dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.
5. **Cumprimento da normativa sectorial.** Os proxectos deben de axustarse á normativa sectorial que lles resulte de aplicación, sexa de carácter local, autonómica, estatal ou comunitaria.

Este dous últimos criterios non puntúan nos baremos, xa que serían causas de non admisibilidade dos propios proxectos en caso de non seren cumpridos.

Táboa 12.1. Criterios excluíntes e calidade do proxecto.

Nº	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación mínima	Puntuación máxima
0.1	Viabilidade técnica	Coherencia técnica da memoria do proxecto, tendo en consideración a descrición de fases, actividades, resultados, cronograma, etc.	Memoria do proxecto ou documentación complementaria	5	10
0.2	Viabilidade económica	Análise da viabilidade económica do proxecto, tendo en consideración a documentación achegada no expediente	Plan económico do proxecto	5	10

0.3	Viabilidade financeira	Suficiencia financeira para a posta en marcha do proxecto: propia ou externa	Plan financeiro do proxecto	5	10
0.4	Coherencia do proxecto coa EDLP	Coherencia do proxecto coa EDLP e os principios horizontais do Fondo	Asociación aos obxectivos e aos principios horizontais dos Fondos.	5	10
Total de puntuación mínima e máxima neste apartado				20	40

Crterios de valoración global.

Crterio 1. Persoa promotora.

A estratexia terá en conta a tipoloxía de **persoas que promoven o proxecto**. Neste sentido diferenciamos entre proxectos de persoas físicas ou xurídicas. Indicar que no caso das persoas físicas nas zonas urbanas densamente poboadas se terá como referencia para entender que é o sector pesqueiro, o establecido no art. 4.3. (sector pesqueiro e familias) da Orde do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo. Primarase a relación directa das persoas promotoras co sector pesqueiro¹⁰ ou a realización de actividades que apoien ao seu desenvolvemento¹¹. Tamén se primará o carácter colectivo dos proxectos, a atención a colectivos estratéxicos da zona costeira ou a promoción de iniciativas conxuntas.

Táboa 12.2. Características da persoa promotora.

1	Crterio	Descrición	Verificación	Puntuación máxima
1.1.	Proxectos promovidos por persoas físicas	Persoas de alta no sector pesqueiro	Alta en IAE, correspondencia con CNAE sector ¹²	30
		Persoas que apoian o desenvolvemento do sector pesqueiro	Alta en IAE, correspondencia con CNAE sector e relacionadas	20
		Mulleres	DNI	10
		Mocidade ¹³	DNI	10
		Persoas con diversidade	Certificado acreditativo de tal situación	10
		Persoas en risco de exclusión social	Certificado acreditativo de tal situación	10

¹⁰ CNAE: 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723

¹¹ As relacionadas deberían cumprir os criterios dun "proxecto de pesca", tal e como se fixan pola Consellería do Mar no documento: Criterios para a definición dun proxecto de pesca no marco da prioridade 3 do FEMPA 2021-2027.

¹² CNAE: 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723, 4799 (só para venta ambulante de peixe e marisco, con certificación de compra en lonxas de Galicia).

¹³ Considérase mocidade ás persoas que non superen os 40 anos.

1	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación máxima
		Persoas desempregadas, emprendedoras (1º negocio)	Tarxeta demandante de emprego ou alta censal/ declaración responsable	10
1.2.	Proxectos promovidos polas persoas xurídicas (ámbito asociativo) do sector pesqueiro	Confrarías de pescadores	Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	30
		Asociacións profesionais do sector sen ánimo de lucro: redeiras, defensa dos intereses do sector, culturais e de posta en valor do patrimonio		30
		Outras entidades asociativas relacionadas co sector pesqueiro e o mar		30
1.3	Proxectos promovidos polas persoas xurídicas (ámbito asociativo) non do sector pesqueiro	Que promovan actividades relacionadas co sector ou os produtos pesqueiros locais, ou ben que o proxecto atenda aos obxectivos da EDLP	Memoria do proxecto Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	20
1.4	Proxectos promovidos por persoas xurídicas (ámbito empresarial) do sector pesqueiro	Sociedades mercantís e entidades profesionais (OPP, Asociacións de armadores,...)	Alta en IAE CNAE sector primario 0311/0321	30
		Sociedades mercantís dedicadas á transformación ou valorización dos produtos do mar	Alta en IAE CNAE 1021, 1022, 4638, 4723	30
		Sociedades mercantís que apoian o desenvolvemento do sector pesqueiro	Alta en IAE Memoria do proxecto	20
1.5	Proxectos promovidos por persoas xurídicas (ámbito empresarial) non do sector pesqueiro	Sociedades mercantís cuxo proxecto atenda aos obxectivos da EDLP	Memoria do proxecto	10
1.6.	Proxectos promovidos por entidades da economía social, empresas do ámbito da inclusión social	Cooperativas, SSLL, empresas de inserción, fundacións, CEE,...	Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	25
1.7.	Proxectos promovidos por entidades públicas locais vinculados ao sector ou produtos do mar de orixe local	Concellos ou mancomunidades de concellos	Certificación competente da entidade	20
1.8.	Proxectos conxuntos entre entidades da zona pesqueira ou de fóra da mesma	Nº entidades promotoras	Solicitud de proxecto	30
Puntuación máxima neste apartado				30

Criterio 2. Creación ou mantemento de emprego.

Outro apartado é a **creación ou mantemento de emprego**. Avaliarase a eficacia dos fondos públicos na xeración de emprego agás o valor absoluto de empregos xerados co obxectivo de non favorecer aos proxectos de maior envergadura que en boa lóxica serán os que xeren un número maior de emprego.

Avaliarase tamén a porcentaxe de emprego xerado en colectivos desfavorecidos e tamén no sector pesqueiro no que se ven considerando que todos os empregos están en risco de perderse. Para o cálculo da creación de empregos terase en conta o emprego neto xerado, facendo referencia ás unidades de traballo anual (UTA).

A **consolidación ou mantemento de emprego** debe entenderse conforme a Guía de FAME¹⁴. Isto implica que se manteñan o mesmo número de persoas traballadoras que se reflicten na documentación achegada coa solicitude.

Para verificar que se cumpre o mantemento do emprego poderán empregarse informes que rexistren o número de traballadores do solicitante/beneficiario coma o informe de plantilla media de traballadores en alta da Seguridade Social. Terase en conta o número de persoas traballadoras, no ano inmediatamente anterior á data da solicitude do proxecto, comparándoo co mesmo dato no momento en que se realice a última xustificación e, posteriormente, nas accións de control verificarase tamén o mesmo informe.

Táboa 12.3. Creación ou mantemento de emprego.

2	Criterio	Descrición	Verificación	Intervalos de puntuación	Puntuación máxima
2.1.	Creación de emprego	Eficacia dos fondos públicos na xeración de emprego	Importe dos fondos públicos por cada posto de traballo xerado; canto menor sexa, maior será a puntuación, ata un máximo de 10 puntos	Menos de 50.000 €/UTA= 10 puntos Entre 50.000 e 100.000€/UTA= 5 + 100.000€/UTA= 0	10
		Emprego de colectivos prioritarios: Mulleres; Mocidade (≤ 40 anos); Persoas con diversidade funcional; Maiores (máis de 55 anos); Persoas desempregadas; Colectivos en risco de exclusión social	Número de empregos por condición /Altas UTA Documentación que acredite a condición de colectivo prioritario (DNI, documento acreditativo de diversidade funcional ou situación de risco de exclusión, tarxeta demandante de emprego...)	Emprego de colectivos prioritarios: 50% ou mais= 15 Entre 25% e 49%= 10 Entre 10% e 24% = 5 Menos do 10%= 0 puntos	15
2.2.	Mantemento do emprego	Consolidación e mantemento do emprego no sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola	Informe de plantilla media de traballadores en alta, RNT da empresa ou certificación da Seguridade Social do ano anterior á solicitude e no período de xustificación	Manter todo o emprego do ano anterior á solicitude de fondos, 10 puntos	10
Puntuación máxima neste apartado					30

Criterio 3. Posta en valor dos recursos pesqueiros e innovación na cadea de valor.

Enténdese que é necesario reforzar o consumo dos produtos pesqueiros apoiando á pesca costeira artesanal, como actividade sostible. Tamén é necesario apoiar as actividades extractivas do marisqueo e a acuicultura, debido á súa transcendencia global na economía das zonas pesqueiras. Neste sentido poñemos en valor a toda a cadea da pesca e a innovación na mesma, como un factor que xera valor engadido para o recurso e o sector. A innovación enténdese segundo as orientacións existentes no DLP¹⁵.

¹⁴ EUROPEAN COMMISSION – Directorate-General for Maritime Affairs and Fisheries, Unit D.3 (2022): FAMENET Support Unit, working paper on EMFAF MEF 2021-2027, Brussels CT5.1 Final April 2022.

¹⁵ A innovación supón a incorporación de novas actividades, métodos e procesos de traballo, o apoio a novos tipos de empresas, produtos ou servizos, ou a innovación social. Non implica necesariamente unha innovación tecnolóxica, senón que incluso pode consistir en aproveitar o coñecemento dunha comunidade para dar solucións aos retos que se formulan a nivel local. Soe ter un efecto multiplicador ou efecto de

Táboa 12.4. Posta en valor dos recursos pesqueiros e innovación na cadea de valor

3	Criterio	Descrición	Verificación/ Intervalos de puntuación	Puntuación máxima
3.1.	Posta en valor do produto fresco, procedente da pesca, marisqueo ou acuicultura de orixe local, e/ou transformación e comercialización dos produtos do mar	Descrición detallada das accións/actividades da posta en valor e/ou transformación e comercialización dos produtos do mar	Memoria do proxecto Cumprimento en produtos da pesca costeira artesanal, marisqueo e acuicultura de orixe local, 10 puntos Cumprimento en outros produtos pesqueiros, 5 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
3.2	Innovación en calquera fase da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca, marisqueo ou acuicultura de orixe local	Descrición das accións/actividades ou resultados da innovación aplicada en calquera fase da cadea de produción e subministración dos produtos do mar		10
Puntuación máxima neste apartado				20

Crterios 4, 5 e 6. Coherencia cos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais.

Para facer a valoración deste apartado temos como referencia os contidos establecidos na guía “As estratexias de desenvolvemento local participativo no marco estratéxico global FEMPA 2021-2027. Orientacións para encadrar as EDLP nos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais”, publicada pola Consellería do Mar.

Consideramos que os proxectos financiados con cargo ao FEMPA, deben gardan coherencia coas **prioridades de inversión** da Unión Europea para o marco plurianual 2021-2027, adaptándoas ao marco rexional de referencia, que neste caso é Galicia.

Trátase de potenciar e reforzar o financiamento das iniciativas para favorecer:

- A transformación dixital, mediante a innovación, a dixitalización,...
- A transformación ecolóxica, mediante procesos graduais de transición enerxética que permitan avanzar cara a neutralidade climática e a adaptación ao cambio climático
- A sostibilidade, centrada na conservación dos recursos, do medio, a economía circular e a diversificación cara os sectores da economía azul no ámbito local.

A valoración realízase tendo en conta os retos aos que tende o proxecto, tendo sempre como referencia, os contidos da memoria técnica que se presente. Naqueles casos nos que se considere necesario poderás requirirse ao promotor do proxecto a presentación de informes que avalen o contido da memoria ou ben o grupo solicitará informes a peritos nas diferentes materias para avaliar o cumprimento dos criterios de avaliación dos proxectos que se presenten á convocatoria.

Táboa 12.5. Marcos estratéxicos territoriais

arrastre sobre os cambios que a comunidade quere lograr. Coincide coa definición establecida nas bases reguladoras para a selección das estratexias no art. 5.4.d). Definición procedente de varias fontes: metodoloxía Leader e Guías Farnet principalmente.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea

4	TRANSFORMACIÓN ECOLÓXICA	Verificación/ Intervalos de puntuación	Puntuación máxima	
4.1.	Transición enerxética	Redución de emisións de carbono no sector e na cadea vertical da pesca	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
		Incremento da eficiencia enerxética e uso de enerxías limpas		
		Redución do impacto ambiental do sector, sobre todo na cadea alimentaria dos produtos do mar (Consumo Km0,...)		
		Promoción ou concienciación cara unha sociedade máis neutral dende o punto de vista enerxético		
4.2.	Mitigación e adaptación ao cambio climático	Implantación de medidas que combatan o cambio climático e os seus efectos	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
		Promoción de estratexias axeitadas á conservación e uso eficiente dos recursos		
		Implantación de accións de sensibilización sobre o cambio climático		
5	TRANSFORMACIÓN DIXITAL			
5.1.	Infraestrutura e servizos	Adquisición de equipamentos, infraestruturas, servizos ou melloras tecnolóxicas que afecten de maneira directa ao sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola local	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
5.2	Os produtos do mar	Actividades/ proxectos que impliquen a implantación da dixitalización na valorización dos produtos pesqueiros, marisqueiros e de acuicultura de orixe local en calquera fase da cadea de valor	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
5.3.	Competencias dixitais	Adquisición ou mellora de competencias dixitais para as persoas do territorio	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
5.4	Dixitalización transversal	Incorporación de equipamentos, infraestruturas, servizos ou melloras tecnolóxicas en proxectos doutros sectores produtivos ou do tecido asociativo	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
6	SOSTIBILIDADE AMBIENTAL			
6.1	Conservación dos recursos e do medio mariño	Mellora da xestión e da gobernanza dos recursos mariños	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
		Medidas de preservación da biodiversidade do territorio e do medio mariño		
		Medidas que reforcen o papel do sector pesqueiro no coñecemento, preservación e mellora do medio mariño		
		Accións encamiñadas a un mar e zona costeira libre de residuos		
6.2.	Circularidade económica	Proxectos de economía circular procedentes dos residuos do medio mariño e costeiro (especialmente plásticos)	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
		Accións de sensibilización sobre o impacto dos residuos no medio mariño, concienciando da necesidade de pechar o ciclo		

		Promover proxectos que aproveiten subprodutos ou refugallos procedentes da actividades pesqueira, marisqueira e acuícola		
		Promoción de medidas que reduzan o impacto do lixo que produce o envasado, empaquetado dos produtos pesqueiros		
6.3.	Diversificación	Promoción de actividades, bens ou servizos, que promovan a desestacionalización do turismo: actividades ou eventos de turismo náuticos, experiencias gastronómicas,...	Memoria do proxecto: Cumpre 1 criterio= 10 puntos Non cumpre= 0	10
		Promoción de circuitos curtos de consumo e maridaxe da produción agraria coa produción do mar		10
Puntuación máxima neste apartado				30

Critério 7. Posta en valor do patrimonio e a cultura mariñeira.

O seguinte criterio a valorar atende ao **patrimonio ou cultura mariñeira**, diferenciando se afecta ao patrimonio material ou inmaterial e se contribúe á súa divulgación. O patrimonio marítimo pesqueiro reforza a identidade local das zonas costeiras, ao tempo que traslada unha mellor imaxe o positiviza ao sector.

Táboa 12.6. Patrimonio e cultura mariñeira.

7	Criterio	Descrición/intervalos de puntuación	Verificación/puntuación	Puntuación máxima
7.1.	Patrimonio cultural material	Proxectos e actuacións que teñen incidencia nas infraestruturas e equipamentos marítimo-pesqueiros (pobos e vilas mariñeiras tradicionais, mercados de abastos, lonxas, portos pesqueiros, bens inmobles...) e na preservación das embarcacións tradicionais (patrimonio marítimo flotante), das carpinterías de ribeira, artes e útiles de pesca tradicionais	Memoria do proxecto: Cumprimento, 10 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
7.2	Patrimonio cultural inmaterial	Proxectos relacionados coa conservación e preservación do patrimonio cultural inmaterial do mar	Memoria do proxecto: Cumprimento, 10 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
7.3.	Posta en valor e divulgación do patrimonio vinculado ao medio mariño e á zona costeira	Proxectos e actividades que manteñan vivo o patrimonio e a cultura tradicional mariñeira, promovan o seu coñecemento, uso, divulgación e posta en valor	Memoria do proxecto: Cumprimento, 10 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
Puntuación máxima neste apartado				30

Critério 8. Principios horizontais.

O último criterio sería o da horizontalidade, o que coñecemos como principios transversais dos fondos: a igualdade e non discriminación. Neste caso, os aspectos relacionados coa sostibilidade ambiental, xa están contemplados nos criterios anteriores, polo cal non os incorporamos a este criterio. Si pareceu moi acido manter o criterio de avaliar positivamente aqueles proxectos que involucren á mocidade

como un xeito de tentar fixar poboación na zona costeira a partir de achegar á mocidade ao coñecemento dos recursos e oportunidades do territorio.

Táboa 12.7. Horizontalidade.

8	Criterio	Descrición/intervalos de puntuación	Verificación/Puntuación	Puntuación máxima
8.1.	Igualdade de xénero	Proxectos que impliquen unha maior participación, empoderamento e liderado das mulleres da zona costeira	Memoria do proxecto: Cumprimento, 10 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
		Accións que melloren as condicións de traballo das profesionais do sector		
		Accións de sensibilización en materia de igualdade		
8.2	Non discriminación	Accións que impliquen a integración social de diferentes colectivos no ámbito da inclusión social	Memoria do proxecto: Cumprimento, 15 puntos Non cumprimento, 0 puntos	15
8.3	Mocidade	Accións que contribúan á implicación e participación expresa da mocidade	Memoria do proxecto: Cumprimento, 10 puntos Non cumprimento, 0 puntos	10
Puntuación máxima neste apartado				20

Unha vez que se realizou a correspondente valoración nos diferentes criterios, en base aos límites de axuda que se establecen na Orde do 10 de maio de 2022 ou aqueles que establezan as convocatorias para a presentación de proxectos se houberse variacións, a matriz de valoración permitirá asignar a porcentaxe de axuda correspondente tendo en consideración a puntuación obtida na valoración do proxecto e a tipoloxía do proxecto. A Orde do 10 de maio de 2022, contempla unha regra xeral de financiamento e as regras específicas:

- Regra xeral: o tope de financiamento será do 50% do investimento subvencionable.
- Regras específicas:
 - A. As organizacións de pescadores ou outros beneficiarios colectivos do sector pesqueiro poderán chegar ata o 60% de financiamento.
 - B. As operacións vinculadas á pesca costeira artesanal e as operacións que respondan ao interese colectivo e beneficiario colectivo, poderán chegar ata o 100% de axuda.

Táboa 13. Intervalos de puntuación.

Intervalos de puntuación ¹⁶	Regra xeral	Regras específicas	
		A	B
De 50 a 79	40%	40%	60%
De 80 a 119	45%	50%	80%
≥ de 120	50%	60%	100%

¹⁶ As puntuacións contemplan unicamente números enteiros.

Táboa 14. Cadro Resumo dos criterios de valoración.

Criterios EXCLUÍNTES		Puntuación	
		Mínima	Máxima
0.1	Viabilidade técnica	5	10
0.2	Viabilidade económica	5	10
0.3	Viabilidade financeira	5	10
0.4	Coherencia do proxecto coa EDLP	5	10
Puntuación total dos criterios excluíntes		20	40

GLOBAIS		Puntuación máxima
1	Persoa promotora	30
2	Creación ou mantemento de emprego	30
3	Posta en valor dos recursos pesqueiros	20
4,5,6	Coherencia cos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais.	30
7	Posta en valor do patrimonio e a cultura mariñeira	30
8	Principios horizontais e outros	20
Puntuación total dos criterios globais		160

PUNTUACIÓN TOTAL	Puntuación máxima
Puntuación total da operación financiable	200

O GALP é o responsable de aplicar o procedemento de selección de proxectos en función dunhaserie principios de actuación que terán como referencia a normativa existente para o bo funcionamento das administracións públicas. En todo momento respectará tamén os contidos establecidos no seu ámbito estatutario ou normas regulamentarias ou instrucións que emanen por parte da administración competente.

O GALP, na súa actuación como entidade colaboradora na xestión de fondos públicos e especialmente, na selección dos proxectos, adoptará os seguintes **principios**:

- A **igualdade e non discriminación** na asignación dos fondos públicos. Todas as persoas concorrerán nas mesmas condicións ao procedemento, se ben a estratexia pode primar que determinados colectivos sexan prioritarios, o cal se establecerá nos criterios de baremación dos proxectos. Un claro exemplo é o de reforzar a promoción de proxectos por parte de colectivos como o da mocidade, a muller, os colectivos marxinados ou con especiais dificultades de integración social, xa que entre os valores fundamentais do GALP figura o de garantir a cohesión social do territorio. Estes criterios estarán documentados e serán accesibles para potenciais promotores e a cidadanía en xeral.
- A **transparencia** do gasto público. A definición duns criterios baremables obxectivamente e un procedemento claro e coñecido por todos os potenciais promotores, garantirán unha correcta decisión de que proxectos aprobar ou rexeitar. Tanto a resolución da concesión de axuda a proxectos como a súa denegación serán públicos, co obxectivo de favorecer a súa difusión, se ben respectarán en todo momento a normativa de protección de datos de carácter persoal en todo o relacionado coa información privada das persoas e entidades promotoras. Nos casos de

denegación das iniciativas presentadas, indicaranse as causas que motivaron tal decisión. Terase como referencia e realizarase un cumprimento estrito da normativa relacionada en materia de subvencións.

- A **publicidade**, relacionada co principio anterior, garantirá o coñecemento por todas as persoas e entidades dos procedementos vinculados ao programa de axudas, pero tamén dos vinculados á contratación de persoas, gastos de animación, nos que incorra o grupo. Teranse en conta todas as disposicións regulamentarias nesta materia, que están recollidas no Regulamento 1139/2021 no referente á información e comunicación (artigo 60).
- A **eficacia** é outro dos principios que o GALP terá presente, co obxectivo último de dar cumprimento aos fins que se formula na estratexia, mediante o cumprimento dos seus obxectivos, dunha maneira sistemática, ordenada e cuantificada.
- A **eficiencia** do gasto público. Este principio debe terse presente non só no que respecta á aplicación da EDLP (programa de axudas), senón tamén no que respecta aos custos de xestión do programa. Para isto deberán solicitarse diferentes orzamentos, co obxectivo de comparar investimentos no caso de proxectos, ou das posibles actividades de animación que poida realizar o GALP. Teranse coma referencia prezos de mercado, polo cal, de existiren diferenzas notables, poderíase solicitar apoio técnico para facer unha valoración ou unha xustificación motivada do orzamento, sobre todo cando se estea a falar de investimentos dun determinado volume. Enténdese que a eficiencia é a realización dunha acción ao menor custe posible, mantendo os mesmos criterios de calidade do produto ou prestación do servizo.
- Procurar o **consenso** á hora de tomar decisións. Malia a que estatutariamente se contemple unha regra de maiorías á hora de adoptar decisións, o GALP terá en conta as normas que eviten conflitos, intentando procurar que as decisións se adopten por consenso e non por maioría. Isto afondará na boa gobernanza do GALP e na mellora das relacións entre as entidades que o forman. Tanto a decisión por maioría, como os quórum necesarios para a súa adopción, respectarán o establecido no marco estatutario e regulamentario do grupo. Así mesmo velarase polo cumprimento da normativa comunitaria, estatal e autonómica en materia de conflito de intereses.

O **procedemento de selección** dos proxectos que obterán financiamento a través da aplicación da estratexia constará dos seguintes pasos:

1. Convocatoria de ordes de axuda para o financiamento de proxectos. En función dos prazos e forma que se estipulen para a presentación dos proxectos, recolleranse as solicitudes de axuda. Teranse en conta os requirimentos que se establezan na correspondente orde de axudas, sobre todo no que afecta aos requisitos que deben cumprir as entidades ou persoas solicitantes.
2. Recepción de solicitudes. O GALP recibirá as correspondentes solicitudes nos modelos normalizados, as cales incluírán toda a documentación pertinente que se requira en función da natureza do proxecto. A documentación achegada soportará a valoración que se faga en función dos criterios de valoración, que serán previamente definidos. Toda a información que se presente no GALP, será rexistrada correctamente, recollendo nos asentos que se realicen no seu rexistro todos os contidos mínimos que aseguren a transparencia do proceso (número de asento, datas de ingreso/saída, extracto do contido, etc.). A información do proceso será custodiada por un período mínimo de cinco anos, dende a finalización do programa. Unha vez recibidas as solicitudes e visto que compren os requisitos mínimos das mesmas, o equipo técnico realiza a comprobación in situ de que as actuacións para as que solicita a axuda non foron iniciadas emitindo a correspondente “acta de non inicio”.

3. Subsanación de solicitudes. Advertidos erros ou omisións nas solicitudes, poranse en coñecemento da entidade ou persoa promotora, coa finalidade de proceder á súa subsanación, establecendo a tal efecto un prazo determinado. De non responder en prazo, procederase á valoración coa información inicial ou ben ao arquivo da solicitude, entendendo que a promotora desiste do procedemento.
4. Exame e valoración das solicitudes. Unha vez pechado o proceso de recepción de solicitudes, o equipo técnico procederá á súa avaliación, elaborando unha proposta técnica que lle trasladará á Xunta Directiva. Aclarará calquera dúbida sobre a solicitude ou a aplicación dos criterios de valoración. Posteriormente, a Xunta Directiva procederá á súa revisión e emitirá unha proposta provisional, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios do GALP, para revisión por parte das persoas interesadas e realización de posibles alegacións.
5. Rematado o prazo de alegacións, a Xunta Directiva emitirá unha proposta definitiva de proxectos obxecto de financiamento, que lle trasladará á Consellería do Mar. Ao mesmo tempo, publicarase de novo no taboleiro de anuncios do GALP a “Proposta de resolución definitiva da Xunta Directiva”, cos proxectos susceptibles de obter subvención por orde de puntuación acadada nos criterios de valoración. Nesta proposta incídese no seu carácter provisional, o cal non crea ningún dereito a favor das persoas ou entidades solicitantes. A proposta elévase á Consellería do Mar da Xunta de Galicia, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro da Orde de Bases pertinente.
6. A resolución definitiva da concesión de axudas será competencia da Consellería do Mar, a cal comprobará a elixibilidade dos gastos así como que a documentación e a solicitude se axuste ao procedemento de concesión das axudas. A decisión final será comunicada ás persoas promotoras. A resolución desfavorable non imposibilitará que a persoa ou entidade promotora poida reformular a solicitude e volver a concorrer en novas convocatorias de axuda.
7. Aceptación da axuda. A persoa ou entidade promotora, recibirá a comunicación da aprobación da axuda. Esta poderá expresar a aceptación/non aceptación da axuda á Consellería, mediante o escrito que reciba. De non facelo enténdese que aceptaría a axuda. A renuncia ao procedemento implicaría o arquivo da solicitude.
8. Execución do proxecto e xustificación. Unha vez que se acepte a axuda a persoa ou entidade promotora deberá poñer en marcha o proxecto xustificando de maneira dilixente os gastos nos que incorreu ao obxecto de comprobar a súa veracidade.
9. Certificación do GALP. Tanto o equipo técnico do Grupo como o Servizo de Auditoría externa, emitirán as correspondentes certificacións dos gastos acometidos pola entidade ou persoa promotora, que serán trasladadas á Consellería do Mar, para que as revise e proceda ao pagamento da subvención.
10. Pagamento da subvención. Será competencia da Consellería do Mar, a realización efectiva do pagamento da axuda, na conta designada a tal efecto por parte da persoa ou entidade promotora.
11. Por último, o GALP realizará controis periódicos dos proxectos financiados, en base a unha selección aleatoria dos mesmos, verificando que cumpre cos requisitos da súa concesión, e todos aqueles termos que se indiquen no seu momento por instrución do órgano competente da Consellería do Mar.

Todas as reunións da Xunta Directiva estarán documentadas coas correspondentes actas, reflectíndose nas mesmas todas as persoas participantes, as decisións ou acordos adoptados e os motivos de conflito de intereses, de existiren.

7.2.3.2 Criterios para a selección de operacións de cooperación.

No período de programación 2021-2027 as temáticas preferentes para a promoción de proxectos de cooperación será a seguinte:

- **Produtos do mar.** Promoción do consumo de produtos pesqueiros locais: da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, que garantan a súa trazabilidade. Proxectos que impliquen a innovación e/ou transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar. Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro.
- **Diversificación.** Proxectos de turismo mariñeiro ou pesca turismo. Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos. Accións dirixidas a promover a conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turismo) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar.
- **Patrimonio cultural.** Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira
- **Patrimonio natural.** Proxectos de posta en valor do entorno ambiental da zona costeira, que impliquen ao sector ou os produtos pesqueiros. Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras. Formación e proxectos de investigación sobre o cambio climático e a adaptación do sector.
- **Relevo xeracional.** Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicionais e actuais) marítimo-pesqueiros. Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro.
- **Igualdade e inclusión social.** Proxectos que reforcen o empoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade. Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro.
- **Gobernanza.** Proxectos que poñan en valor boas prácticas ou intercambio de experiencias na execución do Fondo. Proxectos de mellora da gobernanza nas confrarías de pescadores e de reforzo do seu liderado na dinamización do territorio

A cooperación é un dos obxectivos estratéxicos que o GALP Ría de Pontevedra seleccionou para a súa incorporación á EDLP territorial. O Grupo propondrá proxectos de cooperación ou ben a súa participación en proxectos promovidos por outros GALP de Galicia, o resto do Estado español ou a Unión Europea. Estudaranse tamén posibilidades de realizar proxectos ou actuacións de cooperación cos Grupos de Desenvolvemento Rural cos que se comparte territorio.

Para poder obter financiamento do 100% requírese ter como mínimo 100 puntos.

A puntuación obtida será o criterio empregado para asignar a prioridade aos proxectos para acceder ao crédito dispoñible en cada convocatoria. Serán admitidos os proxectos con maior puntuación, en función do crédito dispoñible, pasando o resto para lista de agarda.

7.2.4 Procedemento de selección

7.2.4.1 Procedemento para o conflito de intereses

O Regulamento de Disposicións comúns dos Fondos establece que os GALP no deseño e execución das estratexias deben basearse nun procedemento e criterios de selección de proxectos non discriminatorios e transparentes, de modo que se eviten conflitos de interese e se garanta que ningún tipo de interese único controle as decisións de selección¹⁷.

No que respecta aos conflitos de interese empregaranse dous tipos de medidas:

- Medidas de carácter preventivo. Aa comunicación e información ás entidades socias do GALP sobre as diferentes modalidades de conflito de interese e as formas de evitalo. De forma específica, os membros da Xunta Directiva cando participen na selección de proxectos, deberán facer unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI). Esta declaración será extensible a todos os intervenientes nos procedementos de valoración das operacións. Periódicamente avaliarase a posibilidade de realizar comprobacións respecto ao conflito de intereses, por exemplo, a través de diferentes bases de datos
- Medidas para abordar o conflito de interese. A pesar das medidas de prevención, o conflito de intereses pode producirse. Neste caso comunicárase por escrito a existencia de tal conflito ao OIG (Consellería do Mar), aplicando directamente a normativa sobre a materia nos diferentes ámbitos, suspendendo ou paralizando o procedemento en cuestión.

O procedemento para evitar o conflito de intereses, condicionado a revisión, segue as seguintes fases:

1. Declaración de conflito de intereses dos intervintes na selección dos proxectos. Seguirase un modelo –ben normalizado pola Consellería do Mar– ou outro deseñado tendo en consideración as instrucións ou normas referentes a esta temática. Seguiranse os modelos e recomendacións para a súa cobertura que se realicen desde a Consellería do Mar. Este declaración será obrigatoria para todos os intervintes na selección de proxectos: a persoa que instrúa o procedemento, e aos membros da xunta directiva do GALP como asesores ou técnicos de apoio.
2. Enténdese que existe conflito de interese cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións da Xunta Directiva ou persoal vinculado ao procedemento á hora de decidir sobre a concesión de axudas, se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política, interese económico ou outros motivos que poidan perturbar a decisións.
3. Recompilación de declaracións de ausencia de conflito de intereses. A xerencia do GALP, requirirá de cada persoa participante no proceso de selección de operacións financiadas, as correspondentes declaracións de ausencia de conflito de intereses. Os membros da Xunta Directiva asinarán antes de realizar a proposta definitiva dos proxectos. A xerencia e o persoal técnico serán as últimas persoas en asinar ditos documentos. No caso de que a xerencia incorra

¹⁷ Art. 33.3 b) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, de disposicións comúns dos Fondos Europeos.

en suposto conflito, trasladarase este feito á presidencia do GALP, co fin que de que a persoa de maior nivel do equipo técnico, supla a este nas súas funcións.

4. Tratamento e supervisión das declaracións. O GALP levará un rexistro destas declaracións asociándoas ás correspondentes convocatorias do procedemento. A supervisión do procedemento de declaracións e a responsabilidade de manter actualizados os rexistros deberá encargarse a unha persoa que non este directamente implicada na selección de proxectos.
5. No caso de detectarse ou declararse a existencia do conflito de intereses, en calquera momento do procedemento, deberán adoptarse medidas que salvagarden a obxectividade e transparencia do proceso, notificando con carácter inmediato ao correspondente servizo da Consellería competente este feito. Todas as medidas que se adopten a este respecto, deberán estar documentadas de maneira fehaciente.
6. Con carácter posterior, o organismo intermedio de xestión poderá realizar controis para verificar que se cumpre este aspecto, tendo en conta información externa, realizando controis aleatorios ou mediante comprobacións baseadas en análises de riscos ou bandeiras vermellas.

7.2.4.2 Procedemento para a selección de operacións de cooperación

O procedemento de selección debe garantir o principio de separación de funcións (artigo 33.5 do RDC). Á hora de realizar a proposta de proxectos de cooperación definimos dúas funcións diferentes:

- A valoración e puntuación do proxecto.
- A decisión sobre a incorporación do proxecto de cooperación á proposta de resolución das axudas da EDLP.

Neste sentido acórdase que o proceso se artella en base aos seguintes pasos:

- 1) Xunta Directiva: órgano de goberno que decide que se realice un proxecto de cooperación.
- 2) Xerente: elabora o proxecto, busca socios e completa a documentación necesaria establecida na orde de bases.
- 3) Xunta Directiva do Grupo Coordinador¹⁸: acorda a presentación do proxecto de cooperación ante a consellería.

Xunta Directiva do Grupo Socio: acorda a presentación do proxecto e designa ao GALP coordinador.

- 4) Consellería: A Consellería do Mar realizará un control administrativo da solicitude.

O órgano encargado da ordenación e instrución do procedemento será un servizo do organismo intermedio de xestión (OIG), que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

¹⁸ O GALP coordinador é o interlocutor coa consellería para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participantes no proxecto.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos das bases reguladoras efectuará requirimento de emenda, coa indicación de que, se non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

O órgano instructor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, incluída a elixibilidade, que trasladará ao comité de selección a través do GALP coordinador.

5) Comité de selección:

- a) Formado polos representantes designados polos 8 GALP (1 persoa/grupo) que non participaron na decisión de elaborar un proxecto, nin na elaboración do mesmo, nin na decisión do grupo de presentar a axuda. Designarase unha persoa titular e unha persoa suplente. A súa composición sería:
 - i. Técnicos/as dos grupos (non participaron na elaboración do proxecto) no caso de que formen parte do equipo técnico.
 - ii. Membros cualificados da Asemblea, que non sexan membros da Xunta Directiva (non participaron na toma de decisión do acordo de realización e presentación do proxecto).
 - iii. Designaranse suplentes entre os membros da Asemblea que non formen parte da Xunta Directiva.
 - iv. Pódense designar asesores: persoal experto con voz e sen voto.
- b) Designación dun/dunha presidente/a e secretario/a, entre os membros do Comité de selección.
- c) O Comité avalía e aplica os criterios de selección establecidos. Os criterios de selección son únicos e están recollidos nas estratexias dos grupos.
- d) O/A presidente/a do Comité, formula proposta de resolución ao órgano concedente que indicará de forma individualizada aos beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as que se propón a subvención, así como o importe para cada unha delas.
- e) Os expedientes que non cumpran coas esixencias das bases ou a normativa de aplicación, de acordo co informe do servizo instructor da consellería, quedarán a disposición do Comité, que formulará proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.

6) Consellería: aproba os proxectos de cooperación.

Criterios de selección das operacións de cooperación

Puntuación mínima: 30 puntos.

Desempate: segundo os criterios de selección pola orde establecida.

Táboa 15. Matriz de valoración de proxectos de cooperación.

CRITERIOS		VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
1. CALIDADE DA PROPOSTA		0	20 PUNTOS
1.1. Abordan necesidades identificadas nas estratexias		0	5 puntos
1.2. Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos	OE 1	0	1 punto
	OE 2	0	1 punto
	OE 3	0	1 punto
	OE 4	0	1 punto
	OE 5	0	1 punto
1.3. Coherencia entre orzamento e as actividades		0	5 puntos
1.4. Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto		0	5 puntos
2. NUMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES		0	30 PUNTOS
2.1. Número de GALP participantes de Galicia	8	0	30 puntos
	7	0	20 puntos
	6	0	15 puntos
	5	0	10 puntos
	4	0	5 puntos
	3	0	2 puntos
	2	0	1 punto
2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas)	3 ou máis	0	15 puntos
	2 a 3	0	7 puntos
	1	0	2 puntos
2.3. Colaboración con outras entidades de interese	3 ou máis	0	10 puntos
	2 a 3	0	5 puntos
	1	0	1 punto
3. IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS		0	20 PUNTOS
3.1. Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional	Mulleres	0	5 puntos
	Mocidade (ata 40 anos)	0	5 puntos
	Inclusión social	0	5 puntos
	Diversidade funcional	0	5 puntos
4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO		0	30 PUNTOS
4.1. Transformación dixital		0	6 puntos
4.2. Transformación ecolóxica: transición enerxética		0	6 puntos
4.3. Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático		0	6 puntos
4.4. Sostibilidade: economía circular		0	6 puntos
4.5. Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul		0	6 puntos

8. Plan financeiro

Tal e como consta no artigo 5 das bases reguladoras, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro, no seu punto 2, as estratexias deberán garantir que as comunidades situadas en zonas dedicadas á pesca ou á acuicultura marítima aproveiten mellor as oportunidades que ofrece a economía azul sustentable e se beneficien delas en maior medida, capitalizando e reforzando os recursos ambientais, culturais, sociais e humanos, conforme o disposto no artigo 30.2 do Regulamento (UE) 2021/1139.

A estratexia do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra, dedicará un mínimo do 50 % do orzamento do plan financeiro ao apoio de proxectos do sector pesqueiro. Este tipo de proxectos, poderán financiarse baixo o amparo da asignación estipulada a calquera dos obxectivos estratéxicos.

Táboa 16. Plan financeiro da estratexia por anualidades.

	2023	2024	2025	2026	Total	%
Funcionamento	238.170,72 €	238.170,72 €	238.170,72 €	238.170,72 €	952.682,86€	17,0%
Animación	40.935,59 €	40.935,59 €	40.935,59 €	40.935,59 €	163.742,37 €	2,9%
Aplicación da EDLP	1.078.143,88 €	1.136.482,57 €	1.136.482,57 €	1.136.482,57 €	4.487.591,60 €	80,1%
Total gasto público	1.357.250,19 €	1.415.588,88 €	1.415.588,88 €	1.415.588,88 €	5.604.016,83 €	100,0%

Táboa 17. Plan financeiro da estratexia por obxectivos.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total	%
1	504.854,06 €	504.854,06 €	504.854,06 €	504.854,06 €	2.019.416,22 €	45,0%
2	282.718,27 €	282.718,27 €	282.718,27 €	282.718,27 €	1.130.873,08 €	25,2%
3	173.894,17 €	173.894,17 €	173.894,17 €	173.894,17 €	695.576,70 €	15,5%
4	89.751,83 €	89.751,83 €	89.751,83 €	89.751,83 €	359.007,33 €	8,0%
5	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	107.702,20 €	2,4%
6	0,00 €	58.338,69 €	58.338,69 €	58.338,69 €	175.016,07 €	3,9%
Total	1.078.143,88 €	1.136.482,57 €	1.136.482,57 €	1.136.482,57 €	4.487.591,60 €	100,0%

Táboa 18.1. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 1.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 1	504.854,06 €	504.854,06 €	504.854,06 €	504.854,06 €	2.019.416,22 €
Obxectivo específico 1.1	353.397,84 €	353.397,84 €	353.397,84 €	353.397,84 €	1.413.591,35 €
Obxectivo específico 1.2	50.485,41 €	50.485,41 €	50.485,41 €	50.485,41 €	201.941,62 €
Obxectivo específico 1.3	100.970,81 €	100.970,81 €	100.970,81 €	100.970,81 €	403.883,24 €

Táboa 18.2 Plan financeiro da estratexia por obxectivo 2.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 2	282.718,27 €	282.718,27 €	282.718,27 €	282.718,27 €	1.130.873,08 €
Obxectivo específico 2.1	169.630,96 €	169.630,96 €	169.630,96 €	169.630,96 €	678.523,85 €
Obxectivo específico 2.2	113.087,31 €	113.087,31 €	113.087,31 €	113.087,31 €	452.349,23 €

Táboa 18.3. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 3.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 3	173.894,17 €	173.894,17 €	173.894,17 €	173.894,17 €	695.576,70 €
Obxectivo específico 3.1	60.862,96 €	60.862,96 €	60.862,96 €	60.862,96 €	243.451,84 €
Obxectivo específico 3.2	113.031,21 €	113.031,21 €	113.031,21 €	113.031,21 €	452.124,85 €

Táboa 18.4. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 4.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 4	89.751,83 €	89.751,83 €	89.751,83 €	89.751,83 €	359.007,33 €
Obxectivo específico 4.1	67.313,87 €	67.313,87 €	67.313,87 €	67.313,87 €	269.255,50 €
Obxectivo específico 4.2	22.437,96 €	22.437,96 €	22.437,96 €	22.437,96 €	89.751,83 €

Táboa 18.5. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 5.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 5	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	107.702,20 €
Obxectivo específico 5.1	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	26.925,55 €	107.702,20 €

Táboa 18.6. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 6.

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 6	0,00 €	58.338,69 €	58.338,69 €	58.338,69 €	175.016,07 €
Obxectivo específico 6.1	0,00 €	58.338,69 €	58.338,69 €	58.338,69 €	175.016,07 €

9. O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP)

9.1 A asociación

O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra constituíuse formalmente no ano 2008 como entidade sen ánimo de lucro ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e da normativa de aplicación do Estado e da Comunidade Autónoma. Naceu co obxectivo de candidatar á xestión do FEP aplicando o Desenvolvemento Local Participativo á Ría de Pontevedra no Así, nos seus estatutos consta coma o seu obxecto social o de colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación dos axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral e equilibrado do territorio.

Finalizado o período de aplicación do FEP, o Grupo acorda renovar á súa solicitude no período 2014 – 2020 agora ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e adapta o seu noma a nova normativa pasando a denominarse Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) da Ría de Pontevedra.

Nos estatutos do GALP Ría de Pontevedra sinálanse os seguintes fins:

- Dinamizar o territorio, xerando emprego, diversificando a economía local e mellorando o benestar social.
- Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.
- Elaborar e aplicar as EDLP multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da zona pesqueira.
- Seleccionar operacións, no marco da EDLP, para as medidas contempladas para o desenvolvemento da zona pesqueira.
- Capacitar aos axentes locais para implementar a EDLP.
- Reforzar o papel das mulleres, promovendo medidas en favor da igualdade de xénero.
- Promover o desenvolvemento sostible, empregando de forma eficiente os recursos naturais e promovendo a recuperación do patrimonio cultural e medio ambiental.
- Potenciar o valor engadido ás actividades e produtos da pesca.
- Promover a cooperación interterritorial e transnacional con outras asociacións de desenvolvemento local.

Así mesmo, os Estatutos definen como eixos transversais da actuación do GALP o impulso da diversificación de actividades económicas; o impulso de actuacións dirixidas á procura do valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura; o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a promoción de actividades formativas de investigación, prevención e sensibilización; e o fomento de actividades dirixidas á protección do medio natural.

- Tamén se recollen nos Estatutos as actividades que desenvolverá o GALP para acadar os seus finsSensibilización do tecido socioeconómico sobre os intereses de desenvolvemento da zona

- Actividades socioculturais (seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos), e edición de materiais divulgativos.
- Execución e solicitude de programas e proxectos relativos aos desenvolvemento da zona.
- Actividades de formación dirixidas aos colectivos socioeconómicos, especialmente, profesionais do sector pesqueiro, marisqueo e acuicultura, mulleres, mocidade e colectivos en risco de exclusión social.
- Traballo en rede con outros grupos de acción local.
- Intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, procurando liñas de actuación conxuntas.

O GALP Ría de Pontevedra con estes obxectivos e liñas de actuación actúa a prol do desenvolvemento social e económico da zona costeira. A súa actividade impulsa oportunidades para reforzar a vinculación entre entidades de sectores moi diversos, co medio mariño como nexos de unión. O GALP constitúese, polo tanto, como unha ferramenta que pon en común necesidades, saberes, e formas de facer de persoas e entidades que, a priori, non teñen vinculación, pero comparten o territorio. Mediante este espazo democrático e de gobernanza, as entidades cooperan para construír sociedades máis resilientes, onde o mar é fonte económica e laboral, pero tamén de ocio, de sensibilización social e de benestar.

Ao ter coñecemento da apertura dunha nova convocatoria para continuar a súa actividade de promoción do desenvolvemento local participativo, agora ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo da Pesca e da Acuicultura, os órganos de goberno e participación do GALP Ría de Pontevedra acordaron presentar unha candidatura do territorio co apoio dos seus asociados.

Con data de 20 de xullo de 2022, reunidos en Asemblea Xeral, o GALP Ría de Pontevedra aproba a modificación de estatutos para adaptárense ao novo programa. Remítese ao correspondente rexistro de asociacións tal modificación, estando pendente de resolución dito trámite. O GALP comprométese á xustificación da constancia do cumprimento estatutario, remitindo con anterioridade á resolución da aprobación da EDLP, a citada resolución.

9.2 Relación de entidades socias

Táboa 19. Relación de entidades socias do GALP.

Nº	Denominación	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
1	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE BUEU	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1948	215
2	ASOCIACIÓN DE ARMADORES DE BUQUES DE PESCA DE MARÍN	PESQUEIRO	ARMADORES	2008	1997	50
3	CONFRARÍA DE MARÍN	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1944	21
4	CONFRARÍA DE LOURIZÁN	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1950	198
5	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1940	317
6	LONXA DE CAMPELO	PESQUEIRO	LONXA	2008	2000	3
7	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXÓ	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1944	138
8	CONFRARÍA DE PESCADORES "SANTA ROSALIA" DE SANXENXO	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	1943	42
9	CONFRARÍA DE PESCADORES DE PORTONOVO	PESQUEIRO	CONFRARÍA	2008	-	113
10	CONCELLO DE BUEU	PÚBLICO	CONCELLO	2008	NP	NP
11	CONCELLO DE MARÍN	PÚBLICO	CONCELLO	2008	NP	NP
12	CONCELLO DE PONTEVEDRA	PÚBLICO	CONCELLO	2008	NP	NP
13	CONCELLO DE POIO	PÚBLICO	CONCELLO	2008	NP	NP
14	CONCELLO DE SANXENXO	PÚBLICO	CONCELLO	2008	NP	NP
15	CONCELLO DE MEAÑO	PÚBLICO	CONCELLO	2016	NP	NP
16	ASOCIACIÓN AGARIMO	ECONÓMICO	PROPIETARIOS DE VIVIENDAS TURÍSTICAS	2008	1997	85
17	ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE BUEU	ECONÓMICO	COMERCIANTES	2011	1995	24
18	ARGO NAVIS REDE LABORAL	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2016	2014	7
19	ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ESTRELA DE MARÍN	ECONÓMICO	COMERCIANTES	2008	2005	143

Nº	Denominación	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
20	AEMPE - ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA DE PONTEVEDRA	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2016	1978	300
21	AJE PONTEVEDRA - ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2016	1989	127
22	APE GALICIA - ASOCIACIÓN INTERSECTORIAL E INTERTERRITORIAL DE AUTÓNOMOS E PEQUENAS EMPRESAS	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2016	2014	70.200
23	AGANPLUS - ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2016	1999	46
24	ASOCIACIÓN DE POIO DE AUTOTURISMOS	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2008	2000	19
25	ENTRETENDAS CENTRO COMERCIAL URBANO (CCU)	ECONÓMICO	COMERCIANTES	2008	2004	87
26	APASA - ASOCIACIÓN PRAZA DE ABASTOS DE SANXENXO	ECONÓMICO	COMERCIANTES	2008	2007	20
27	APAPO - ASOCIACIÓN PRAZA DE ABASTOS DE PORTONOVO	ECONÓMICO	COMERCIANTES	2008	2008	21
28	ESTACIÓN NÁUTICA RÍAS BAIXAS SANXENXO-O GROVE	ECONÓMICO	EMPRESARIADO	2008	2001	63
29	AVITURGA - ASOCIACIÓN DE VIVIENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA	ECONÓMICO	PROPIETARIOS DE VIVIENDAS TURÍSTICAS	2022	2016	1.000
30	ASOCIACIÓN DE OCEANÓGRAFOS DE GALICIA	SOCIAL	AMBIENTAL	2008	2006	267
31	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA PENÍNSULA DO MORRAZO	SOCIAL	AMBIENTAL	2016	2014	5
32	ASOCIACIÓN AMIGOS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS OS GALOS	SOCIAL	CULTURAL	2008	1999	80
33	ASOCIACIÓN CULTURAL MEIRO	SOCIAL	CULTURAL	2008	1997	40
34	ASOCIACIÓN PARKINSON GALICIA-BUEU	SOCIAL	TERCER SECTOR	2008	2003	162
35	ASOCIACIÓN DE MULLERES VIÚVAS DEMÓCRATAS E EUROPEAS DE VIGO	SOCIAL	IGUALDADE	2008	2005	30
36	ASOCIACIÓN DE MULLERES VIRXE DO PORTO	SOCIAL	IGUALDADE	2008	2001	100
37	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN JOSÉ DE CANTODAREA	SOCIAL	VECIÑAL	2008	1994	125
38	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS LABERINTO DE MOGOR	SOCIAL	VECIÑAL	2008	1992	300
39	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN BLAS	SOCIAL	VECIÑAL	2008	1989	36
40	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS VIRGEN DEL PUERTO	SOCIAL	VECIÑAL	2008	2003	56

Nº	Denominación	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
41	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FRANCISCO PÉREZ DE MOGOR-MARÍN	SOCIAL	VECIÑAL	2008	1988	56
42	ASOCIACIÓN CAMIÑO VELLO DE MARÍN E COMARCA	SOCIAL	XUBILADOS/AS	2008	2001	600
43	GRUPO CULTURAL "RONSEL"	SOCIAL	CULTURAL	2008	1993	200
44	ASOCIACIÓN HISPANO - ALEMANA DE MARÍN	SOCIAL	CULTURAL	2008	2003	20
45	ATENEO SANTA CECILIA - CLUB UNESCO MARÍN	SOCIAL	CULTURAL	2011	1953	240
46	ASOCIACIÓN CULTURAL DE PESCADORES DEPORTIVOS MARIN-TENLO	SOCIAL	DEPORTIVA	2010	-	-
47	REAL CLUB DE MAR DE AGUETE	SOCIAL	DEPORTIVA	2008	1975	250
48	ASOCIACIÓN DE PESCADORES CHIRLEU	SOCIAL	DEPORTIVA	2011	1990	214
49	CLUB DE REMO RÍA DE MARÍN	SOCIAL	DEPORTIVA	2022	2004	47
50	ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA	SOCIAL	AMBIENTAL	2008	1987	360
51	ASOCIACIÓN AMIZADE	SOCIAL	TERCER SECTOR	2008	1988	112
52	GREMIO DE MAREANTES DE PONTEVEDRA	SOCIAL	CULTURAL	2018	1866	436
53	ASOCIACIÓN IRMANDADE ILLA DE TAMBO	SOCIAL	CULTURAL	2016	2015	37
54	GREMMAR - GRUPO DE RESCATE E ESTUDIO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS	SOCIAL	AMBIENTAL	2008	2008	200
55	ASOCIACIÓN DE MULLERES DO MAR DE POIO	SOCIAL	IGUALDADE	2014	2013	240
56	CLUB MARIÑO "A REIBOA"	SOCIAL	DEPORTIVA	2008	2001	25
57	ASOCIACIÓN CLUB NÁUTICO DE RAXÓ	SOCIAL	DEPORTIVA	2008	2004	30
58	ASOCIACIÓN A.D.A.	SOCIAL	CULTURAL	2013	2015	20
59	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL COMBARRO	SOCIAL	CULTURAL	2016	2014	25
60	ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL ATENEO CORREDOIRA	SOCIAL	CULTURAL	2016	1977	20
61	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A LAXE DE RAXÓ	SOCIAL	VECIÑAL	2008	1980	40
62	ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES DE O SALNÉS	SOCIAL	CONSUMIDORES	2008	1995	-
63	ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL RODICIO	SOCIAL	AMBIENTAL	2008	2002	-
64	ASOCIACIÓN AMBIENTAL ANDARELA	SOCIAL	AMBIENTAL	2016	2010	40

Nº	Denominación	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
65	CLUB PIRAGÜISMO PORTONOVO	SOCIAL	DEPORTIVA	2008	1982	53
66	ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	SOCIAL	DEPORTIVA	2009	1997	93
67	CLUB NÁUTICO DE PORTONOVO	SOCIAL	DEPORTIVA	2014	1992	210
68	REAL CLUB NÁUTICO DE SANXENXO	SOCIAL	DEPORTIVA	2015	1951	776
69	ASOCIACIÓN CULTURAL PENAGUDA	SOCIAL	CULTURAL	2015	1984	123
70	ASOCIACIÓN AMIGOS DA MÚSICA DO SALNÉS	SOCIAL	CULTURAL	2015	2010	62

Identificáronse cun asterisco aquelas entidades que teñen como fin a defensa dos intereses de mulleres, das persoas mozas e/ou das persoas con discapacidade

NP: non procede / - : Non dispoñible

9.3 Representación da entidade: órganos sociais

Táboa 20. Composición actual da xunta directiva.

Nº	Cargo	Sector	Entidade á que representa
1	Vogal	Pesqueiro	Confraría de Bueu
2	Vogal	Pesqueiro	Confraría de Marín
3	Presidencia	Pesqueiro	Confraría de Lourizán
4	Vogal	Pesqueiro	Confraría de San Telmo
5	Vogal	Pesqueiro	Confraría de Raxó
6	Vogal	Pesqueiro	Confraría de Sanxenxo
7	Vogal	Pesqueiro	Confraría de Portonovo
8	Vogal	Pesqueiro	Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Marín
9	Vicepresidencia	Público	Concello de Bueu
10	Vogal	Público	Concello de Marín
11	Vogal	Público	Concello de Pontevedra
12	Secretaría	Público	Concello de Poio
13	Tesoureiría	Público	Concello de Sanxenxo
14	Vogal	Público	Concello de Meaño
15	Vogal	Económico	Asociación Centro Comercial Local Estrela
16	Vogal	Social	Club Náutico de Portonovo
17	Vogal	Social	Asociación Irmandade Illa de Tambo
18	Vogal	Social	Asociación Cultural Mulleres do Mar de Poio
19	Vogal	Social	Asociación de Mulleres Virgen del Puerto de Marín

Táboa 21. Representación por xénero nos órganos sociais.

	Asemblea			Xunta Directiva		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Sector pesqueiro	8	1	9	7	1	8
Sector público	5	1	6	5	1	6
Sector económico	9	5	14	1	0	1
Sector social	26	15	42	2	2	4
Total entidades	48	22	70	15	4	19

Táboa 22. Representación por sectores nos órganos sociais.

	Asemblea		Xunta Directiva	
	Número	% dereito voto	Número	% dereito voto
Sector pesqueiro	9	12,68%	8	42,11%
Sector público	6	8,45%	6	31,58%
Sector económico	14	19,72%	1	5,26%
Sector social	41	58,57%	4	21,05%
Total entidades	70	100%	19	100%

O GALP permite a integración de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do seu ámbito territorial e non permiten en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas con ánimo de lucro. Para a adhesión de entidades rexe o principio de portas abertas polo que a composición da súa asemblea é o resultado do interese que o GALP esperta no territorio.

As entidades socias do GALP Ría de Pontevedra representan as características da zona costeira. Dende a súa constitución o Sector Pesqueiro en alianza cos representantes públicos, especialmente co Concello de Marín, foi o motor do funcionamento do GALP.

En relación ao sector pesqueiro, pertencen ao GALP Ría de Pontevedra todas as confrarías presentes no territorio, sendo referentes na colaboración entre entidades e compartindo plans de explotación de recursos. Tamén pertencen ao GALP as asociacións de comerciantes de todas as prazas de abastos existentes no territorio.

Os seis concellos que integran o GALP Ría de Pontevedra son partícipes do grupo como entidades socias. A alianza desenvolta durante o período FEMP a través do grupo antena resultou unha práctica destacable á hora de dar a coñecer a actividade do GALP no territorio, polo que neste período preténdese afianzar esta colaboración entre o GALP e as institucións locais.

No que se refire ao reparto espacial, o GALP Ría de Pontevedra ten a súa base social -as entidades asociadas- repartidas ao longo de todo o territorio costeiro, sendo Marín o concello que ten un número maior de entidades asociadas ao GALP.

As entidades asociadas dos sectores económico e social aportan ao GALP unha visión ampla do desenvolvemento turístico (sostibilidade da oferta hostaleira, ocio e deportes náuticos, xestión de infraestrutura náutica, etc).

Ademais, a presenza da Asociación de xoves empresarios, entre outras, no sector económico vincula ao GALP Ría de Pontevedra co emprendemento económico e, no sector social, as entidades asociadas aglutinan diferentes intereses e sectores de actividade: cultura mariñeira (asociacións de embarcacións tradicionais, Gremio de Mareantes, como exemplo), clubs náuticos e entidades deportivas, asociacións de veciños e culturais.

Neste sentido, as entidades socias do GALP Ría de Pontevedra complementáanse coa participación de asociacións locais que teñen como fins sociais a dinamización cultural, veciñal, de ocio, do patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro, de promoción da igualdade de oportunidades, e co coidado medio ambiental.

Os órganos sociais do grupo son un tecido dinámico e vivo, susceptible de ser ampliado e actualizado no novo período. Sería interesante ampliar a vinculación de entidades de inclusión social, malia que, na súa totalidade, teñen a súa sede social no Concello de Pontevedra o que impide que sexan beneficiarias de proxectos, feito que merma o seu interese en asociarse ao GALP.

9.4 Capacidade do grupo

9.4.1 Experiencia do GALP na xestión

O GALP Ría de Pontevedra naceu co obxectivo de colaborar na execución da programación de fondos comunitarios 2007-2013, do Fondo Europeo de Pesca. No ano 2015 realizase un proceso de candidatura para converterse en nova entidade xestora para o período de programación de fondos comunitarios 2014- 2020. O GALP Ría de Pontevedra elabora a estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, a finais do ano 2015. No ano 2016 o GALP asina o Convenio de colaboración coa a Consellería do Mar, para a aplicación da estratexia, no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, converténdose deste xeito en entidade colaboradora na xestión.

O orzamento contemplado na EDLP anterior ascendía a un total de 5.714.908.28€, do que se executou o 69.6% (estes datos pertencen á xustificación auditada do programa de axudas e dos gastos de xestión, con data 31 de decembro de 2021, excluindo a execución de orzamento do ano en curso). Xustificáronse 3.120.290,63€ do programa de axudas (o 72,8% sobre o total), repartidas entre 99 proxectos aprobados na aplicación da EDLP. Estes proxectos xeraron 49,5 empregos no territorio, e supuxeron investimentos por arredor de 13,2 millóns de euros.

Valórase de forma positiva a execución da EDLP anterior, xa que a presentación de proxectos ao longo do período foi elevada, con 235 propostas. A execución por obxectivos foi equilibrada, o que dá conta da pertinencia da estratexia anterior. O obxectivo de diversificación foi o primeiro en esgotar os fondos dispoñibles, con proxectos relacionados fundamentalmente coa mellora dos servizos relacionados coa actividade pesqueira e a promoción da cultura e do turismo mariñeiro, destacando a execución en proxectos produtivos. O seguinte obxectivo con maior execución foi o relacionado co aumento do valor engadido, supoñendo avances e melloras directas para o sector pesqueiro, destacando a modernización de maquinaria, xeración de novos procesos de transformación e a comercialización. Os obxectivos ligados ao medio ambiente, gobernanza e sociocultural acadaron unha porcentaxe de execución arredor do 70%.

O volume de presentación de proxectos e a execución equilibrada dos obxectivos do programa de axudas demostra a capacidade do GALP Ría de Pontevedra para xestionar estes fondos. O GALP é recoñecido no territorio, ampliando a súa presenza a través das accións de animación e achegando ao público a súa actividade. Os datos de execución e a tendencia ao longo do período anterior permiten afirmar que a xestión do GALP Ría de Pontevedra reforzou a cohesión territorial, e se afianzou como ferramenta que promove o dinamismo socioeconómico desta zona costeira.

9.4.2 Recursos do GALP para a xestión do programa

O GALP Ría de Pontevedra ten a súa sede social no Concello de Marín. A oficina técnica para atención a promotores e xestións administrativas está situada no Departamento de exportadores do Edificio da Lonxa do Porto de Marín onde a Autoridade Portuaria cede o Departamento 14. A sede do GALP está identificada con varias placas publicitarias do GALP e os organismos financiadores que indican o acceso á oficina técnica. O GALP dispón dun local que conta coa seguinte distribución:

- Recepción con capacidade para dous postos de traballo (administrativo / técnico).
- Despacho de xerencia.
- Sala de reunións, con capacidade para o desenvolvemento das Xuntas Directivas e mesas sectoriais.
- Aseos.
- Dúas salas de almacenamento de documentación e equipamento.


A oficina dispón de conexión telefónica e de datos de alta capacidade e conta tamén con equipos informáticos e de reprografía, necesarios para a súa actividade.

Por outra banda, para a celebración de reunións a Autoridade Portuaria de Marín colabora co Grupo mediante a cesión do auditorio para a celebración de Asembleas, foros, charlas e presentacións para o que tamén se conta coa colaboración dos concellos asociados ao GALP Ría de Pontevedra.

Os recursos do GALP Ría de Pontevedra complétanse co seu equipo de xestión. A extensión do territorio, o volume de poboación, e o dinamismo económico desta zona costeira xera unha alta participación nas actividades promovidas polo GALP Ría de Pontevedra. Ademais, o éxito do programa de axudas, reflectido na cantidade de proxectos presentados, supón unha alta carga de traballo, que xustifica a necesidade de contar cun equipo de mínimo dúas persoas e recomendable de tres (xerente, técnico e administrativo).

Na perspectiva de fondos de xestión que achega o Plan Financeiro previsto nesta EDLP, o equipo proposto para o futuro GALP para a Ría de Pontevedra e área de influencia estaría formado por: xerencia, administrativo e un técnico.

Imaxe 4. Organigrama do GALP Ría de Pontevedra.



Táboa 23. Composición do cadro de persoal do GALP. Ano 2022.

Posto da persoa	Xornada laboral
Xerencia	Completa
Técnica*	Completa

* Incorporación en xullo de 2022

Táboa 24. Funcións dos postos de traballo.

Posto	Funcións
Xerencia	<p>Reúne coñecementos e habilidades en desenvolvemento territorial sostible, sector pesqueiro, experiencia técnica no desenvolvemento de proxectos, coñecemento da lexislación e normativa regulatoria, e capacidade na xestión de fondos. As súas funcións son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación da EDLP, xunto cos axentes socioeconómicos do territorio - Coordinación da parte administrativa e de xestión do programa - Coordinar coa Rede de Técnicos de Apoio o Servizo de Atención e Orientación a Promotores - Levantamento de actas de non inicio e seguimento de execución de expedientes - Coordinación da elaboración de informes técnicos e económicos - Dirección da dinamización do territorio, incluíndo o impulso de iniciativas e proxectos - Control do orzamento - Seguimento e control dos proxectos - Informar á Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e apoiar na toma de decisións - Impulsar os procedementos de seguimento e avaliación da EDLP - Xestionar as negociacións respectivas á compra de materiais e contratación de servizos, mantendo relacións de cooperación cos provedores
Técnica	<p>Adicarase a tarefas de dinamización e á xestión cotiá da implementación da RSC na xestión do GALP.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na xestión do programa e dos gastos de funcionamento e animación - Coordinación e control das actividades de dinamización baixo a dirección da xerencia - Colaborar na orientación a promotores - Colaborar na vertebración do tecido asociativo da poboación comarcal - Apoiar á xerencia no seguimento e avaliación
Persoal administración	<p>Colaborará coa xerencia, asumindo as seguintes funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio e execución da comunicación interna do GALP, colaboración na organización de reunións e eventos - Comunicación externa da entidade, como soporte telefónico, correspondencia externa - Realización de tarefas administrativas, con coñecementos de ofimática de xestión - Xestión do rexistro

Grupo Antena

A xerencia apóiase no desenvolvemento das súas funcións por un equipo composto polos axentes de emprego dos Concellos e entidades do territorio, especialmente no relativo á avaliación dos proxectos e a dinamización do territorio. Este equipo se coñece co nome de Grupo Antena.

Está previsto e aprobado pola Comisión de Seguimento para a redacción da estratexia a continuidade desta rede de técnicos, que incrementan a experiencia do equipo na xestión de programas europeos. Ademais, esta rede funciona como Antenas Locais: polo seu posto de traballo a nivel municipal, teñen maior contacto cos posibles emprendedores e poden facer de primeiro contacto entre estas persoas e o GALP, incrementando a difusión do programa.

Ademais está previsto a participación na Rede de Técnicos Locais de Apoio ao GALP doutros técnicos municipais (medio ambiente, servizos sociais, atención á muller, mocidade, inclusión social, entre outros).

Outros servizos de apoio

Se fose necesario, o GALP contará con profesionais cualificados nos diversos sectores ou actividades económicas propias do medio costeiro, que constituirán unha estrutura de asesoramento e apoio técnico. Estes profesionais poderán contratarse por asistencia técnica cando se trate de aspectos puntuais como servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables ou de auditoría.

Procedemento para a contratación de persoal

En función da dotación orzamentaria do programa e da posibilidade de continuidade do persoal técnico no seguinte período, o grupo reforzará o seu equipo de xestión coa contratación de persoal administrativo. A contratación do persoal realizarase a través dun procedemento baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrència, capacidade, experiencia e non discriminación. O GALP terá como referencia as cláusulas establecidas no Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.

Establécese o seguinte:


- O GALP deberá dotarse do persoal suficiente para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora.
- A xerencia – persoal mínimo, con dedicación exclusiva ao posto – deberá contar co reforzo do persoal necesario para a realización das funcións que se encomenden ao GALP Ría de Pontevedra.
 - A selección do persoal do GALP deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria realizándose un procedemento de selección que alineado con estes principios.
- Os postos de traballo que estableza o GALP, deberán retribuírse en aplicación das categorías profesionais e os convenios laborais que regulan a actividade.
- O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral, e polo tanto seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

- O persoal do GALP fará unha declaración na que conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que podan afectar á compatibilidade.
- De ter persoal contratado, o GALP non terá que iniciar un novo proceso de selección de persoal.

9.5 Procedementos de traballo e toma de decisións

O Artigo 10 dos estatutos do GALP Ría de Pontevedra describe como sistema de funcionamento o autogoberno, rexéndose polos principios de representación, observancia, legalidade e democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico, tal como se establece na Lei orgánica 1/2022, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Imaxe 5. Estrutura orgánica do GALP Ría de Pontevedra.



Os órganos de dirección máis importantes son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, sendo a Presidencia e Vicepresidencia delegacións unipersoais destes órganos, realizando labores de representación.

Táboa 25. Asemblea Xeral.

Asemblea Xeral	
	Unha persoa en representación de cada unha das entidades socias.
	En período de revisión e actualización, a composición actual é a seguinte:
Composición	9 sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola
	6 sector público
	14 sector económico
	42 sector social

Asemblea Xeral

Funcións	<p>Aprobar a memoria de actividades e a planificación das actividades a realizar.</p> <p>Aprobar contas anuais, (ingresos e gastos, e orzamento anual para o exercicio seguinte).</p> <p>Censurar a xestión da Xunta Directiva.</p> <p>Establecer número, composición e representación dos órganos sociais.</p> <p>Nomear integrantes da Xunta Directiva.</p> <p>Coñecer as cuestións que afecten á marcha da entidade.</p> <p>Acordar a contía das cotas de ingreso, periódicas e derramas extraordinarias, e a forma de pago.</p> <p>A disposición ou alleamento dos bens do GALP.</p> <p>A solicitude de declaración de utilidade pública.</p> <p>A constitución dunha federación ou integración nela.</p> <p>A aprobación e modificación dos estatutos.</p> <p>A aprobación do regulamento de réxime interior.</p> <p>A disolución do GALP Ría de Pontevedra.</p> <p>A admisión de novas entidades asociadas ao GALP.</p>
Sistema de voto	<p>Cada persoa representante das entidades ten un voto. O presidente terá voto de calidade en caso de empate.</p>
Adopción de acordos	<p>Por maioría simple de votos (agás nos casos das contías das cotas, disposición ou alleamento de bens, declaración de utilidade pública, constitución dunha federación, aprobación e modificación de estatutos, aprobación do regulamento interior e disolución do GALP, onde se require o voto de dous terzos da Asemblea).</p> <p>Os acordos quedarán reflectidos nunha acta.</p>
Reunións	<p>Sesións ordinarias e extraordinarias. A sesión ordinaria convócase unha vez ao ano, dentro dos tres primeiros meses. As sesións extraordinarias celebraranse tantas veces como sexa necesario, sendo convocadas por acordo da Xunta Directiva ou por petición dun 10% das entidades socias.</p>

Táboa 26. Xunta Directiva

Xunta Directiva	
Composición	<p>Por elección da Asemblea Xeral. Estará integrada pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería, xunto con 14-16 vogais. A distribución por sectores está estipulada da seguinte maneira:</p> <p>8 representantes do sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola.</p> <p>4 representantes do sector social</p> <p>1 representantes do sector económico 6 representantes do sector público.</p>
Funcións	<p>Aprobar a EDLP e as súas modificacións.</p> <p>Resolver cuestións que afecten á marcha da entidade.</p> <p>Promover a administración da asociación conforme aos estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.</p> <p>Nomear ás persoas administradoras e representantes.</p> <p>Propoñer á Asemblea Xeral cambios nos membros do GALP.</p> <p>Cumprir as normas estatutarias e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.</p> <p>Resolver dúbidas suscitadas da interpretación das normas estatutarias.</p> <p>Aprobar as normas regulamentarias.</p> <p>Presentar anualmente información á Asemblea Xeral.</p> <p>Planificar e controlar as actividades económicas e financeiras da asociación.</p> <p>Organizar, coordinar e distribuír os traballos e responsabilidades das persoas representantes.</p> <p>Planificar programas e actividades, así como a súa posta en marcha.</p> <p>Coñecer e aprobar a memoria de actividades sociais e a súa planificación.</p> <p>Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP.</p> <p>Avaliar e elevar propostas de resolución de proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería do Mar.</p> <p>Contratar persoal e xestionar expedientes de contratación.</p>
Sistema de voto	Un voto por membro.
Adopción de acordos	Maioría simple de votos de persoas asistentes á reunión.
Reunións	<p>Sesións ordinarias e extraordinarias. As sesións ordinarias convócanse unha vez por trimestre. As sesións extraordinarias poden ser convocadas pola Presidencia, ou por iniciativa dun terzo das persoas que forman a Xunta Directiva.</p>

A presidencia é exercida por unha persoa elixida entre os representantes do sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola da Asemblea Xeral. Entre as súas funcións está a de exercer a representación legal da entidade.

A vicepresidencia é elixida entre os representantes dos sectores social, económico e público da Asemblea Xeral. Substitúe á presidencia e é elixida entre os membros da Xunta Directiva.

Os órganos de xestión, Secretaría e Tesourería, son elixidos entre os membros electos da Xunta Directiva. O primeiro ten como función principal levar a xestión dos libros da entidade, mentres que o segundo leva o control legal dos ingresos e gastos da entidade.

Xestión de entidades e persoas socias

Poden ser socias todas aquelas entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, administracións locais e entidades públicas que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial dos concellos que configuran a zona da Ría de Pontevedra e suprazonais, quedando excluída expresamente a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

O GALP debe de estar constituído por entidades representativas das seguintes mesas sectoriais:

- Sector pesqueiro.
- Sector social.
- Sector económico.
- Sector público.

Entre os dereitos das persoas asociadas cómpre sinalar os seguintes segundo os estatutos:

- Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva.
- Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- Aprobar en Asemblea o balance do exercicio e o orzamento anual.
- Solicitar información sobre aspectos da marcha do GALP.
- Participar nas actividades da asociación.

Son obrigacións das persoas socias:

- Satisfacer as cotas de entrada e mantemento.
- Acatar os estatutos e os acordos adoptados polos órganos sociais.
- Ocupar os cargos para as que resulten elixidas e desempeñar as súas obrigacións.
- Participar e realizar as tarefas que lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou outros órganos que se creen.
- Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco, afinidade ou adopción, ou de amizade ou inimidade manifesta.
- Fomentar os obxectivos que promove a asociación.

A perda de condición de persoa socia pode derivar dos seguintes factores:

- Por decisión voluntaria.
- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas.
- Por perda de representatividade ou dos requisitos necesarios.
- Por extinción da persoa xurídica.
- Polo impago de cotas que se acorden en Asemblea Xeral.

Responsabilidade Social Corporativa

O GALP Ría de Pontevedra realizou a diagnose para a implantación da RSC e formación do seu persoal e Xunta Directiva para completar o proceso.

A persoa encargada da RSC é a xerencia.

Dende o ano 2020 elabóranse memorias anuais de RSC nas que se recollen unha serie de recomendacións relativas á aplicación da EDLP e á xestión do grupo, que fomentan a Responsabilidade Social Corporativa en distintos ámbitos:

Medidas para favorecer a participación das entidades socias e axentes externos

Entidades socias:

- Listaxe actualizada de potenciais entidades socias e protocolo de comunicación e achegamento a eles.
- Definición de protocolos de colaboración, participación e rexistro de diferentes grupos de interese, tanto internos como externos
- Planificación de datas, horarios, formas e prazos de convocatoria, contidos e devolución da información das reunións.
- Ordenación e calendarización de reunións cos diferentes sectores e perfís de axentes socias e institucionais.
- Promover horarios compatibles coa vida familiar.
- Garantir información previa ás reunións con suficiente antelación.
- Realización de xuntanzas informativas destinadas a asistencias técnicas das confrarías, agrupacións de marisqueo a pé e a flote, concellos e agrupacións de recursos específicos.

Axentes externos:

- Promover espazos networking e outros espazos informais.
- Organización de visitas ou entrevistas con posibles persoas e entidades promotoras.
- Organización de talleres para presentación de iniciativas de animación e de resultados de iniciativas de persoas emprendedoras.
- Promoción en prensa e en Feiras.

Medidas para favorecer a participación feminina e o asociacionismo de mulleres

- As reunións planifícanse con antelación suficiente para non obstaculizar as responsabilidades persoais.
- Dado que a maioría das entidades asociadas, teñen un representante e un suplente no Grupo, promoverase que sexan unha muller e un home.
- Deseño participativo e implementación dun plan de igualdade e visibilización do compromiso do GALP Ría de Pontevedra coa igualdade.
- Ofrecer cursos de formación para mulleres en temáticas relacionadas coa participación: liderado, traballo en equipo, confianza e comunicación, apoderamento e motivación, asociacionismo, etc.
- Acompañar e informar a aqueles grupos de mulleres do sector pesqueiro que amosen interese para a creación dunha asociación en favor dos seus intereses
- Desenvolvemento de accións de formación e sensibilización sobre igualdade no seo da entidade
- Velar polo uso non sexista da linguaxe e coidar o tratamento igualitario nos contidos dos dispositivos comunicativos do GALP.
- Velar polo uso de imaxes que promovan a igualdade de xénero (empregadas para difundir actividades, accións programáticas e comunicativas), e que non afonden nos estereotipos de xénero.
- Incorporar a variable “sexo” no deseño e na avaliación das accións desenvoltas, para coñecer o impacto do programa de axudas e das accións de dinamización en homes e mulleres, identificando ámbitos nos que haxa desequilibrios, para poder corrixilos.

Medidas para un bo goberno e xestión responsable

Seguimento órganos sociais e de xestión.

- Definir e aplicar mecanismos de autoavaliación. Realízase nas memorias anuais de RSC.
- Difusión periódica da memoria de actividades. Realízase dende o ano 2016

Incorporación de novas socias

- Planificación reunións informativas e de traballo.
- Achega de información.
- Elaboración de protocolos de acollida.

Formación órganos sociais

- Identificación de necesidades formativas e organización de accións de formación. Seguimento e recoñecemento da formación.
- Grupo de traballo RSC.
- Fomento do traballo en equipo. Realízase co equipo ANTENA
- Establecemento dun Código ético de funcionamento.

Medidas para un bo goberno e xestión responsable

Integración de todos os territorios

- Encontros en distintos concellos do GALP. Realízanse as Asembleas de forma rotatoria entre os diferentes concello do territorio.

Transparencia

- Dar a coñecer as memorias anuais nun formato axeitado para a difusión. Realízase dende o ano 2016.

Medidas para incentivar o traballo en rede e cooperación

- Contacto fluído e intercambio de experiencias con outros GALP, tanto galegos como do resto do territorio español e europeo. En marcha.
- Organización de actividades (visitas de estudo, actividades de promoción/sensibilización...) tanto a nivel individual como en cooperación co resto dos GALP de Galicia. En marcha
- Contacto fluído e intercambio de experiencias cos dous GDR ubicados no territorio. En marcha
- Relación con axentes públicos e privados especializados. En marcha
- Seguimento de iniciativas en webs de referencia.

Medidas para o fomento do desenvolvemento sustentable e a innovación

Emprendemento e innovación:

- Intercambio de coñecementos e experiencias e boas prácticas.
- Fomentar as relacións con axentes e organismos de innovación.
- Actos e eventos de networking e confraternización
- Realizar eventos de xeración de ideas empresariais.
- Visita da Xunta Directiva do GALP aos proxectos financiados mais significativos de todo o territorio e cambio de impresións entre as persoas socias do GALP e as persoas e entidades beneficiarias das axudas.
- Promoción a nivel español de proxectos financiados polo GALP, a través de presentacións en Seminarios e Conferencias dirixidos aos Grupos españois e, tamén a nivel europeo, facendo presentacións e exposicións nas que incluso participaron os promotores beneficiarios de axudas.
- Información sobre proxectos innovadores e difusión das súas iniciativas.

Patrimonio natural e cultural:

- Deseño de accións destinadas a súa preservación.
- Organización de campañas e talleres informativos e deseño de accións de promoción e divulgación do patrimonio, do turismo mariñeiro e de boas prácticas medioambientais en prensa, radio, webs e redes sociais.
- Campañas de sensibilización entre tódolos colexios do territorio.

Medidas para o fomento do desenvolvemento sustentable e a innovación

Desenvolvemento endógeno

- Fomento de produtos locais e de km0.
- Contacto e apoio ás actividades deseñadas por colectivos medioambientais, ecoloxistas, turísticos, etc. Do territorio, e promoción das súas actividades a través das redes sociais, así como da potenciación da compra e consumo de produtos sostibles dentro da zona costeira.

Identificación e seguimento de iniciativas:

- Información das axudas do programa adaptadas/incardinadas/orientadas as especificidades dos proxectos ou iniciativas potenciais.
- Organización de talleres para promotores, co obxecto de orientar na redacción de proxectos.
- Apoio e difusión dos proxectos despois da concesión da subvención.

Medidas para fomento do consumo responsable

Provedores de bens e servizos:

- Apoio aos produtos/organizacións de comercio xusto, compra pública responsable e entidades de economía social e entidades que garantan condicións laborais dignas, inclusión social, transparencia e respecto ao medio ambiente.
- Accións de apoio á economía do territorio e contratación de empresas, na medida do posible, do territorio.
- Fomento da inserción sociolaboral de persoas en situación o risco de exclusión.

Residuos:

- Redución, reciclaxe, reutilización. Limitar o uso de consumibles e favorecer os soportes dixitais, usar produtos con menor empaquetado, separar e reciclar residuos, difundir estas prácticas entre as socias e, en especial, a comunidade pesqueira.
- Consumo responsable de enerxía para calefacción, uso dos equipos informáticos e acendido de luces e reciclaxe do material de oficina.

Medidas para a mellora da comunicación

- Establecemento de pautas de comunicación das iniciativas
- Prensa e revistas de tirada nacional e internacional, roldas de prensa, entrevistas en radio e TV, visitas de estudo, xornadas promocionais, xornadas de intercambio e de formación, etc.
- Organización de foros de presentación de proxectos aprobados
- Fomento das redes sociais e novas tecnoloxías.

10. Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio

Durante o período 2023-2027, a política agrícola común articularase ao redor de dez obxectivos clave, orientados a fins sociais, ambientais e económicos. Estes obxectivos trasládanse aos obxectivos específicos e transversais no Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PAC) 2023-2027 en España e serán a referencia para a ordenación dos fondos e das políticas para o desenvolvemento rural en Galicia.

Os obxectivos son os seguintes:

1. Asegurar ingresos xustos.
2. Incrementar a competitividade.
3. Reequilibrar o poder na cadea alimentaria.
4. Acción contra o cambio climático.
5. Protección do medio ambiente.
6. Conservar a paisaxe e a biodiversidade.
7. Apoiar o relevo xeracional.
8. Manter zonas rurais dinámicas.
9. Protección da calidade dos alimentos e da saúde.
10. Modernizar o sector agario a través do coñecemento, a innovación e dixitalización das zonas rurais (transversal).

Estes obxectivos incardínanse, claramente, dentro da EDLP do GALP Ría de Pontevedra e, polo tanto, os obxectivos, liñas de actuación e accións alíñanse e complementáanse amplamente co Plan Estratéxico en España da Política Agraria Común (PAC).

A súa vez, o plan estratéxico da PAC de España desenvolve o programa LEADER, no marco do Feader, e no que establecen os principais obxectivos para o desenvolvemento económico sostible das zonas rurais.

Os principais instrumentos para a posta en práctica dos obxectivos do programa Leader en Galicia son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que algúns coinciden na súa actuación no territorio con Grupos de Desenvolvemento Local do Sector Pesqueiro. En concreto, nesta zona costeira o GALP coincide co GDR Salnés Ulla-Umia e GDR Pontevedra-Morrazo.

Tanto os GDR como os GALP pretenden responder aos mesmos retos económicos, sociais e medioambientais aos que se enfrontan os territorios. Polo tanto crear sinerxías e cooperación entre ambos axuda dar unha resposta máis eficaz ás necesidades identificadas nas estratexias actuais.

No caso do LEADER o principal obxectivo é de promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento

local na zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sostible. Este obxectivo pretende atender as seguintes necesidades:

Necesidades	Prioridade PEPAC	Relación coa EDLP do GALP
Permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres	+++	***
Sistemas agro-alimentario e forestal sostibles e diversificadores	++	***
Emprendemento e talento innovador	+++	***
Infraestruturas e servizos en áreas rurais	++	***
Desenvolvemento endóxeno	++	***
Mellora de colectivos en risco de exclusión social	+	***
Bio-economía	+++	***
Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bio-economía	+	***
Xestión forestal sostible	++	0
Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo	+	0
Explotacións de mulleres	++	***
Incorporación e permanencia mulleres	++	***
Órganos de decisión e mulleres	++	***
Prioridade PEPAC: Primeiro nivel: +++ Segundo nivel: ++ Terceiro nivel: + Relación coa EDLP do GALP: Alta: *** Media: ** Baixa: * Sen relación: 0		

As necesidades que atende o obxectivo do LEADER e que coinciden coas principais prioridades do plan estratéxico da política agraria común teñen, tamén, unha ampla cobertura dentro da EDLP do GALP.

É significativo que as necesidades do LEADER cunha atención de primeiro nivel na PEPAC tamén gardan unha forte relación coa EDLP do GALP.

Isto tradúcese en que as principais medidas que desenvolverá(n) o(s) GDR a través do programa LEADER complementáanse coas actuacións recollidas na EDLP do GALP. A atención a novos colectivos (mulleres, mocidade), o emprendemento e a innovación, así como a bio-economía ou economía circular do LEADER están recollidas nos Obxectivos Estratéxicos 1 e 2 da EDLP do GALP. A estratexia do GALP recolle amplamente medidas destinadas a favorecer o incremento de iniciativas emprendedoras e innovadoras, buscando o talento en actividades marítimo-pesqueiras e relacionadas co mar. A súa vez, promóvense accións que xeren novas oportunidades profesionais das mulleres no mundo do mar e co apoio de programas de conciliación. Tamén se destaca e recolle na EDLP, en consonancia co LEADER, a importancia do sector pesqueiro como alternativa laboral e xeradora de emprego e a súa importancia no desenvolvemento cultural, económico e social dos territorios costeiros.

Nun segundo nivel de necesidades que atender, dentro obxectivo LEADER, están as relativas á incorporación e mantemento do emprego e a empregabilidade das mulleres, así como impulso a unha maior participación das mulleres nos órganos de representación. Cuestións que teñen unha importante cobertura dentro da EDLP do GALP a través do Obxectivo Estratéxico 1. Neste sentido a EDLP, promove e pon de relevo a relevancia de iniciativas lideradas por mulleres, incrementando a súa participación e visibilización dentro do sector pesqueiro.

Os sistemas agro-alimentarios e o desenvolvemento endóxico que están contemplados dentro das necesidades do obxectivo LEADER tamén forman parte da centralidade da estratexia do GALP (Obxectivo Estratéxico 1 e 3), xa que é fundamental para o sector pesqueiro a necesidade de conservar o medio e os recursos pesqueiros para un verdadeiro desenvolvemento endóxico, así como a posta en valor do produto pesqueiro a través da mellora da trazabilidade na súa cadea de valor e no seu consumo, dentro dunha alimentación saudable e de proximidade.

As necesidades menos prioritarias que se recollen no obxectivo LEADER tamén se contemplan dentro das actuacións da estratexia do GALP e que aparecen reflectidas, claramente, na EDLP. Desta maneira, no Obxectivo Estratéxico 1,ponse de relevo, dentro da aposta estratéxica do GALP, a necesidade de promover iniciativas que redundan nunha maior inclusión de colectivos sociais nas actividades marítimo-pesqueiras e relacionadas co mar, mellorando así, a súa empregabilidade e integración social da zona costeira. Outra das necesidades que atende o obxectivo LEADER como é a formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bio-economía ou economía circular tamén se recolle a estratexia do GALP no Obxectivo Estratéxico 2 que incide, claramente, que o primeiro paso para o fomento da economía azul e a circularidade económica da zona costeira pasa pola investigación, formación e divulgación que aseguren a transferencia de coñecementos e aprendizaxes.

11. Plan de animación na aplicación da EDLP

O obxectivo estratéxico do Plan de Animación é posicionar ao GALP como entidade de referencia no desenvolvemento do territorio mediante a coordinación efectiva de todas as canles de comunicación externa do GALP e, especialmente, entre as tradicionais e as que ofrecen as novas tecnoloxías.

O GALP debe ser coñecido e recoñecido no seu territorio a acadar o respaldo de todos os axentes e da veciñanza nas súas actuacións.

Con esta finalidade propóñense os seguintes obxectivos específicos para a elaboración do plan de Animación:

- Difundir a EDLP, os seus obxectivos estratéxicos e os principios que a inspiran.
- Dar a coñecer a todos os posibles interesados o programa de axudas os seus requisitos, convocatorias e procedementos de tramitación.
- Trasladar aos axentes do territorio e as diferentes institucións internas e externas coas que se relaciona o GALP os resultados da súa xestión.

A consecución destes obxectivos específicos require a posta en marcha de actuacións coordinadas e subordinadas así como ordenadas temporalmente.

A difusión da EDLP (Obx. Específico 1) require das seguintes actuacións:

1. Posicionamento do GALP Ría de Pontevedra a partir de dotalo dunha imaxe corporativa que o faga identificable e establecemento dunha liña de comunicación coherente cos seus obxectivos e axeitada aos diferentes públicos destinatarios.

Isto suporá as seguintes actuacións:

- Mantemento / creación / personalización e, en todo caso, emprego da identidade gráfica do GALP para a mellora do seu coñecemento e recoñecemento no territorio, fomentando a cultura corporativa que contribuirá a reforzar o sentido de pertencencia ao Grupo.
- Posta en marcha dun gabinete de comunicación que elabore e transmita a información da actividade do GALP de forma eficaz, dirixida ao público obxectivo e de forma coordinada entre os diferentes canles tradicionais e on line.

2. Desenvolvemento de accións de difusión da EDLP de forma coordinada en diferentes medios e momentos:

- Aprobación da EDLP: Foro público de exposición da EDLP.
- Elaboración campaña de medios e redes sociais
- Elaboración de material de difusión
- Organización de talleres de proximidade orientados a diferentes colectivos ara a presentación da EDLP, os seus obxectivos e procedementos de xestión.

Esta acción inicial deberá reiterarse como reforzo con cada convocatoria de presentación de proxectos.

O dar a coñecer a todos os posibles interesados o programa de axudas (Obx. Específico 2) realizarase tendo en conta as seguintes necesidades particulares:

- Difundir entre os beneficiarios potenciais, as oportunidades financeiras da EDLP.
- Informar aos beneficiarios potenciais, en cada convocatoria, dos requisitos para acceder á financiación, os criterios de selección das operacións, as obrigas que haberán de asumir se finalmente son seleccionados e os enderezos de contacto para ampliar a información sobre a EDLP e sobre a convocatoria en cuestión.
- Comunicar aos beneficiarios as súas obrigas en materia de xestión e publicidade
- Estimular a participación nas actividades do GALP por parte de todos os axentes, ofrecendo apoio e asesoramento na formulación de propostas, orientando sobre tendencias e áreas de coñecemento relevantes, ofrecendo información de contexto social e administrativo.
- Estimular o xurdimento de iniciativas, animar e facilitar que o carácter das iniciativas atenda debidamente ás características da estratexia e ás necesidades da súa execución. Facendo fincapé no interese de adoptar aproximacións innovadoras, de aproveitar a experiencia do pasado, de adoptar medidas de inclusión, de propiciar a igualdade, etc.

O obxectivo específico 3 orientado á difusión dos resultados ten unha vertente múltiple.

A máis inmediata e trasladar os resultados da actividade do Grupo en particular, os indicadores de xestión establecidos na EDLP á cidadanía, mais tamén ten sentido proxectar as boas prácticas do GALP e dos seus axentes cara fóra, tanto cara a outras áreas costeiras de Galicia coma noutros territorios.

Os destinatarios das accións de comunicación deben tratarse de forma individualizada e adaptada as súas necesidades. Consideraranse diferentes orientacións á comunicación en función do público obxectivo da comunicación:

- Poboación en xeral, por exemplo, en actividades de concienciación.
- Sector pesqueiro. Empregaranse aos representantes das entidades como vectores da comunicación mais sen esquecer poñer en marcha mecanismos que garantan chegar ao conxunto do sector como cartelería ou publicacións en lugares de interese – físicos ou os que ofrecen as novas tecnoloxías-.
- Técnicos de entidades ou xestores.
- Emprendedores, promotores de proxectos.
- Mulleres
- Mocidade
- Colectivos con necesidades especiais.
- Asociados
- Entidades de xestión do FEMPA en diferentes niveis territoriais.

A posta en marcha destas actuacións debe ter en conta os diferentes públicos obxectivos e organizarse coa linguaxe e os interlocutores axeitados para cada colectivo seguindo as seguintes pautas:

Sector pesqueiro e outros sectores económicos

- Organización de Talleres “de proximidade”, pequenas reunións dirixidas a grupos de público específico, orientadas a abordar cuestións concretas, por exemplo, economía circular aplicada á comercialización e transformación de produtos pesqueiros,..
- Organización de talleres para animar a posibles promotores e identificación de posibles proxectos/iniciativas, boas prácticas a fin de poder optar ao programa de axudas.
- Realización de actividades sectoriais que sexan de interese para o sector pesqueiro: formación específica, dinamización das distintas entidades do sector, etc.
- Atención a promotores. Desenvolvemento de visitas e entrevistas informativas, con especial interese na atención personalizada a concertar con entidades e promotores a título individual. Servirán para prestar orientación, informar das posibilidades de apoio a través do GALP, informar de iniciativas nas que interesa a colaboración, etc. O GALP terá sempre visibles os datos de contacto e deberá contemplar a dispoñibilidade a atender calquera petición de información por correo electrónico ou teléfono ao respecto da súa actividade.

Comunicación coas entidades socias.

- É unha obriga do Grupo manter debidamente informados a todos os seus membros sobre as actuacións previstas, en curso e futuras, e ofrecer mecanismos de interacción para facilitar a comunicación en todas as direccións.
- Resulta de especial importancia chegar coa información sobre a actividade do GALP aos actores individuais, dentro dos colectivos representados no mesmo, e satisfacer debidamente as súas necesidades de información establecendo con eles un canal bidireccional de comunicación.
- Empregaranse ferramentas de “buzoneo”, como boletíns ou envíos masivos de información. Será o medio regular de contacto con todas as organizacións adheridas ao GALP. Utilizarase para transmitir información de rutina, e especialmente para convocar e animar á participación nas iniciativas que se dinamicen dende o GALP. Redactarase con periodicidade mensual un boletín coa actualidade do GALP: actuacións desenvolvidas no último mes e os seus resultados, proxectos destacados e axenda para o vindeiro mes.
- Realizarase un boletín específico para dar a coñecer as actividades dos asociados no territorio. Ambos boletíns remitiranse por e-mail mais tamén a través das redes sociais e en particular, a través do WhatsApp.
- Porase un especial coidado na comunicación cos asociados para que esta resulte de interese aos diferentes colectivos reforzando as convocatorias presenciais con llamadas e envío de documentación específica para cada evento.

A poboación en xeral e entidades.

- Mediante a páxina web do grupo disporase a información sobre a estratexia, sobre o GALP e os seus integrantes e sobre as accións que se vaian executando. Incluirá enlaces as webs das entidades do territorio, das entidades financiadoras, das redes nacionais e internacionais de Grupos de Desenvolvemento, etc.
- Producción de actividades vencelladas á posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial da zona costeira

- Produción de xornadas, conferencias, seminarios e outras actividades de divulgación. Serán máis abertas na determinación do público destinatario. Servirán para dar promoción á actividade global do GALP e para abordar cuestións de interese xeral: balance da aplicación da nova Política Pesqueira Común, perspectivas sobre o cambio climático, etc.
- Realización de actividades de dinamización do territorio que poñan en contacto aos distintos axentes do litoral co sector pesqueiro, así como coa figura do GALP como entidade, do programa, da estratexia e do fondo.
- O ámbito temporal de aplicación da EDLP debe dar lugar á innovación e proba de novos mecanismos de comunicación e actividades innovadores de animación que teña encadre dentro da difusión da labor do GALP, do programa e do fondo en xeral vencellado co sector pesqueiro ou outras entidades e axentes identificados polo grupo

12. Comunicación

A finalidade coa que se incorpora na EDLP un Plan de Comunicación é a de constituír un elemento de pulo á materialización dos obxectivos establecidos na Estratexia. Dito plan lógrase a través da difusión da información relevante para o GALP e os seus axentes; e cun contacto directo e fluído coa comunidade costeira, fomentando o seu compromiso e axudando á identificación e animación de proxectos e posibilidades de colaboración.

O Plan de comunicación propónse como unha ferramenta viva, con capacidade para adaptarse e evolucionar, atendendo ás necesidades que poidan emerxer do GALP e dos seus axentes ao longo da vixencia da Estratexia, tendo en conta os elementos críticos da diagnose.

A planificación das accións de comunicación recóllese nas seguintes táboas:

EDLP	
Obxectivo de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Consolidar e promover o protagonismo do GALP, xunto as demais entidades do territorio. • Ampliar o coñecemento do GALP na zona costeira • Difundir os obxectivos da EDLP e os seus elementos de xestión • Mapeo de entidades con capacidade de presentar proxectos ao programa de axudas
Mensaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Axudas Programa FEMPA 2021-2027 • Cohesión socioeconómica do territorio Dar a conocer a cultura e as tradicións mariñeiras. Posta en valor do produto local do mar • Concienciación ambiental. • Divulgación do patrimonio maerial e inmaterial
Grupo obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> • Sector pesqueiro • Concellos • Outros sectores de actividade do territorio • Poboación en xeral • Colectivos prioritarios: muller, mocidade, persoas en risco de exclusión
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xornadas divulgativas • Redes sociais • Seminarios formativos • Roldas de prensa e notas • Cartelería, folletos... • Difusión en medios de comunicación tradicionais • Espazos divulgativos na sede do GALP e outros lugares de interese con información en distintos soportes, sedes dos asociados, especialmente os do sector pesqueiro • Difusión de boas prácticas • Eventos culturais, deportivos, gastronómicos, turísticos ou medioambientas vinculados co desenvolvemento da EDLP • Accións de participación cidadá • Accións específicas con centros escolares ou asociacións sectoriais do territorio

Período	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o período de programación das axudas • Especial atención con accións específicas n datas de convocatorias abertas
Canle	<ul style="list-style-type: none"> • Medios de comunicación tradicionais • Redes sociais • Eventos e reunións informativas • Material promocional • Boletíns de correo • Envío masivo de correos • Reforzos telefónicos

En relación ao programa de axudas:

Seguimento	
Obxectivo de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Difusión do programa de axudas co obxectivo de garantir que o coñecemento das mesmas chega a todos os posibles interesados. • Achegar o sector pesqueiro e marisqueiro á poboación en xeral (mocidade, persoas maiores, diversidade funcional, prescriptores do produto pesqueiro e marisqueiro) • Especial atención a colectivos vencellados á diversificación ou a sectores estratéxicos do territorio
Mensaxe	<p>oportunidades financeiras do FEMPA. Informar dos requisitos para acceder á financiación, criterios e compromisos do acceso á financiación comunitaria. Comunicar aos beneficiarios as súas obrigas en materia de xestión e publicidade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Captación de ideas para o desenvolvemento da mesma • Apoio e asesoramento na formulación de propostas, orientando sobre tendencias e áreas de coñecemento • Estimular o xurdimento de iniciativas,
Grupo obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> • poboación en xeral • Entidades Xestoras do FEMPA
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Eventos culturais, deportivos, gastronómicos, turísticos ou medioambientais vinculados co desenvolvemento da EDLP • Accións de participación cidadá • Accións específicas con centros escolares ou asociacións sectoriais do territorio
Período	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o período de programación das axudas
Canle	<ul style="list-style-type: none"> • Medios de comunicación tradicionais • Redes sociais • Eventos e reunións informativas • Material promocional • Boletíns de correo • Envío masivo de correos • Reforzos telefónicos

Seguimento, avaliación e difusión de resultados	
Obxectivo de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Difusión das axudas concedidas • Difusión dos indicadores de resultados • Difusión de boas prácticas
Mensaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Política orientada a resultados • Indicadores do FEMPA e de execución da EDLP
Grupo obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> • Entidades xestoras do FEMPA • Asociados • poboación en xeral
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Informe anual • Material de difusión • Presentación pública anual de resultados.
Período	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o período de programación das axudas
Canle	<ul style="list-style-type: none"> • Medios de comunicación tradicionais • Redes sociais • Eventos e reunións informativas • Material promocional: Informa anual • Boletíns de correo • Envío masivo de correos • Reforzos telefónicos

13. Seguimento e avaliación

13.1 Plan de seguimento e avaliación continua

Dentro deste apartado se consideran dúas actuacións diferentes: por un lado o procedemento de seguimento e control dos expedientes financiados e por outra banda o O proceso de avaliación da marcha de execución da planificación que recolle a EDLP.

O Seguimento

O GALP elaborará un Plan de control e seguimento de proxectos executados para velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos polos beneficiarios do programa de axudas.

O Plan porase en marcha despois da avaliación intermedia e realizarase anualmente despois desta data seleccionando cada ano unha mostra representativa de proxectos sobre os que se realizará o control da actividade, dos investimentos e do emprego xerado, de ser o caso.

A avaliación da EDLP pode realizarse en diferentes ámbitos : a avaliación interna, no seo do GALP, e a avaliación externa, aberta á cidadanía.

Avaliación interna. Será realizada polos órganos sociais do GALP, tendo en conta as realizacións e os avances na execución financeira da aplicación da EDLP: programa de axudas, incluída a cooperación, xestión (funcionamento e animación).

O equipo técnico será o responsable de realizar o seguimento da EDLP, informando directamente á Xunta Directiva e Asemblea.


De forma anual elaborárase un informe que abordará:

- O nivel de cumprimento dos obxectivos da EDLP.
- A identificación de riscos e debilidades na execución das operacións.
- Os mecanismos de corrección para optimizar a aplicación da estratexia.

Avaliación externa. Nesta dimensión intégranse outras persoas ou entidades para avaliar, dunha maneira máis global, o impacto na aplicación da Estratexia.

Esta avaliación pode integrar a maiores das entidades socias a persoas ou entidades beneficiarias ou non do programa de axudas, ou a calquera outra entidade do territorio que queira participar, de maneira aberta.

O procedemento de avaliación externa consta de tres fases:



1. Avaliación Inicial.

No proceso participativo de elaboración da estratexia, que foi presencial e virtual, realizouse unha avaliación do contexto actual da zona, na que participaron entidades públicas e privadas do territorio representativas do sector pesqueiro e outros sectores. Definíronse as necesidades do territorio, os retos que afrontar e as actuacións a desenvolver para atender estas. Este proceso complementouse cunha análise diagnóstica socioeconómica da zona pesqueira, que atendeu a diferentes factores: a realidade física, social e económica do territorio; ao sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura; e aos recursos patrimoniais e medioambientais.

Esta análise foi a base sobre a que se elaborou o plan de acción da estratexia.

2. Avaliación Intermedia.

O principal obxectivo desta avaliación é o de definir un marco suficientemente amplo que permita posibles reorientacións e cambios na EDLP, para garantir o cumprimento das metas fixadas e atender ao cumprimento dos obxectivos. Deberá abordar os seguintes factores:

- Análise da execución financeira. Ver o grao de execución financeira, a xestión do programa de axudas, a coherencia na distribución dos diferentes gastos.
- Análise de realizacións físicas do programa, observando a tipoloxía de operacións financiadas, a súa utilidade e relevancia para dar cobertura ás necesidades do territorio..
- Análise de procesos, vendo como se está desenvolvendo a dinámica do grupo na xestión do programa de axudas, incluída a cooperación, no seu funcionamento e na animación do anterior.

A avaliación intermedia será desenvolva no ano 2025 – preferiblemente cos resultados da execución desa anualidade - e atenderá aos fitos definidos. Esta avaliación farase empregando a triangulación metodolóxica, definida a través da utilización de técnicas de carácter cualitativo, cuantitativo e participativo.

Para garantir a operatividade e a lexitimidade do proceso vanse combinar órganos formais do propio GALP (Xunta Directiva, Asemblea) con espazos ad hoc (Mesas Sectorais e Foro).

Os órganos de participación e as funcións expóñense na seguinte táboa:

Órgano	Función
Mesas Sectorais	<ul style="list-style-type: none"> • Implicar ao sectores na valoración da execución do programa de axudas. • Abrir un proceso de reflexión e debate sectorial que permita identificar a atención ás necesidades do territorio e as barreiras no desenvolvemento do programa. • Adoptar propostas de mellora sectorial no desenvolvemento do programa de axudas.

Órgano	Función
Xunta Directiva	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar e valorar a información producida polas mesas sectoriais. • Elaborar unha síntese da avaliación para o traballo do Foro.
Foro	<ul style="list-style-type: none"> • Crear un espazo de encontro que implique aos distintos sectores conformados no proceso, dende unha perspectiva sectorial e transversal. • Integrar as distintas perspectivas e axentes nun proceso de reflexión e consenso. • Asentar e favorecer a corresponsabilización da entidades e persoas participantes na posterior implementación do programa de axudas. • Divulgar na zona pesqueira os resultados obtidos no proceso de avaliación do programa de axudas.
Asemblea	<ul style="list-style-type: none"> • Validación final dos resultados obtidos no proceso de avaliación, incluíndo as súas conclusións e medidas correctoras.


3. Avaliación Final.

A avaliación final é unha importante ferramenta para valorar o alcance sobre a aplicación da estratexia no territorio ao longo do período de programación 2021-2027. Esta avaliación realizarase ao final do período que, tendo en consideración a norma de execución N + 2 podería ser a anualidade 2029. Teranse en conta para a súa análise os factores relacionados coa execución do programa, tanto dende o punto de vista económico-financeiro, como social e organizativo, incidindo no impacto xerado no territorio, es especial, en factores como o emprego ou o desenvolvemento económico do sector pesqueiro.

Terase en conta a análise do cumprimento de obxectivos, pero tamén o funcionamento do GALP e da súa política de comunicación e animación da estratexia, co obxectivo de avaliar o peso do mesmo, como axente dinamizador do territorio.

Na avaliación final incorporaranse unha valoración dos diferentes aspectos transversais da estratexia e contemplará o resto de factores de análise (eficacia, eficiencia, relevancia, pertinencia, coherencia, complementariedade, utilidade, etc.).

Ao igual que a avaliación intermedia estará a estrutura de participación seguira o seguinte esquema:



Hai unha serie de criterios que se terán en conta á hora de realizar a avaliación e o seguimento do programa:

1. O proceso e criterios de avaliación deberán de axustarse ás recomendacións ou instrucións ditadas pola Consellería do Mar durante o período de execución do programa de axudas. O GALP facilitará toda a información que se defina pola Consellería do Mar para avaliar o grao de cumprimento da estratexia e a súa análise comparativa con outros territorios.
2. Todo o proceso de avaliación deberá de ter mecanismos de publicidade para garantir unha participación efectiva dos axentes e entidades do territorio e unha maior transparencia. Os documentos finais deberán de ser accesibles ás entidades socias como procedemento de transparencia e de fomento da participación.
3. O proceso de avaliación deberá de ser complementado co uso de instrumentos de comunicación e participación virtual, co obxecto de garantir a maior participación posible.
4. A avaliación poderá ser reorientada en función das directrices emanadas do programa operativo do FEMPA, tamén se adaptará as modificacións da Axenda 2030, e as novas orientacións que poidan xurdir de fondos complementarios.

13.2 Indicadores de avaliación

A periodicidade re revisión dos indicadores será anual, tanto para a aplicación da EDLP, como para as accións de animación e proxectos de cooperación. As fontes empregadas serán, no que respecta á aplicación da EDLP, o rexistro de proxectos e os informes de seguimento.

Táboa 27. Indicadores para o seguimento da aplicación da EDLP.

Indicador	Fito (30%)	Meta
IP1. Gasto público total en proxectos	1.346.277,48 €	4.487.591,60 €
IP2. Inversión total en proxectos	2.607.739,48 €	8.692.464,93 €
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total)	8	25
IP3.1 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Mulleres)	5	15
IP3.2 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Homes)	3	10
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total)	20	66


Indicador	Fito (30%)	Meta
IP4.1. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Mulleres)	11	36
IP4.2. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Homes)	9	30
IP5. Número global de operacións financiadas	23	73
IP5.1. Operacións financiadas Obxectivo 1	11	34
IP5.2. Operacións financiadas Obxectivo 2	4	12
IP5.3. Operacións financiadas Obxectivo 3	2	8
IP5.4. Operacións financiadas Obxectivo 4	3	11
IP5.5. Operacións financiadas Obxectivo 5	1	3
IP5.6. Operacións financiadas Obxectivo 6	2	5
IP6. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación dixital	5	18
IP7. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación ecolóxica	2	8
IP8. Número total de proxectos impulsados por mulleres	2	8
IP9. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas	1	4
IP10. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro	11	35
IP11. Número total de proxectos impulsados por entidades de inclusión social	2	6

Táboa 28. Indicadores para o seguimento das actividades de funcionamento e animación.

Indicador	Fonte	Periodicidade	Fito	Meta
IA1. Número total de actividades/operacións de animación e promoción territorial	Rexistro proxectos	Anual	3	10
IA2. Importe do gasto de animación do programa	Rexistro proxectos	Anual	49.122,71 €	163.742,37 €
IA3. Importe do gasto de funcionamento do programa	Informe auditoría	Anual	285.804,86 €	952.682,86 €
IA4. Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas	Rexistro de proxectos	Anual	2	6
IA5. Número de persoas beneficiarias de accións de animación e promoción territorial	Listado de asistencia	Anual	140	420
IA6. Número de persoas beneficiarias de acción de formación	Informe de actividades	Anual	30	90
IA7. Número de accións formativas/xornadas nas que participa o GALP	Rexistro de accións	Anual	2	6
IA8. Número total de proxectos participados por entidades de inclusión social	Informe de actividades	Anual	1	3

Táboa 29. Indicadores para o seguimento das actividades de cooperación

Indicador	Fonte	Periodicidade	Fito	Meta
IC1. Número total de proxectos de cooperación subvencionados	Directorio de proxectos	Anual	2	5
IC2. Importe gastado en proxectos de cooperación	Directorio de proxectos	Anual	52.504,82 €	175.016,07 €



Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro

